

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e sete de maio de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Consuelo Vispo Seara, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto segundo da orde do día e regresou cando se trataba o punto cuarto.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal vídeo acta:

<http://videoacta.depourense.es>

### **1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 29 DE ABRIL DE 2016.-**

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 29 de abril de 2016, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formula ningunha obxección, declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

**2º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS FORMULADAS CONTRA A MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE EN MATERIA DE ACCESO E PARTICIPACIÓN DO PÚBLICO NAS SESIÓNS DO PLENO E APROBACIÓN DEFINITIVA DA DITA MODIFICACIÓN.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que con respecto a este punto a súa posición xa quedou suficientemente clara en sesións anteriores. Anuncia o seu voto en contra, e manifesta que estaría disposto a votar a favor si se estimasen as alegacións formuladas polo Grupo Socialista. Cre que con esta modificación se entra a regular unha materia que non precisaba regulación, e que tal como estaba regulada anteriormente esta cuestión se garantía o acceso libre de tódolos cidadáns á sesión plenaria. Esta modificación o único que tenta é limitar esa participación cidadá e en todo caso controlala por parte do Grupo Popular, como grupo maioritario, polos motivos de todos coñecidos e que non vai reiterar.

**Don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana** di que a postura do seu grupo tamén quedou suficientemente clara no Pleno no que xa se debateu este asunto e nas correspondentes xuntanzas ou comisións, polo que votarán en contra. Engade que seguramente aceptarían tamén as alegacións do PSOE, non só as que se presentaron no último momento, senón tamén ás que se formularon en comisión. Di que o seu grupo se opón incluso á mera existencia desta regulación, porque considera que trata cuestións que xa están reguladas en normas de ámbito superior.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista**, di que, como sinalaron os portavoces dos outros grupos, hai cousas que están xa suficientemente debatidas, aínda que non por iso deixan de existir os problemas. Anuncia o seu voto en contra, entre outras cousas porque o seu grupo entende que nunca se debeu chegar a este problema. Di que crear problemas onde non existen nas institucións é a demostración de que quen está á fronte desta institución é unha máquina de xerar problemas, e non de xerar solucións, e isto é o que fai o Sr. Presidente, porque ao que se dedica é a crear problemas onde non os había

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

e a non darlle solución aos problemas que si había anteriormente e que seguen sen arranxar, como o que se debaterá despois (en alusión á problemática da estrada a San Vicente de Leira, en Vilamartín, que di que leva sen resolverse vinte e cinco anos). Por tanto, o fondo de problema non é tanto resolver as alegacións que formulou o Grupo Socialista (alegacións que se formularon malia estar en desacordo co Regulamento proposto, por entender que en todo caso tiñan como grupo político que facer o seu traballo, canto máis cando se escoita a algún secuaz do Sr. Presidente dicir que o Grupo Socialista non presenta as súas propostas en tempo e forma cando iso é mentira). Insiste en que se están a crear problemas onde non os había, porque basta con observar as bancadas do público hoxe para entender que non hai ningún problema de acceso a este salón de sesións, e só se producen cando o Sr. Presidente os crea, e os crea porque retira mocións da orde do día, como fixo hoxe, porque lle son molestas. Por tanto, o que se pretende non é facer un regulamento para mellorar o funcionamento desta casa, senón para que aqueles cidadáns que lle son incómodos ao Sr. Presidente non poidan acceder, para que ninguén poida vir aquí a reivindicar o que, ás veces, é xusto. Polo exposto, anuncia o seu voto en contra, sen necesidade de estenderse máis no debate, porque a fin de contas o Grupo Popular ten demostrado nos últimos tempos que o debate lles interesa pouco e o que buscan é que os Plenos pasen maiormente desapercibidos.

**Dona Montserrat Lama Nóvoa, do Grupo Popular,** di en referencia aos grupos do BNG e de Democracia Ourensana que non fixeron ningún tipo de alegación, posto que o BNG formulou propostas baleiras de contido, como ela mesma tivo ocasión de manifestar en comisión, posto que se trataba de cuestións xa contempladas no Plan de Mandato 2015 – 2019, e Democracia Ourensana simplemente non fixo proposta ningunha. Recomendalles que lean o Plan 15 – 19 e logo veñan aquí a debater as cousas, porque será moito máis eficiente. Con respecto ás alegacións do Grupo Socialista, di que vai dar lectura a cada unha das ditas alegacións e explicar por qué non teñen razón. Di que na primeira alegación se afirma que a medida pretende acomodar un dereito fundamental á capacidade do salón de sesións dun día determinado, e replica que non se pretende tal cousa, porque a capacidade do salón é sempre a mesma, sempre ten os mesmos metros cadrados que non cambian dun día para outro, e o único que se pretende é ordenar dun xeito obxectivo o exercicio do dereito que teñen os veciños a asistir ao Pleno. En canto a si se pode dispoñer doutros locais

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016**

para a realización das sesións plenarias, a propia Lei de Administración Local de Galicia só o permite nos casos de forza maior, e pregúntase se é que o Sr. Gómez Pérez pretende que os derradeiros venres de cada mes nos vaíamos todos ao Teatro Principal, por exemplo, a realizar as sesións plenarias. Explica a normativa de acceso aos plenos no Concello de Madrid, aprobada o 27 de outubro de 2015, cando ese concello xa estaba gobernado por un partido que está nas antípodas do PP, e di que nese concello as solicitudes de acceso deben presentarse en Secretaría Xeral, no rexistro electrónico, por correo electrónico ou no Rexistro Xeral, igual que no caso do Regulamento que aquí se propón; di tamén que a tramitación das solicitudes se efectúa en función do aforo do salón de sesións, e seguindo a orde de recepción, e que se esixe a presentación do DNI. Engade que Madrid ten unha poboación de 3.200.000 habitantes, mentres a provincia de Ourense ten unha poboación de 323.000 habitantes, e o aforo do salón de sesións do Concello de Madrid é de 42 prazas, mentres que o da Deputación é de 45 prazas. Con respecto á segunda alegación, di que nela se afirma que a nova regulación supón unha nova barreira no exercicio do dereito a coñecer o contido das resolucións que se adoptan no Pleno da Deputación, e rexeita esta alegación, así como a afirmación implícita de que xa existían barreiras, destacando o altísimo nivel de transparencia da Deputación, lle guste ou non ao Sr. Gómez Pérez, cando as sesións plenarias se retransmiten en directo e ademais as decisións que adopta o Pleno están a disposición dos veciños na páxina web da Deputación, polo que para nada se dificulta o dereito á información como se quere vir a dicir. En canto ás críticas á presentación telemática de solicitudes, di que non teñen razón de ser, porque o Regulamento permite facer as solicitudes no Rexistro Xeral. En canto á esixencia da presentación de solicitudes cando menos vinte e catro horas antes da realización do Pleno, di que non pode considerarse excesiva, e máis cando xa está establecido que os plenos desta institución normalmente se celebran o derradeiro venres de cada mes. En canto á terceira alegación, di que nela se afirma que non se contempla un tratamento específico para as asociacións de veciños, e pregúntase a qué tratamento específico se refire o Sr. Gómez Pérez, porque o Grupo Popular entende que tódolos veciños teñen o mesmo dereito a asistir, pertencen ou non a unha asociación veciñal, polo que establecer un réxime específico para as asociacións iría en contra dos dereitos fundamentais dos veciños da provincia. Con respecto á cuarta alegación, di que nela se afirma que o Regulamento obriga a canalizar as solicitudes de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

acceso a través dos grupos políticos provinciais, en detrimento doutras organizacións ou de veciños que non simpaticen cos partidos representados na institución, e di que para nada é así, porque existen prazas libres para acceso do público, e ademais as prazas reservadas aos grupos que non se cubran se utilizarán para atender as solicitudes existentes, por rigorosa orde de entrada da solicitude. Con respecto á quinta alegación, nela se di que as actas dos plenos non están a recoller as posicións dos diferentes grupos, e ao respecto disto di que esta cuestión non é obxecto de regulación na proposta de modificación do Regulamento, polo que entende que esta alegación nin se ten por que debater neste punto. Con respecto á sexta alegación, expón que nela se pide que a regulación da quenda de intervencións do público se axuste ao establecido no capítulo IV do Título V da Lei de Bases do Réxime Local e no Título VII do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e ao respecto desta alegación di que as normas ás que esta se refire regulan o funcionamento dos concellos, e isto é unha deputación, e o que se está a facer nesta modificación é ampliar o ámbito do dereito de participación cidadá na deputación, indo máis alá do que marca a lei. Polo que respecta á consideración, contida na alegación, de que é abusivo esixir unha antelación de cinco días na formulación de solicitudes para intervir nos plenos e limitar a cinco as intervencións, cre que é máis abusivo aínda o que se establece no Regulamento que acaba de aprobar no Concello de Vigo o seu compañeiro de filas e novo *gurú* socialista, don Abel Caballero, que incluso quere amoestar ao público e facerlle limitacións aos medios de comunicación, pero claro, como seguro que non é da súa familia socialista dirá que non lle interesa o que se faga noutras institucións. Proponlle que lea detidamente a proposta do Grupo Popular, e dille que non ten nin idea, fala sempre por falar, non prepara as cousas, e o problema de non preparar as cousas é que ven aquí e queda en evidencia mentindo reiteradamente.

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG** di que o seu grupo asistiu a tódalas reunións convocadas sobre este asunto e achegaron cunha proposta clara do que entendían que se debía regular, unha proposta que ía máis aló da idea inicial de regular unicamente o acceso ao salón de sesións, e agarda que esas outras cuestións que segundo a deputada do PP están xa previstas no famoso Plan 15 – 19 sexan reguladas e se lles dea solución, no sentido de incrementar a participación dos veciños e a participación nos órganos da Deputación. Fállle moita graza que se utilice o Concello de Madrid como

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

referente para avalar esta modificación, e cre que esa referencia non é inocente e en todo caso a regulación que se fai alí responderá a unha realidade que está seguro que é completamente diferente da realidade dos veciños da provincia de Ourense. Insiste en que no acceso a este plenario había unha regulación que veu funcionando sen problemas ata que houbo un problema concreto un día determinado, no que ao equipo de goberno non lle interesaba que os veciños puidesen acceder libremente ao salón de sesións por un motivo que todos sabemos, e é nese momento cando aparece esta regulación que é extraordinariamente complexa e dificultosa, asignando cotas, e que non vai ser necesaria máis que en ocasións excepcionais, como se ve na sesión de hoxe, na que máis do 60 – 70 % dos asentos están libres e non cre que ninguén tivese que recorrer aos grupos para acceder. Por tanto, esta regulación introduce unha complexidade innecesaria, que só servirá para, en ocasións puntuais nas que ao grupo de goberno lle interese, poder definir – ao reservarse como grupo maioritario a maior parte das prazas – quen accede ou non a este salón de sesións.

**Don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana** di que semella que a señora deputada non asistiu ao anterior pleno ou non leu as actas das distintas xuntanzas que houbo, nas que ela precisamente non estivo, porque cre lembrar que na representación do Grupo Popular o que asistía era o Sr. Pumar Tesouro. Cre que non se pode afirmar que DO non fixera reflexións e alegacións á proposta do PP, entre outras cousas porque deste asunto xa se falou nun Pleno anterior. Di que DO xa dixo que a existencia deste regulamento supuña a creación innecesaria de burocracia, porque o acceso aos recintos públicos en xeral xa está suficientemente regulado por Lei, e que as persoas teñen dereito a asistir cumprindo uns requisitos que son estritamente técnicos de aforo, de seguridade ou salubridade; e, indo a casos concretos, lembra que unha das súas propostas foi que, dado que se poden presentar mocións ata o último momento, incluso unha vez iniciado o pleno, por razóns de urxencia, que os cidadáns interesados nesas mocións puidesen asistir, cousa que non poderán facer con este Regulamento (porque as mocións presentaríanse unha vez concluído o prazo de presentación de solicitudes de asistencia); tamén se falou do carácter disuasorio da solicitude telemática, e en xeral a normativa é disuasoria, cando o asunto do acceso ao pleno é sinxelo, o que queira vi que madrugue e que entre pola porta; di tamén que o seu grupo sostivo que os grupos políticos non deben

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

interferir no libre acceso, e por tanto non deberían ter prazas reservadas para os seus simpatizantes, e non entende que a representación dos partidos poida establecer algún tipo de sesgo estatístico respecto do tipo de persoas que se poden sentar nos asentos do público. O feito de que o seu grupo formulase este tipo de propostas demostra que a portavoz do PP mente, fai iso do que tantas veces ela mesma acusa ao portavoz socialista. Expón unha anécdota que expresa a posición de DO en relación á burocracia, relatando que a principios do século XIX, en Inglaterra, nos acantilados de Dover, creouse un posto de funcionario que consistía nunha caseta cunha campaniña, coa misión de tocala se vía chegar as naves de Napoleón Bonaparte, e ese posto de traballo dese funcionario non se suprimiu ata 1975 ou 1980, e este exemplo pon de manifesto cómo moitas veces non se teñen en conta as consecuencias que produce a longo prazo o establecemento desta clase de regulamentos que non crean máis de complicacións e *papeleo* en cuestións como a do acceso ao pleno, e reitera unha vez máis que está xa suficientemente regulado quen pode acceder e quen non por razóns de seguridade e outras razóns técnicas, como xa expuxo anteriormente. Por todo isto, non tolera que dende o PP lle digan que DO non manifestou ningunha postura nin fixo alegacións neste asunto.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista**, dille á Sra. Lama que sinte tanta empatía por ela que entende o papel que fai, o que lle encarga o Presidente investigado, porque nin sequera é necesario que lle rebata os argumentos porque xa os portavoces dos outros grupos lle sacan as cores, e o feito é que estivo caladiña dende o anterior encargo do Sr. Presidente que cumpriu no Pleno anterior (en referencia ao punto da orde do día do Pleno ordinario do mes de abril, onde se reprobou ao Sr. Gómez Pérez), e polo tanto a súa única función nesta Deputación é cumprir os encargos lamentables que lle fai o Sr. Presidente, e di que non lle diga que non prepara as cousas, porque se as chega a preparar xa non tería nin que debater, e pídelle que non empregue nos debates os *chascarrillos* que lle mandan, porque ao final eses *chascarrillos* non son máis que o que son, e non ten argumentos para rebater nada. Dille ademais que as alegacións do Grupo Socialista non as fixo el só, senón o grupo, porque son un grupo, unha familia, aínda que nunha familia poidan existir diferentes sensibilidades, e ao fío disto, di tamén que non entende a quen ven citar aquí ao alcalde máis votado de España, e en todo caso, e como xa dixo outras veces, non hai por qué citar aquí o que se faga noutras institucións, porque o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

noso problema non é que noutros sitios as cousas se fagan ben, mal ou regular, senón o que se fai nesta Deputación. Di que o debate que se está a dar aquí sobre quen entra ou non ao Pleno non é algo que interese aos cidadáns da provincia, que están a pasar unha mala situación e o seu problema non é acceder ou non a este salón de sesións, problema que só xurde cando ao Sr. Presidente lle vai mal, porque non é outra a razón desta modificación. O verdadeiro problema é que hai aquí un señor que actúa como un *dictadorzuelillo* e que entende que esta casa é súa, e lle molesta que os cidadáns poidan vir aquí a recriminarlle cousas, e esa é a realidade que o Grupo Popular ampara. Di que polo demais os argumentos da Sra. Lama son penosos, porque vin comparar esta Deputación co Concello de Madrid parécelle un *sinsentido*, e cre que no Grupo Popular hai algún deputado que pode ensinarlles algo aos que falan ultimamente, porque se dixo que isto non é un concello, cousa que xa sabemos, pero en palabras do Sr. Vicepresidente 1º, don Rosendo Fernández, a Deputación é o concello dos concellos, e o funcionamento é semellante, co que o comentario da Sra. Lama queda no que queda, nun *chascarrillo* e nunha cousa sen sentido. Di ademais que nos seus argumentos hai constantes contradicións, porque por unha banda se di que non hai problema de espazo, e por outra se afirma que o Grupo Socialista pretende que nos vaíamos ao Centro Cultural o derradeiro venres de cada mes, e pídelle que se aclare, ou hai espazo ou non o hai. O que o Grupo Socialista di é que cando haxa un problema puntual e excepcional de aforo se pode acudir a outros espazos para realizar os plenos, e cre que isto é doado de comprender. A realidade é que se quixo facer un regulamento para evitar problemas incómodos ao Sr. Presidente. Di que espera que esta situación dure pouco, porque é lamentable, e que pronto outra persoa, do PP evidentemente, este ocupando a cadeira presidencial, porque así se volverá á normalidade democrática nesta casa, volverán a debaterse as mocións que se presentan, volverá a deixarse pasar ás persoas que desexen acceder ao salón de sesións, aínda que veñan aquí a recriminarnos, e seguramente o teñan que facer, e iso é a normalidade democrática. Para rematar, di que cando se fala ás veces hai que mirar tamén para atrás, porque si se esquece a historia non hai futuro, e cando se fala dos metros cadrados do salón de sesións entende que son os mesmos metros cadrados dende hai moitos anos, e pregúntase se non eran os mesmos metros cadrados e a mesma capacidade o día da toma de posesión do Sr. Baltar. Di que non



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

se pode vir aquí a facer o traballo sucio sen coñecer os antecedentes dos problemas, e cando se fai así, os argumentos que se verten no debate son moi lamentables.

**Dona Montserrat Lama Nóvoa, do Grupo Popular** di que non quixo dicir que o BNG e DO non traballaran neste asunto, xa que foron os únicos grupos da oposición que si traballaron neste tema, e agradece a súa colaboración, e ao que se estaba a referir era ás alegacións do Grupo Socialista respecto ás que dixeron que votarían a favor. Pero cre que se está a esquecer o máis importante, a orixe desta modificación, e quere lembralo, porque este tema ven dun whatsapp de dona María Quintas, que o Grupo Socialista sabe perfectamente quen é, que dicía así: “Compañeir@s: mañá venres ás 10 horas Pleno na Deputación en Ou. Os que poidan ou as que poidan debemos acudir para pedir dimisión Baltar. Confírmame os que poidan asistir. Estase estudando uns carteis. Estaremos apoiando os compañeiros da provincia, Esgos, Deputación e Parlamento”.

Durante a lectura do texto da referida mensaxe de whatsapp, **dona Montserrat Lama Nóvoa** diríxese ao **Sr. Gómez Pérez** pedíndolle que garde silencio e se comporte.

O **Sr. Gómez Pérez** pide a palabra á Presidencia.

O **Sr. Presidente** denégalle a palabra ao **Sr. Gómez Pérez**, lembrándolle que xa interveu durante oito minutos.

**Dona Montserrat Lama Nóvoa** reanuda o seu discurso, dicindo que a mensaxe de whatsapp remataba así: “Atacad en todos los frentes. María Quintas”. Di que se os grupos da oposición estivesen gobernando nesta institución en recibisen este tipo de mensaxes pensarían tamén en tomar medidas, máis que nada polo que dixo o Sr. Ojea Bouzo sobre que deben cumprirse requisitos de seguridade e aforo, e pregúntase se este whatsapp que rulou por tódalas redes sociais non é un motivo suficiente para tomar medidas por razóns de seguridade e de aforo. Dille ao Sr. Gómez que a verdade é que non necesita defender nada máis neste debate, porque o propio Sr. Gómez se retrata, porque é un maleducado, non respecta a institución, non respecta as quendas de intervención, deixando en evidencia ao PSOE, o que é unha mágoa porque moitos non comparten o que está aquí a facer. Di que non acepta que unha persoa como o Sr. Gómez Pérez lle diga que non ten nivel, e di que non quería entrar nestas cousas, pero de momento ela non ten unha páxina nun periódico (un periódico ao que o Sr. Gómez Pérez cualificou como “panfleto”, a unha empresa privada que tamén é de Ourense é a que tamén insulta o compañeiro de Democracia

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

Ourensana) na que un compañeiro do Sr. Gómez no Concello de Ribadavia considera que “Ignacio Gómez é incapaz de xestionar o concello, preocupado por outras cuestións”. Di que o Sr. Gómez non está preocupado nin polo concello nin pola deputación, e pregúntase por qué está preocupado, e por qué cobra. Sigue citando as declaracións do concelleiro de Ribadavia don Brais Fidalgo, que en relación co PXOM o PP e o BNG fixeron propostas conxuntas e que o alcalde, o Sr. Gómez, amosou un “total desprezo” por estas propostas e polos afectados, criticando a súa incapacidade de xestión e para desenvolver as potencialidades do concello de Ribadavia, que entende son moitas. Continúa citando extractos das declaracións do devandito Sr. Fidalgo, como que “non coida o patrimonio, non limpa os espazos públicos, non atende ao declive poboacional e a súa relación con outras administracións é nula”, e engade que isto está máis que demostrado. Continúa a Sra. Lama dicindo que tras esta entrevista que lle fixeron a Brais Fidalgo, a Agrupación dos Socialistas do Ribeiro chamou mentirán a Brais Fidalgo, insultando ao fillo dun asesor do Grupo Socialista da Deputación, o que demostra que o Sr. Gómez non ten límite, porque se dedica a insultar a todo o mundo nas redes sociais. Pídelle ao Sr. Gómez (que neste intre replica dende o seu escano ao que está dicindo a Sra. Lama, preguntándolle que é o que está a dicir) que respecte a súa quenda de intervención, engadindo que non sabe estar nunha institución e que os seus compañeiros de grupo teñen que estar avergoñados pola súa conduta. Di que no día de onte o Sr. Gómez concedeu unha entrevista na cadea SER onde lle preguntaron sobre a débeda que o Concello de Ribadavia ten coa Deputación Provincial, e respondeu que lle parecía lamentable o uso que se estaba a facer dende a Deputación desa institución contra unha institución democraticamente elixida como o Concello de Ribadavia, e pregúntalle se isto non lle soa de nada, cando no anterior Pleno ordinario da Deputación criticouna a ela e ao Concello de Xinzo de Limia, e dille que descargou un titorial moi básico no que se distingue entre congruencia e incongruencia e llo vai dar para que o lea. Dille tamén que seguro que lle soa a frase “sumar é o que necesita o partido, sumar e xente nova”, e pídelle que a aplique e deixe paso facéndolle un favor ao PSOE e á xente nova coma ela que, independentemente das siglas ás que representa, está aquí para cambiar as cousas e cambiar a políticos como o Sr. Gómez, porque esta política non se pode permitir no ano 2016 e moito menos que veña o Sr. Gómez aquí a insultala e a dicirlle que non é unha persoa válida. Di que pode comprender que o Sr. Gómez veña aquí a facer

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

un papel, a tentar desmontar a diario o traballo que fai o PP na Deputación, que non lle gusta porque o fan ben, e por iso ven aquí a mentir, e mentir e mentir, e o único que consegue cada vez que abre a boca é desacreditarse.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, pide á Presidencia unha quenda de intervención por alusións.

O **Sr. Presidente** denega o uso da palabra solicitado polo **Sr. Gómez**.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto segundo](#)

Non se producen máis intervencións co voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos/das deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Desestimar integramente as alegacións formuladas polo Grupo Socialista fronte o acordo de aprobación inicial da modificación do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Ourense en materia de acceso e participación do público nas sesións do Pleno, do 31 de marzo de 2016.

2º.- Aprobar definitivamente a modificación do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Ourense en materia de acceso e participación do público nas sesións do Pleno, conforme co texto inicialmente aprobado o 31 de marzo de 2016.

3º.- Publicar o texto íntegro consolidado do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, resultante da dita modificación, no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para a súa entrada en vigor.

**3º.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIA FORMULADA POLO CONCELLO DE PARADA DE SIL PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO CAMIÑO RURAL HEDRADA-OU 0604”, NO CONCELLO DE PARADA DE SIL.**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que o que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

acaba de suceder no punto anterior é inaceptable.

O **Sr. Presidente** pregúntalle se vai falar sobre o asunto que figura neste punto da orde do día.

**Don José Ignacio Gómez Pérez** di que vai falar do que ten que falar, igual que fixo a Sra. Lama no punto anterior, e pregúntalle ao Sr. Presidente se é que lle vai retirar o uso da palabra.

O **Sr. Presidente** di que por suposto que lle retirará o uso da palabra se non fala do asunto ao que se refire ao orde do día.

**Don José Ignacio Gómez Pérez** di que vai falar sobre a delegación de competencias.

O **Sr. Presidente** dille que entón fale da delegación de competencias.

**Don José Ignacio Gómez Pérez** engade que ademais falará do que lle a gana, e que o Sr. Presidente non llo pode prohibir.

O **Sr. Presidente** retíralle a palabra.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto terceiro](#)

Non se producen máis intervencións, e co voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Popular (14) e a abstención dos/das deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a delegación de competencia formulada polo concello de Parada de Sil para a tramitación do expediente expropiatorio para a execución da obra “acondicionamento camiño rural Hedrada - OU 0604”.

2º.- Comunicarlle ao Concello de Parada de Sil este acordo e a obriga, como beneficiario da expropiación, de aboar o importe correspondente ao prezo xusto dos bens afectados pola expropiación, así como dos anuncios preceptivos por lei.

Tra- la votación do asunto, **o portavoz do Grupo Socialista** protesta porque o Sr. Presidente computou a súa abstención cando os deputados do seu grupo non levantaron a man.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

O Sr. **Presidente** di que o asunto en todo caso está aprobado cos votos do Grupo Popular, e que el someteu o asunto a votación e viu mans levantadas, pero que o Sr. Gómez Pérez non se fixa e non ten a visión de conxunto.

**4º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR A PROL DA MELLORA DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE PÚBLICO ENTRE AS VILAS DA PROVINCIA E A CAPITAL DE OURENSE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Álvarez Dobaño para que defenda o contido da moción, que foi ditaminada favorablemente na comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, expón o contido da seguinte moción:

*“A chegada da Alta Velocidade a Ourense, prevista para 2018, vai supoñer un cambio histórico na conexión co resto de España e na mobilidade dos habitantes da provincia. Un novo contexto no ámbito das comunicacións terrestres que debe ser aproveitado para deseñar un modelo de transporte público acorde aos tempos actuais e ás novas necesidades de desprazamento da sociedade. A Deputación provincial de Ourense, dentro do Plan de Mandato 15-19, establece entre as súas prioridades a posta en marcha dun servizo de transporte a demanda, así como dunha rede provincial de transporte público e un metro de superficie, iniciativas que teñen como obxectivo conseguir unha comunicación máis eficaz e áxil entre as vilas máis poboadas da provincia e a capital. Neste marco, os alcaldes e portavoces de todos os grupos políticos representados no Concello do Carballiño trasladaron ao presidente da Deputación de Ourense, D. Manuel Baltar, as necesidades que este municipio ten en materia de transporte público e que pasan polo axuste dos servizos tanto ferroviarios como por estrada. O grupo provincial do Partido Popular, consciente da relevancia deste asunto, entende que esta vía de traballo non só debe continuar senón tamén ampliarse a outras vilas da provincia que precisan dunha actualización do transporte de viaxeiros, estudando os cambios necesarios para mellorar a frecuencia de servizos tanto por ferrocarril como por autocar. En virtude do exposto, propoñemos que o Pleno da Deputación adopte o seguinte acordo:*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

*“Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a mellorar con carácter inmediato os servizos de transporte público entre O Carballiño e a cidade de Ourense, revisando tamén a situación das outras vilas máis poboadas da provincia.”*

O Sr. Álvarez Dobaño comenta brevemente o contido da moción, rematando a súa intervención.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que lamenta o que acaba de acontecer no debate do punto anterior, e que chama a atención que unha deputada chame a atención (valga a redundancia) a outro deputado, porque só lle faltou amoestalo e botalo fóra do salón de sesións, algo que lle parece intolerable, porque en todo caso ese é un papel que debería desempeñar o Sr. Presidente. Di que vai tentar centrarse, porque semella que estabamos a debater a reprobación do portavoz socialista do Pleno anterior. Con respecto á moción, lembra que no Pleno de xaneiro de 2013 o Grupo do BNG presentara unha emenda de adición a unha moción do Grupo Popular que dicía, textualmente, na parte dispositiva, o seguinte: “instar á Xunta de Galicia a que demande do Estado a efectivización do acordo unánime do Parlamento galego de 1995 que demandaba un plan de investimentos e defendía a modernización da rede interior de Galicia e o aumento das frecuencias e calidades do servizo”. Di que é a enésima vez, e imaxina que non será a derradeira, que se aborda unha iniciativa sobre o desmantelamento dos servizos públicos, e particularmente do sistema ferroviario no noso país, cuxa incidencia na provincia de Ourense é enorme. Non é menos certo que en todos e cada un dos debates suscitados sobre o particular houbo acordo no básico entre os grupos, en reclamar unhas infraestruturas ferroviarias e acordos cos tempos nos que andamos. Pero é unha realidade clara e evidente: ou os representantes do PP en Ourense e Galicia non falan cos seus representantes en Madrid, ou son un cero á esquerda no seu partido, e non os teñen en conta á hora de tomar decisións. Di que non foi porque o BNG non avisaron, porque xa alertaron no seu día acerca de cal era a intención do PP coa aprobación do Plan de Racionalización do Ferrocarril, que non era outra que o desmantelamento e privatización dos servizos ferroviarios, e non porque dende o BNG fosen uns visionarios, senón porque este plan tiña entre os seus obxectivos liberalizar o servizo ferroviario de viaxeiros a 31 de xullo de 2013, mesmo adiantándose ás esixencias da Unión Europea, eliminar as liñas que non fosen

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

rendibles economicamente e deixar ao criterio do Goberno a decisión de qué liñas teñen a consideración de servizo público. Continúa dicindo que este plan aséntase sobre unha premisa que incumpre flagrantemente, como queda patente na moción que o PP trae a debate: asegurar a mobilidade dos cidadáns a través dunha oferta intermodal que combine servizos ferroviarios con servizos de transporte regular por estrada, e, con relación a estes servizos intermodais, pregúntase: ¿u-los?. Di que o Goberno do PP, co achaque da crise económica, entra a saco eliminando un medio de transporte que ademais que vertebrar o país permite que miles de persoas nos territorios afectados poidan facer as máis variadas cousas, xa que na maior parte dos casos é o único medio para desprazarse á capital, para facer diferentes xestións, e por iso, o PP non se pode poñer do lado de fóra, porque é responsabilidade súa e do seu partido que Ourense adoeza da falla dunhas infraestruturas que si hai noutros territorios, polo que a boa fe desta iniciativa, orixinalmente subscrita por tódolos grupos no Concello de O Carballiño, vese claramente empañada pola intención do PP de trasladar a súa responsabilidade a terceiros como si con eles non fose esta película. Di tamén que aquí non se trae literalmente o acordo que se adoptou no Carballiño, que cren que é o que se debería facer. Pide que a moción quede sobre a mesa e se chegue a un acordo para que sexa unha moción conxunta, como así foi orixinalmente no Concello de O Carballiño, e senón, en todo caso, en debido ao oportunismo desta moción, votarán en contra.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz de Democracia Ourensana,** di que é coñecida a posición de DO en todo o que ten que ver con instar, facer rogativas ao santo padrón e danzas da chuvia ou cousas equivalentes. Di que hai unha cousa que lle chama a atención, porque entendería que un partido como DO, que non ten representación nin na Xunta nin no Goberno central, recorre a esta práctica de instar ou pedir cuestións como esta, pero non entende que un partido como o PP, que ten representación nas Cortes Xerais e no Parlamento de Galicia e na Xunta de Galicia, teña que instar á Xunta e ao Estado español dende a Deputación, e pregúntase entón que fan os seus deputados en Santiago e Madrid, porque serían eles os que terían que realizar esa función. Anuncia a abstención do seu grupo.

**Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista** di que cando as forzas políticas do Concello do Carballiño adoptaron o acordo no que se basea esta

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016**

moción, acordaron ir da man, deixar de lado disputas políticas e facer forza entre todos, e de feito viñeron falar co presidente desta institución, e da lectura ao que sae nos medios de comunicación respecto do contido desa reunión: “en palabras do Presidente, na reunión falamos das liñas de autobuses, da frecuencia do transporte ferroviario, e evidentemente o goberno provincial vai apoiar esta plataforma”, na que ademais de colectivos veciñais están representados tódolos partidos políticos desa Corporación. Tamén se di que Manuel Baltar afirmou que “é consciente de que outras das vilas máis poboadas desta provincia atópanse nesta mesma situación de necesidade dunha mellora do transporte”, e que, neste sentido, o Sr. Presidente dixo que ía instar a ADIF e á Consellería para que recibisen canto antes a esta plataforma política, integrada polos voceiros de tódalas forzas políticas da Corporación, co fin de poñer sobre a mesa todas as posibilidades de solución do problema, que pasan por mellorar as frecuencias de autobuses e trens. Di que para acadar ese acordo unánime no Concello de O Carballiño, o Grupo Socialista obviou a cuestión de quen era responsable desa situación, obviando tamén que no mandato anterior nesta Deputación o deputado pola comarca do PP, o Sr. Marnotes, votou en contra dunha moción pola mellora do transporte no Carballiño, e pregúntase para qué se vai á ruptura de acordos de consenso entre distintas forzas políticas, se é para ter unhas páxinas nun xornal dicindo que eu vou por diante, eu son o campión, ou para que o PP se amose como adañl do que non é, da defensa dun transporte público cara ao que non levan amosado a máis mínima sensibilidade e preocupación malia as súas responsabilidades de goberno, como xa comentou o portavoz do Grupo do BNG. A resultas disto o que se conseguiu foi a ruptura dun consenso no Concello de O Carballiño, porque hoxe á mañá acaba de chegarlle unha moción presentada no Concello de O Carballiño, non xa por catro forzas políticas, senón por tres, co cal que rompe o consenso que se acadara. Di que se isto fose unha proposta conxunta de tódolos grupos aquí representado, como se fixo nese concello, o Grupo Socialista non tería ningún problema en votar a favor, incluso tamén se fose unha proposta da Presidencia recollendo o contido desa reunión que houbo cos representantes da plataforma. Por todo isto, pide que este asunto quede sobre a mesa, que se busque unha proposta conxunta e que se recuperen os consensos e acordos acadados no Concello de O Carballiño, algo que cre que a cidadanía agradecerá.



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** pídelle ao Sr. Rodríguez Suárez que se deixe de alarmismos, porque sempre é o mesmo. E as mocións non teñen por qué ser conxuntas: as mocións preséntanse e pódense apoiar, emendar, incluso emendas de substitución, e esta moción se lles parece ben tamén a poden apoiar, independentemente de que sexa conxunta ou non. Dirixíndose ao Sr. Ojea Bouzo, di que si se insta ao Goberno é como resultado dunha xuntanza que tivo o Sr. Presidente cos voceiros do Concello de O Carballiño, e ademais resultado tamén do Plan Ourense 15 – 19 co que o PP se presentou ás eleccións, e di que tamén se formulan solicitudes de subvencións e programas de cooperación, e seguindo o razoamento do Sr. Ojea isto sobraría porque chegaría cos representantes políticos nos parlamentos, os que os temos, pero non é así. Dirixíndose ao Sr. Fraga Civeira, dille que para nada se rompe ningún acordo, e o que se fai e apoiar a moción aprobada en O Carballiño e as reivindicacións da plataforma constituída sobre a este asunto. Di que en febreiro de este ano o Grupo Municipal do PP en O Carballiño presentou unha moción sobre este tema, e non se lle recoñeceu a urxencia, votando en contra tódolos demais grupos. Posteriormente, no pleno do 7 de abril pasado, o Grupo Socialista presenta a mesma moción, e neste caso resulta aprobada por unanimidade, e acórdase, un, “que o Concello de Carballiño inste ao Goberno central, a RENFE e a ADIF a manter o tren – hotel que une Carballiño con Madrid”, e dous, “instar a estes mesmos entes a que se garanta e incluso se aumente o número de vilas que unen a nosa vila coa cidade de Ourense”, tres, “que se recuperen os tres que foron eliminados e que nos conectaban con Santiago de Compostela”, e catro, “dar traslado do presente acordo á Deputación e á Xunta de Galicia, para que apoiem unha demanda de tanta importancia para o noso pobo”. Polo tanto, a presentación desta moción non é un capricho, ningunha ruptura nin nada que se lle pareza, senón que responde ao que o Concello solicitou. Cincuenta días despois de adoptado parece ser que este acordo aínda non chegou nin ao Goberno de España, nin a RENFE, nin a ADIF, nin á Xunta nin tampouco a esta Deputación, e polo visto a urxencia para o goberno municipal do Carballiño e para os grupos que o apoian non semella ser tanta. Polo tanto, o que o grupo de goberno na Deputación, e en particular o seu Presidente, fixo foi escoitar a tódolos voceiros do concello de Carballiño, e actuou de inmediato, facendo as xestións pertinentes ante os organismos citados, e presentando aquí neste Pleno esta moción, porque é o que nos pediu o Concello de O Carballiño, pensando

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

na problemática desa comarca pero tamén no resto de das vilas da provincia e dos concellos da súa contorna como xa explicou na exposición de motivos da moción, e como consta no Plan Ourense 15 – 19. O que o Grupo Popular pretende é unha rede de transporte público de calidade en O Carballiño, pero tamén nas comarcas máis poboadas da provincia, que son todas, porque esa é a súa visión de provincia.

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que, como acaba de expresar o portavoz socialista, a moción, tal como está formulada, cre que a poderían compartir todos, e de tódolos xeitos cre que un tipo de mocións son as que cada grupo político pode presentar e outro son as que pretenden trasladar unha demanda doutra institución, como é o Concello de O Carballiño, onde xa había un acordo previo, e entende que nesta situación o ideal sería adoptar a mesma filosofía e adoptar o mesmo acordo cunha moción conxunta, porque tal e como reflicten os xornais nestes días, os portavoces do resto de grupos políticos en O Carballiño consideran que o PP, e concretamente o seu portavoz Argimiro Marnotes, rompeu co acordo de tomar as decisións xuntos para sacar adiante unha reivindicación tan importante para a comarca, desmarcándose do sentimento da cidadanía de xuntarse todos para reclamar un mellor servizo de transporte público, buscando o rédito electoral. Polo exposto, ao estar en contra deste tipo de actuacións que dan lugar a disensións, rachando consensos acadados a nivel institucional, e ao non aceptarse a súa proposta de que o asunto quedase sobre a mesa para tratar de formular unha moción conxunta, votará en contra, como xa anunciou na súa primeira intervención.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana** reitera a súa abstención, e expresa a súa confianza en que nas vindeiras eleccións municipais o seu partido terá representación tamén no Carballiño, para poder tratar este tipo de asuntos doutro xeito.

**Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**, di que si que se rompe o acordo, e vai dar lectura a unha moción presentada por tres grupos políticos de O Carballiño, todos menos o PP, que lle chegou esta mañá, e no que din o seguinte: “Solicitamos que esta administración apoie e forma clara e decidida a plataforma polo transporte público de O Carballiño, que se inste ao Goberno central, a RENFE e ADIF, a unha revisión completa das liñas de comunicación por estrada e tren que circulan polo Carballiño e que se inste a estes mesmos entes a que se garantan e incluso se aumenten o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

número de liñas que unen á nosa vila coa cidade de Ourense, prestando especial atención á coincidencia dos horarios coas saídas dos trens Alvia, e que se recuperen os trens que foron eliminados que nos conectaban con Santiago de Compostela, e que a Xunta esixa á empresa concesionaria a mellora substancial da oferta de transporte público por estrada con Ourense e Santiago de Compostela”. Di que claro que se rompe o acordo, porque en O Carballiño pasouse dunha proposta conxunta a unha proposta na que non está o PP, debido a unha conduta de puro oportunismo político, co que se produce a rotura do consenso. Di que su o Concello de O Carballiño trasladou a esta institución o seu acordo, o faría ao Sr. Presidente, non a un grupo político illado, e como dixo antes, o seu grupo tería votado a favor se a moción viñese a proposta do Presidente, facéndose eco do que lle traslada o goberno doutra administración. Pero non se presenta así, senón que a presenta un grupo político, e polo exposto, por ese oportunismo político, votarán en contra. Non obstante, reitera a súa petición de que o asunto quede sobre a mesa para tratar de recuperar o consenso.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** segue a dicir que non se rompeu nada, e de feito a moción que o Sr. Fraga Civeira acaba de ler é a mesma que esta pero máis detallada. Repite que esta moción é consecuencia do Plan Ourense 15 – 19 e da reunión que recentemente tivo o Sr. Presidente cos portavoces de tódolos grupos con representación no Concello de O Carballiño, e na que se comprometeu a apoiar as súas reivindicacións e incluso a acompañar aos representantes municipais ás reunións con as entidades implicadas. En canto a que o Grupo Socialista votaría a favor se a moción estivese asinada polo Presidente e non polo portavoz do Grupo Popular, di que el, como portavoz, asinou a moción en representación de todo o seu grupo, do que o Sr. Presidente forma parte. Cre que eses formalismos non levan a ningures, e o que importa é o fondo, e este é o apoio a esas reivindicacións, non só na comarca de Carballiño senón en tódalas comarcas da provincia. Dille ao Sr. Rodríguez Suárez que se contradí, porque di que apoia a moción pero non a apoia, e pregúntase quen está caendo no oportunismo político, se o BNG por non apoiar a moción ou o PP por apoiala, engadindo que o que se apoia é a moción, non ao PP, e se a moción é boa, debe apoiarse con independencia de quen a presente.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto cuarto](#)

Non se producen máis intervencións, e co voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Popular (14), o voto en contra dos/das deputados/as do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta seguinte acordo:

- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a mellorar con carácter inmediato os servizos de transporte público entre O Carballiño e a cidade de Ourense, revisando tamén a situación das outras vilas máis poboadas da provincia.

**5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE PROTECCIÓN DA ACTIVIDADE APÍCOLA AUTÓCTONA NA PROVINCIA DE OURENSE.**

O Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. Lama Fernández para que defenda o contido da moción, que foi ditaminada favorablemente na comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista**, di que lamenta profundamente as escenas que se levan vivido neste salón de sesións nos últimos plenarios, e concretamente nesta sesión, sinalando que as cuestións persoais nos afastan dos temas centrais do debate, e quere que quede claro que o Sr. Gómez Pérez é o portavoz do Grupo Socialista, que o elixiu e o segue a apoiar. Critica ademais que se realicen ataques persoais husmeando na intimidade das redes sociais, que son o que son, espazos onde un di o que lle peta nun momento determinado, algo que debería quedar á marxe da política. Seguidamente, da lectura á moción, co seguinte texto:

*“As abellas son imprescindibles para a humanidade. Grande parte dos produtos da nosa alimentación dependen do labor dos polinizadores, especialmente das abellas. O sector apícola forma parte integrante da agricultura europea. Proporciona ingresos primarios ou complementarios a máis de 600.000 cidadáns da UE. Presta uns servizos vitais á agricultura a través da polinización e contribúe ao mantemento da biodiversidade. A apicultura tamén presta un servizo importante aos ecosistemas a través da polinización, que contribúe a mellora da biodiversidade ao manter a diversidade xenética das plantas e*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

*o equilibrio ecolóxico. Por ende, a apicultura forma parte do patrimonio agrícola europeo e das tradicións nacionais. A provincia de Ourense contou dende sempre con unha importante actividade apícola, e os seus produtos estaban ligados a unha economía de troco. A partir dos anos 80, a actividade apícola comeza un fondo proceso de transformación. As antigas explotacións de cortizos deron paso o avance de colmeas mobilizábeis. A aparición de novas doenzas, especialmente a varroa, fixo desaparecer moitas colmeas e, sobre todo, un rico patrimonio cultural a elas asociado: alvarizas, cereiros, etcétera. Na actualidade atopámonos cun sector modernizado, con bastante formación e distribuído por toda a provincia. A rica e diversa floración de interese apícola fan da provincia un enclave apropiado para a practica desta actividade, a desenvolver polas poboacións locais. O mel é un produto cada vez máis demandado e a súa comercialización atravesa un bo momento contribuíndo, ben de forma complementario ou ben como actividade única, á renda de moitas familias do rural, rexistrándose nos últimos anos un grande número de incorporacións á actividade de xente moza a través dos programas que, para tal fin, establece a Consellería do Medio rural con fondos da Unión Europea. Ourense ocupa na actualidade o segundo lugar a nivel galego en número de apicultores e á fronte en número de colmeas. No ano 1998, dedicábanse a esta actividade un total de 806 apicultores dos 4731 a nivel galego, mantendo un número de 21.190 colmeas fronte ás 94.800 de toda a comunidade. Pero como toda actividade ligada á terra e ao medio, os recursos melíferos non son inesgotables, dándose, nalgúñas comarcas, unha excesiva carga de colmeas por superficie. Neste sentido existe normativa que regula distancias que deben gardar apicultores transhumantes a asentamentos estantes, de apicultores locais. Esta distancia quedou fixada en dous quilómetros. Grazas a isto evitouse saturar os nosos montes con colmeas procedentes doutras partes do Estado. Sen embargo, estanse a dar casos, dentro do ámbito galego, e, especialmente, na provincia de Ourense onde estas distancias non son respectadas por apicultores transhumantes. Para vulnerar a normativa, rexístranse asentamentos como estantes (aqueles nos que as colmeas están todo o ano) evitando gardar a distancia obrigatoria de dous quilómetros. Por parte da Consellería, non se controlan estes movementos. Consideramos que, no rural, deben existir iniciativas que, sendo economicamente viables, permitan o asentamento da maior cantidade posible de poboación. Por todo o exposto anteriormente, o Grupo*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

*Provincial desta Deputación somete a debate e aprobación a seguinte, proposta de acordo:*

*1. Solicitar da Consellería do Medio Rural que poña todo o rigor preciso nos controis e rexistro dos asentamentos, evitando deste xeito a picaresca e as mermas, que moitos apicultores están a padecer.*

*2. Solicitar á Consellería do Medio Rural para que regule distancias entre asentamentos estantes que non deberían ser inferiores a 1 quilómetro de radio, excluindo os apiarios de autoconsumo (de menos de 15 colmeas).*

*3. Instar á Consellería do Medio Rural a que lexisle para que, a nivel municipal, se favoreza a apicultura entre os veciños con prioridade, só no caso de non haber interese na actividade, por parte das persoas do lugar, se poderían introducir, apicultores foráneos dun xeito controlado e racional e cumprindo coa lexislación vixente”.*

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que coinciden co Grupo Socialista en que a importancia da apicultura é enorme, e non só dende o punto de vista medioambiental, apuntando que a FAO di que existen cen especies de cultivos que proporcionan o 90 % dos alimentos de todo o mundo, e setenta e un deles polinizanse coas abellas, e dende o punto de vista económico o Estado español é un dos produtores de maior relevancia, con máis de 2,4 millóns de colmeas. Coinciden tamén en que as ameazas sobre as abellas son múltiples (contaminación, pesticidas, especies invasoras...) advertindo que a desaparición das abellas provocaría unha crise alimentaria. De aí o papel relevante que xogan as institucións neste eido, e reivindica aquí a labor do Concello de Allariz, que celebrou o pasado 20 de maio o Día Mundial da Abella cunha xornada de exaltación do mel e accións de divulgación sobre a importancia das abellas e dos polinizadores; en cambio, hai institucións que xoga un papel negativo, como é o caso desta Deputación, polo uso de herbicidas nas estradas, algo que vai contra a máis elemental lóxica e sentido común e en sentido contrario ás recomendacións da Comisión de Medio Ambiente do Parlamento Europeo, e contra o que xa se manifestou o BNG, cunha postura radicalmente en contra. Di que Ourense ten as mellores condicións de Galicia, segundo os expertos, para a apicultura (flora variada, grandes montes, vales e montañas a pouca distancia, non demasiada agricultura extensiva...) o que permite que ter colmeas sexa un negocio rendible para o que, ademais, non é preciso facer un gran investimento, e por iso cada son máis os mozos e

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

mozas que fixeron da apicultura o seu medio de vida, duplicándose nos últimos anos o número de colmeas, de xeito que hoxe hai máis de 42.000, sobre as máis de 109.000 que hai en Galicia, xestionadas por preto de novecentos apicultores e nas que a práctica máis habitual é a de colmeas estantes, aquelas que permanecen no mesmo sitio durante todo o ano. Di que o Decreto 339/2009, de 11 de xuño, sobre ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións apícolas do noso país establece unha serie de condicións para os asentamentos apícolas das explotacións de autoconsumo e condicións adicionais para a transhumancia, establecendo unha distancia mínima de dous quilómetros para os asentamentos transhumantes de máis de vinte e seis colmeas, con respecto a calquera asentamento apícola, estante ou transhumante, rexistrado oficialmente en Galicia no Rexistro Galego de Explotacións Apícolas, e ademais se prohíbe o seu fraccionamento en unidades inferiores a vinte e seis colmeas. Doutra banda, os titulares dos asentamentos transhumantes deben comunicar á oficina agraria comarcal correspondente os datos do asentamento. De aí que coincidan cos autores da moción en que non se pode permitir aquilo de “feita a lei, feita a trampa”, polo que, para evitar a picaresca, as administracións deberían extremar os controis para comprobar que as colmeas estean alí onde si di que van estar. Polo exposto, anuncia o seu voto a favor da moción.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO,** di que dende logo non se pode estar en contra da moción, en termos xerais, e xa sabemos que as abellas son o elemento mediante o cal se fertilizan as plantas, co que se desaparecen as abellas desaparecería a vida, e que o mel é un prodixio da natureza, sendo o único composto orgánico que non podrece co tempo. Pero tamén teñen claro cales son as competencias de cada institución, e estamos na Deputación Provincial e unha cousa que si podería facer a deputación para protexer ás abellas é non empregar herbicida para limpar amplísimas superficies, como se fai nas estradas, porque se bota herbicida nunha marxe tres metros a cada lado das estradas, o que multiplicado pola lonxitude de tódalas estradas provinciais da un montón de hectáreas nas que se vai botar glifosato, co que, como lle dixo un paisano co que falou, coñecedor do asunto, “con isto dos pesticidas, abellas non queda unha”, porque as abellas non saben ler, aínda que teñan visión ultravioleta, e por máis que se poñan carteis avisando de que hai glifosato, irán ás flores nas que se botou o pesticida, e acaban morrendo todas. Por tanto, a Deputación ten algo concreto que facer neste eido, que é

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

deixar de empregar o glifosato e pasar a limpar as estradas mediante roza mecánica, porque ademais o glifosato tamén afecta a outras cuestións, como por exemplo a contaminación de acuíferos. Con respecto á Xunta de Galicia, a moción, grosso *modo*, o que pide é que se faga cumprir a lei, e só faltaría que non fose así, porque a lei non basta con facela, a lei hai que facela cumprir, e as institucións teñen que ter os mecanismos de control para que isto sexa efectivo, e os partidos con representación na Comunidade Autónoma e no Estado son os que teñen que moverse para esixir que isto sexa así. O seu grupo vaise abster porque dan por suposto que os organismos con competencia na materia teñen que cumprir a normativa vixente, e consideran redundante unha moción con ese contido, esixir que se cumpra a lei.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, anuncia o voto a favor do seu grupo, e dille ao Sr. Rodríguez Suárez que xa ve que non é necesario presentar unha moción conxunta para que o Grupo Popular, aí ten un vivo exemplo e terá máis. Dille á Sra. Lama Fernández que a normativa é a normativa, e hai que cumprila, e semella que a portavoz socialista a pon en dúbida tanto na súa exposición de motivos como nas propostas de acordo. En canto ao control e rexistro de explotacións apícolas, di que tanto para as estantes como para as transhumantes, as persoas titulares deben solicitar a inscrición no Rexistro Galego de Explotacións conforme ao establecido no Decreto 339/2009, sobre ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións apícolas de Galicia; ademais se deben comunicar todos os cambios respecto dos datos do rexistro, e formular a declaración anual de censos; e a maiores, no caso de colmeas transhumantes é necesario comunicar o programa de traslados e mesmo comunicar á oficina comarcal de destino a chegada e localización das colmeas; e os servizos oficiais fan as comprobacións oportunas sobre o cumprimento da normativa, e no caso das colmeas transhumantes, cando se detectan incumprimentos na comunicación dos traslados, nas distancias mínimas ou nas comunicacións obrigatorias se procede á incoación do correspondente expediente sancionador. En todo caso, non é posible realizar inspeccións sistemáticas na totalidade das colmeas, e moito menos facelo varias veces ao ano. En canto ás distancias entre asentamentos, a normativa nacional de ordenación apícola, o Real Decreto 2009/2002, polo que se establecen as normas de ordenación das explotacións apícolas, establece distancias entre os asentamentos apícolas e os establecementos colectivos de carácter público, centros urbanos, núcleos de poboación, vivendas rurais e instalacións pecuarias, estradas, camiños,



**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016**

pistas forestais ... pero non regula a distancia entre asentamentos apícolas, e a única precisión ao respecto nesta norma dispón que para o establecemento desas distancias non se considerarán os asentamentos de menos de vinte e seis colmeas, cando a Sra. Lama fala dos de quince colmeas na súa moción, e lémbrale que non estamos nunha cámara lexislativa. A normativa autonómica non establece distancias mínimas entre asentamento estantes, principalmente por dous motivos, primeiro, porque mesmo dentro da Comunidade Autónoma existen dos modelos de explotación apícola, segundo as zonas, algunhas das cales poderían verse prexudicadas polo establecemento dunha distancia mínima entre asentamentos; e, en segundo lugar, o establecemento de distancias mínimas podería en algunhas ocasións impedir o establecemento dun asentamento unicamente por escasos metros, causando un prexuízo importante no desenvolvemento do sector. Considerouse que nestas condicións, os primeiros interesados en emprazar as colmeas estantes suficientemente distanciados doutras xa rexistrados serían os propios apicultores que inician a actividade, posto que a fórmula máis axeitada para obter a máxima produtividade é esa precisamente. En cambio, si se desenvolveron na normativa autonómica as condicións para a colocación de colmeas transhumantes, fixándose unha distancia de cando menos dous quilómetros con calquera outro asentamento xa rexistrado, estante ou transhumante. Ademais, co obxecto de evitar fraudes, estableceuse a prohibición de fraccionar os asentamentos transhumantes en menos de vinte e seis colmeas, e a maiores as colmeas transhumantes que procedan doutras comunidades autónomas deben acreditar á súa chegada ter realizado nos últimos doce meses o tratamento contra a varroa. Con respecto á posibilidade de establecer unha regulación intervencionista que favoreza aos apicultores locais fronte aos foráneos, di que isto non é legalmente posible, porque unha das características das explotacións apícolas que non se dediquen ao autoconsumo é a súa natureza comercial, e polo tanto trátase dunha actividade económica, e a Lei 20/2013, de Garantía da Unidade de Mercado, ten por obxecto facer efectivo o principio de unidade de mercado no territorio nacional, e a propia lei sinala que a unidade de mercado se fundamenta na libre circulación e establecemento dos operadores económicos, na libre circulación de bens e servizos por todo o territorio español, sen que ningunha autoridade, ningunha, poida obstaculizala directa ou indirectamente, e na igualdade das condicións básicas de exercicio da actividade económica. En resumo, a Lei baséase en dous principios

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

fundamentais nos que a Sra. Lama semella non crer: o principio de non discriminación, segundo o cal tódolos operadores económicos terán os mesmos dereitos en todo o territorio nacional, con independencia da súa localización territorial, e tamén o principio de necesidade e proporcionalidade das actuacións das autoridades competentes, que no caso que nos ocupa determina que as medidas limitativas a adoptar só se poidan basear en razóns de seguridade pública ou sanidade animal, sendo necesario xustificar que non exista outro medio alternativo menos restritivo ou distorsionador para a actividade económica. Polo tanto, a normativa é a que é, e se a Sra. Lama non está de acordo con ela, o foro non é este, porque como ben dicía o Sr. Ojea Bouzo hai representantes nos parlamentos autonómico e estatal aos que competen estas materias.

**Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista**, agradece o apoio do BNG, e en certo modo tamén de DO, e por suposto o voto a favor do PP, cuxo portavoz non obstante acaba de botarlle a bronca polo terceiro apartado da moción, e di que xa sabe que a Constitución e os tratados comunitarios consagran a liberdade de establecemento, pero o que estamos a falar aquí é dun caso moi concreto, a apicultura, e dun problemas que se está a dar nesta provincia, con respecto a transhumantes que se instalan sen solicitalo, causando perdas aos apicultores estantes. Di que faltaría máis que a Consellería non fixese cumprir a normativa, e unha cousas son as leis e outra facelas cumprir, porque o que está a suceder é que os transhumantes chegas coas súas colmeas, ás veces en tráilers, as colocan sen permiso e sen comunicalo, as abellas fan o seu traballo e para cando chega a inspección, control ou denuncia nas oficinas de Extensión Agraria xa as retiraron, e o transhumante a saber onde vai. E ese é o problema que se trata de arranxar con esta moción, na que cre que queda bastante claro que hai unha normativa sobre comunicacións, rexistro, distancias que hai que cumprir, pero que tamén esixe a un apicultor novo para establecerse un mínimo de 250 colmeas, o que está a xerar dificultades para o establecemento, porque é unha actividade que non da rendemento a curto prazo, senón a medio ou longo prazo, e que podía ofrecer un medio de vida a moitos xoves, tendo en conta que a provincia conta cun 75 % do seu territorio dedicado a monte, e por certo, mal aproveitado; entón, se hai esta problemática, non pode ser que miremos para outro lado cando xurde un problema como o sinalado cos transhumantes. Outra cousa é que os apicultores establecidos sexan os primeiros interesados en cumprir a normativa. Apunta tamén a problemática que supón o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

uso de pesticidas para o sector, e di que no resto do Estado moitos concellos e deputacións están a prohibir certas prácticas. A moción non pretende máis nada que solicitar da Consellería que se fagan máis controis, e máis rigorosos, sen que isto signifique poñer trabas á transhumancia, porque entre outras cousas os nosos apicultores tamén son transhumantes, e así os da comarca da Limia se trasladan a Portugal e na de Valdeorras a Zamora. Remata insistindo en que a moción está clara e agradecendo o apoio dos grupos que van votar a favor.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO,** di que se lle esqueceu na súa primeira intervención e da que despois faláron o portavozes dos Grupos Popular e Socialista é que a actividade económica está globalizada, cando menos no ámbito da Unión Europea, co que impedir o movemento dos operadores económicos dentro da UE no é legalmente posible. Di que non debería caer en saco roto a afirmación da Sra. Lama Fernández en canto ao potencial económico da apicultura no noso medio rural, e cre que é algo que se debe potenciar (e lembra que cando era rapaz o seu pai tiña tres colmeas – unha delas natural, nunha árbore – evocando algunha anécdota ao respecto) sinalando que hoxe os consumidores demandan alimentos de maior calidade, como os procedentes da agricultura ecolóxica, co que a apicultura pode ser no futuro un importante recurso económico que habería que fomentar, e unha das cousas que se deberían facer é deixar de empregar pesticidas para a limpeza das beiras das estradas. Reitera a súa abstención polas razóns xa expostas na intervención anterior, insistindo en que as leis deben cumprirse, porque, como dicía Edison, as ideas son o 5 % e o resto é o traballo de levalas á práctica, e o mesmo cabe dicir da normativa, redactala é o 5 % e as administracións públicas deben dedicar o esforzo restante a facelas cumprir, para que non pasen cousas como a problemática denunciada pola Sra. Lama en relación cos apicultores transhumantes.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** di que lle da a impresión de que a Sra. Lama Fernández se sorprendeu do seu apoio, e xa que os do PP sonlle moderadiños, e incluso apoian á moción a pesar que o apartado 3 da moción di cousas como que a Consellería legisla, cando legislar é algo que corresponde aos parlamentos. Cre que o fundamental é que se cumpran as normas, e para iso hai que facelas cumprir, e para iso é moi importante que os propios interesados denunciemos os posibles incumprimentos, porque é materialmente imposible controlar unha por unha os miles de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

explotacións que existen se non hai colaboración cidadá. En canto a modificar a normativa, entende que este non é o foro. Para rematar, di que a Consellería de Medio Rural ten previsto implementar un plan específico de control sobre as explotacións apícolas, no que se controlarán os censos, emprazamentos, os tratamentos obrigatorias fronte á varroa e os posibles movementos incontrolados; con respecto ás distancias entre explotacións apícolas estantes di que pode ser regulada pola Comunidade Autónoma, como se propón, pero nese caso haberá que asumir que haberá residentes que se vexan afectados por as distancias mínimas a cumprir, sendo tal vez necesario que para poder cumprir tivesen que buscar emprazamentos en predios dos que non son propietarios; e insiste en que non resulta posible regular dende a Comunidade Autónoma a prioridade para o acceso ao rexistro dos residentes nun concello, por imperativo legal, podendo rexistrar os seus apiarios calquera persoa que acredite o cumprimento da normativa sectorial establecida independentemente de que sexa ou non residente no municipio de que se trate. Reitera o seu apoio á moción, porque entenden que o seu fondo é o que é, independentemente dalgúns erros nas formas.

**Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista,** di que xa trasladaron esta moción aos seus parlamentarios, e esperan que, senón é nesta lexislatura, na vindeira, con outro grupo político á fronte da Xunta, se poida regular doutro xeito. Reitera a necesidade dos controis administrativos para combater a picaresca existente, e é certo que os nosos paisanos son reacios a denunciar, pero é que para denunciar tes que dar os teus datos, e iso a xente non o quere facer porque despois todo isto acaba no xulgado, o que implica gastos e problemas. Insiste en que hai apicultores transhumantes que está a causar perdas aos nosos apicultores, e que é necesario un maior control ao respecto.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto quinto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana, o Pleno adopta o seguinte acordo:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

1º.- Solicitar da Consellería do Medio Rural que poña todo o rigor preciso nos controis e rexistro dos asentamentos, evitando deste xeito a picaresca e as minguas, que moitos apicultores están a padecer.

2º.- Solicitar á Consellería do Medio Rural para que regule distancias entre asentamentos estantes que non debería ser inferior a 1 quilómetro de radio, excluindo os apiarios de autoconsumo (de menos de 15 colmeas).

3º.- Instar á Consellería do Medio Rural a que lexisle para que, a nivel municipal, se favoreza a apicultura entre os veciños con prioridade, só no caso de non haber interese na actividade, por parte das persoas do lugar, se poderían introducir, apicultores foráneos dun xeito controlado e racional e cumprindo coa lexislación vixente.

**6º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A MELLORA DA ATENCIÓN SANITARIA NA PROVINCIA DE OURENSE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Suárez para que defenda o contido da moción, que foi tratada na comisión informativa de Igualdade, Benestar e Emprego, na que non se ditaminou favorablemente.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, expón o contido da moción, nos seguintes termos:

*“Nos últimos anos, estamos asistindo a un deterioro alarmante da calidade da atención sanitaria, e de xeito particular na provincia de Ourense. A situación non é nova, nin tampouco conxuntural, como queren facernos ver as autoridades sanitarias, senón que se trata dunha situación estrutural, que ten a ver co modelo privatizador do PP ensaiado noutras latitudes como o Levante e Madrid, e exportado recentemente a Galiza, o que está a provocar un descontento xeral por parte dos usuarios/as e profesionais sanitarios ademais de mobilizacións masivas en defensa dunha sanidade pública universal e de calidade. As políticas de recortes e privatización son o santo e seña do goberno galego do Partido Popular. A acusación de homicidio por parte da fiscalía cara á Xunta por atrasar a administración de fármacos para o tratamento da hepatitis C por “razóns orzamentarias”, o recorte nos horarios dos helicópteros do 061, a implantación da liña fría, a non cobertura das ausencias dos profesionais ou as contratacións a tempo parcial son só algúns exemplos das privatizacións e recortes que inciden directamente na calidade*

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016**

*asistencial, e que nalgúns casos custan vidas. É preciso investir os termos da ecuación, e para iso compre un incremento de recursos tanto humanos coma técnicos e unha mellora dunha xestión dos mesmos que ate o de agora se ten demostrado absolutamente ineficaz, por ser incapaz de facer unha planificación a longo prazo, que evite a repetición periódica, de escenas tan lamentables como o amoreamento de doentes nos corredores do servizo de urxencias do CHUO. Estas melloras, para ser plenamente efectivas necesariamente teñen que afectar aos dous niveis da atención sanitaria, a primaria e a hospitalaria, así como conseguir o obxectivo de aumentar a coordinación entre ámbolos dous niveis. Onde é máis perceptíbel esta realidade é na nefasta xestión das lista de espera, situación que está a provocar que haxa doentes agardando meses e incluso anos, tanto para consultas de especialidades, como para cirurxía.. Se a isto engadimos que a atención primaria tampouco está cumprindo como sería desexábel o seu cometido, chegamos á conclusión de que a atención sanitaria que se lle está prestando aos cidadáns da provincia de Ourense, é manifestamente mellorábel. As autoridades sanitarias móvense exclusivamente a golpe de estatísticas, polo que o SERGAS está a practicar a ocultación sistemática dos datos das listas de espera e as derivacións á sanidade privada, declarando uns moi inferiores á situación real, coa particularidade de que @s doentes que non aceitan ser derivados a centros privados son excluídos das listas, circunstancia que a Consellería aproveita para maquillar as listas e afirmar que se reducen. O Goberno Galego, a través do SERGAS, converteu as listas en verdadeiros sacos de almacenamento de doentes, con miles de persoas que permanecen anos nesas listas. En decembro de 2015, o SERGAS publicou na súa web os datos sobre a EOXI--Ourense, Valdeorras, Verín cun total de 3215 doentes e 43 días de media de espera, pero as listas reais da Xerencia da EOXI de Ourense confirman que con data 20 de febreiro de 2016 o total sitúase en 7859 doentes moi lonxe das cifras que manexa a propaganda dos xestores da sanidade Ourenzá. Destes, 803 levan esperando entre 1 ano e 6 anos, e 1647, entre 6 meses e 6 anos. Por todo isto o grupo provincial do BNG, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:*

*1.- Que a Deputación de Ourense, como institución que debe velar pola defensa dos intereses de tódolos cidadáns da provincia, inste a Consellería de Sanidade á posta en marcha de medidas de planificación, organización e xestión, que xunto co incremento de*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

*medios técnicos e humanos, permitan mellorar a curto e medio prazo a atención sanitaria, que se lle está prestando aos cidadáns da provincia de Ourense.*

*2.- O cese inmediato da responsable da Sanidade na Provincia de Ourense, Eloína Núñez”.*

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Gozalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana**, di que, antes de anda quere dar os seus parabéns ao Sr. Presidente por ese cargo que lle acaban de conceder de vicepresidente da asociación dos municipios con encoros de España, e como dicían na súa aldea, “o que é non ter que facer”. Con respecto á moción do BNG, di que antes o seu voceiro cualificou de oportunista a moción do PP sobre o transporte, pero agora a súa peca basicamente do mesmo, porque esta moción podía ser perfectamente un corta e pega que o poderían facer en calquera provincia, e simplemente lle meteron aquí o nome de Ourense, pero poderían presentala en Lugo o Coruña, porque non se refire a ningún problema específico da provincia de Ourense. Doutra banda, estas mocións de “instar a” non valen para nada, porque para iso está o Parlamento de Galicia, no que DO non ten representación pero agarda tela na vindeira lexislatura, a partir de outubro de 2016, e conta coa posibilidade de obter dous parlamentarios, o que si lles permitiría incidir na sanidade ourensá, na que van incidir dun xeito claro porque levan un programa revolucionario para a sanidade. Esta é unha moción oportunista e electoralista, e o tema de pedir o cesamento inmediato de dona Eloína Núñez e algo que eles non defenden, considerando que é unha cuestión partidista, na que se absterán.

**Dona Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista**, di que quere facer unha pequena reflexión respecto ao acontecido hai algúns momentos, manifestando o seu apoio ao portavoz do seu grupo, don José Ignacio Gómez. Di que fai uns anos coñeceu ao Sr. Baltar Pumar, pai do actual presidente, e di que era un señor campechano, dialogante e que respectaba ás persoas con independencia das súas ideas políticas. Cre que o Sr. Presidente debería aprender algo do seu pai, e di que no punto 3º da orde do día o seu grupo ía votar a favor, e rexistrouse unha abstención, e cre que estabamos todos moi tensos porque non entendiamos o que estaba a acontecer, e a situación lembroulle o que viviu de pequena na escola unitaria cando o mestre dicía que non, que non, que non e ponte de xeonllos e de cara a parede, pero estamos nun Estado democrático de Dereito e cre que o Sr. Presidente é

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016**

demócrata pero probablemente se puxo nervioso e deu unha imaxe que non é a real. Entrando ao debate da moción, dille ao Sr. Rodríguez Suárez que o máximo responsable de todos os problemas que acaba de denunciar é o Sr. Núñez, pero Núñez Feijoo, Alberto, e di que os xestores poden ser moi bos, pero se non teñen cartos non poden facer máis, e pon como exemplo que si un vai contratar unha comida para un evento social no mellor restaurante e co mellor cociñeiro, e pretende facer esa contrata por dez euros, evidentemente a comida saberá moi mal, por moi bo que sexa o restaurante. Por iso entende que o responsable é o Sr. Núñez Feijoo, como presidente da Xunta, porque é o máximo responsable na asignación de recursos para a sanidade pública. En canto ao modelo privatizador do PP, di que efectivamente ese modelo existe, pero nunca se levou á práctica, posto que é un modelo bastante impopular, e só o teñen aplicado a cachos, por pequenas parceliñas, aproveitando a situación de crise. Di que ten coñecemento deste asunto como membro da organización médica colexial, onde participou durante moitos anos, e cada vez que o PP accedía ao Goberno de España pretendía levar a cabo o seu modelo, o que a organización médica colexial foi impedindo, ata o de agora, cando os recortes e a falla de recursos nos levaron onde estamos. O máximo responsable é o Sr. Núñez Feijoo porque un dos maiores detrimentos na sanidade pública aquí en Galicia produciuse con el na presidencia da Xunta e coa Sra. Farjas na consellería, co tema do copago e a retirada de 400 medicamentos da xestión pública do SERGAS. Por outra banda, entende que a moción se está a referir á privatización (aparte de temas como o MEDTEC, os servizos de lavandería, esterilización, cociña, etc ... que se privatizaron hai tempo) en referencia ao novo hospital de Vigo, e pregúntase que vai pasar co hospital de Vigo (que non é só de Vigo, senón de tódolos cidadáns, e que constitúe a referencia para determinadas atencións sanitarias aos cidadáns de Ourense, como cirurxía pediátrica ou cardioloxía en coronarias) porque é un modelo privatizador que nos vai custar moito aos doentes da sanidade pública, tanto en Vigo como en Ourense, porque hai que pagar con cargo á asistencia sanitaria os custes dese novo hospital que se empeñou en facer o Sr. Núñez Feijoo con ese modelo. Di que a sanidade pública non está para gañar diñeiro, está para manterse ou perder cartos, pero no hospital de Vigo non vai pasar iso, porque ao ser un modelo privatizador hai unha empresa que ten que gañar diñeiro, o que irá en detrimento da saúde dos cidadáns. Con respecto ao tema da hepatitis C, da a razón ao portavoz do BNG, e o responsable máximo e novamente



**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016**

o Sr. Núñez Feijoo, e hai que ter en conta que o actual presidente da Xunta foi director do INSALUD hai moitos anos, co que ten experiencia na xestión da sanidade pública e non pode dicirse que descoñeza este sector; engade que no tema da hepatite os hepatólogos saben xestionar con recursos menores, e cando un hepatólogo di que hai que dar un tratamento é porque previamente valorou o seu custe e a súa efectividade, polo que todas as persoas aos que se prescribiu o tratamento tiñan que ter sido tratadas, e non foron tratadas porque a Xunta non quixo dar os cartos que facían falla para administrar eses tratamentos imprescindibles, e por isto morreron persoas, e o responsable é Núñez Feijoo, que é un home que sabe de xestión sanitaria porque xestionou o INSALUD, por certo que ben mal, porque na súa época se fixeron as transferencias a Galicia, e foi unha das transferencias peor feitas, pero malia as deficiencias da autonomía funcionaba infinitamente mellor que o INSALUD que dirixía o Sr. Núñez Feijoo. Con respecto á coordinación da atención primaria e a especializada, é certo que non hai unha boa coordinación entre estes dos niveis de atención, pero isto hai xa vinte anos que se estivo traballando na organización médica colexial por intentar mellorar esta coordinación, que é un tema que leva tempo e fixéronse algúns avances, así por exemplo en dermatoloxía, en oftalmoloxía co tema das retinografías, ou en cardioloxía, e por tanto xa se está avanzando un pouco. Di que na moción se di tamén que ao non existir esa coordinación funciona mal o servizo de urxencias, co amoreamento da xente nos corredores, e comento que a problemática de urxencias non ten nada que ver co tema da coordinación entre atención primaria e especializada, e en todo caso tería relación co tema a problemática das listas de espera; pero a coordinación entre primaria e especializada non ten incidencia nas urxencias, porque as urxencias que non requiren ingreso son de primaria tamén. Ao seu modo de ver, o fondo do problema é sempre o mesmo, a falla de recursos, da que é responsable o responsable do Goberno autonómico. O que pasou coas urxencias en Ourense foi que se unificaron as urxencias do Hospital Santa María Nai e as urxencias do CHOU, e no momento en que se unificaron houbo menos espazo, menos profesionais e máis complicación; e novamente ao falar das urxencias seguimos a falar de recursos, porque estamos a falar dun servizo de urxencias, porque nos casos de epidemias, por exemplo de infeccións respiratorias, cando a xente acude masivamente e hai que atendela, por se ten algo grave, se producen eses amoreamentos por falla de recursos, de persoal, de espazo. Suxire ao respecto que se

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

houbera un equipo suficiente – dous médicos, dúas enfermeiras e un auxiliar en triaxe podería reducirse o problema de amoreamento de xente en caso de epidemias por infección respiratoria, pero para ter ese equipo de triaxe fan falla recursos, e o responsable de que non os haxa é o Sr. Núñez Feijoo. Di que hai un punto da moción no que non está moi de acordo, porque se afirma que a atención primaria non está a cumprir co seu cometido, e dille ao Sr. Rodríguez Suárez que descoñece o funcionamento de atención primaria, porque o servizo de atención primaria non é o que era antes, un *curapupas* e un dispensador de volantes e receitas, e di que hai moitos anos que iso deixou de existir, e que en atención primaria se actúa en equipo mediante un contrato – programa, e ademais das consultas a demanda (das que o 80 % se resolven en atención primaria) o contrato – programa encoméndalles a xestión de crónicos, hipertensos, diabéticos, inmobilizados, paliativos, etc ..., un contrato programa de atención á muller, un contrato programa de atención á cruxía menor, tabaquismo, espirometrías, xestión de reclamacións, de formación e docencia... e todo isto o fan os profesionais de atención primaria, que teñen conxelada a súa nómina nun 20 % ou incluso un 30 % dependendo de cada quen, e lembra que nas enquisas de satisfacción dos usuarios do SERGAS os profesionais de atención primaria están moi ben valorados, e por tanto está en desacordo coa afirmación do BNG en canto a que atención primaria non cumpre o seu cometido, e o convida a vir ao centro de atención primaria de Celanova, onde ela presta os seus servizos, para que vexa cómo se traballa. Con respecto ás listas de espera, está de acordo en que hai unhas listas oficiais e outras reais, as primeiras son as que ve todo o mundo e as reais son aquilo de “xa o chamaremos”, xa nos poñeremos en contacto con vostede”, pero non está de acordo coa afirmación de que os doentes que non aceptan ser derivados a centros privados sexan excluídos das listas, porque iso non o fai o SERGAS, pero tampouco fai falla, porque no momento no que a un doente que leva meses esperando se lle propón ser operado nun centro privado vai aceptar, non fai falla borrarlo de ningún sitio. Cre que o único sistema de acabar coas listas de espera é o que se fixo fai anos, abrir os quirófanos pola tarde, pero, unha vez máis, para facer iso fan falla recursos, diñeiro, diñeiro e diñeiro, e o responsable, unha vez máis, é o Sr. Núñez Feijoo.

**Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular**, di que a Sra. Gil Álvarez fixo unha crítica exacerbada ao Sr. Rodríguez Suárez, pero a verdade é que ás veces convén mellor calar, e queda un mellor, porque o Sr. Rodríguez deu lectura a unha

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016**

verdadeira catástrofe argumentaria – sanitaria, na que se fala de “deterioro alarmante”, “modelo privatizador”, “descontento xeral”, “política de recortes”, “hepatite C”, “helicópteros”, “falla de recursos”, “nefasta xestión de listas de espera” (con respecto ás que incluso fala de seis anos, e comenta que debía tratarse dun prognóstico moi leve para poder aguantar tanto tempo) e tamén fala de “verdadeiros sacos de almacenamento de doentes”, en suma, catastrófico, e di que menos mal que a vida lle ensinou a crer nos feitos, e non nas palabras, e di que os señores do BNG son moi pouco orixinais á hora de argumentar en materia de sanidade, porque facían as mesmas acusacións cos mesmos argumentarios antes e agora, trátase de Vigo, de Lugo, de Santiago ou de Ourense, é o mesmo, o argumento é o mesmo, o importante é ser catastrofista. E sucede que ao non ser nin orixinais nin realistas, tampouco son cribles. Di que o da privatización da sanidade é demagóxico por mentira e é mentira por demagóxico, porque a sanidade é pública ou privada segundo quen pague a prestación sanitaria, e non segundo quen faga a provisión dos servizos, e pregúntase se hai alguén que cando acudiu á sanidade prestada polo SERGAS, xa fose a un centro de saúde, a urxencias, ou se estivo internado en planta, tivo que pagar algo. Cuestión distinta é que haxa unha colaboración público – privada, un modelo de xestión que existe en tódolos sistemas sanitarios do mundo, e en todas as CC.AA. españolas. Con respecto ao hospital de Vigo, di que cando gobernaron o BNG e o PSOE, en tres anos e oito meses de goberno bipartito, presentaron sete maquetas do hospital de Vigo, pero iso si, non o fixeron; e cando veu un goberno que fixo o hospital, di que é privatizador e que sae caro, e pon un exemplo comprensible ao respecto, relatando que cando mercou un piso tivo que pedir un préstamo, e saíulle moito máis caro, pero si non o fixese así non tería piso, e polo tanto, o de presentar maquetas está moi ben, pero o hospital hai que facelo, e hai que facelo cos recursos que hai. Engade que, xa que se fala de modelo privatizador, en Ourense aplicouse de xeito tallante a Lei de incompatibilidades, cousa que non se fixo noutros lugares, e foi este Goberno e a actual xerente cuxo cesamento se solicita os que a aplicaron taxativamente, e pregúntase se queren que a xerente dimita porque obrou ben, porque fixo xestión pública. Con respecto ao asunto da hepatite C, di que a Xerencia de Xestión Integrada subministrou todos os tratamentos e medicamentos aos pacientes que o solicitaron, e pide que lle diga cántos e qué doentes de hepatite C quedaron en Ourense sen atender, dado que é unha moción na que se pide o cesamento da actual

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016**

xerente, e dille que pode evitar facer chamadas para consultar o dato, porque todos foron atendidos, e polo tanto non entende a qué ven o que se di na moción. Con respecto ao recorte nos horarios dos helicópteros, di que pediu un informe ao 061 para saber qué pasaba con este asunto, e dálle lectura ao informe que lle remitiron, no que se di que o novo contrato de xestión dos helicópteros segue a manter a cobertura sanitaria de toda a poboación da comunidade galega, xa que sempre estará dispoñible un dos dous helicópteros medicalizados nas horas de luz, para atender calquera emerxencia sanitaria, e isto é excepcional dentro do Estado español, xa que a maioría dos helicópteros sanitarios só funcionan como máximo doce hora e sempre con horarios fixos, se forma que existen franxas horarias de luz nas que non estarán dispoñibles as aeronaves, pero isto non pasará en Galicia; e o novo contrato de xestión inclúe unha relevante mellora do equipamento, así como unha revisión da eficiencia dos tempos de operatividade. Polo tanto, mellorouse, non se acurtaron os tempos, é máis, nos últimos cinco anos a coincidencia de dous helicópteros en servizo, nas datas en que as horas de luz son maiores, so tivo lugar nunha ocasión, e ademais hai que subliñar que no momento en que o 061 recibe unha alerta se mobilizan tamén as unidades asistenciais de soporte básico. Por tanto, o servizo está cuberto. No que atinxe ás listas de espera, di que é absolutamente falso que haxa persoas esperando anos para ser atendidos, cando na moción se di que hai casos de ata seis anos, e pregúntase de onde sacou iso, engadindo que en calquera caso tiña que tratarse dun prognóstico moi leve. En todo caso, en Ourense, somos os primeiros para consultas e os segundos para cirurxía de toda a Comunidade Autónoma, polo que unha vez máis considera inxustificada a petición de cesamento da actual xerente. Engade, ao fío disto, que os hospitais comarcais existentes na provincia, o de O Barco e o de Verín, son os mellores de Galicia, e o foron sempre, tanto agora como cando gobernaba o bipartito. De calquera xeito, para falar de listas de espera hai que entender como funcionan, mediante o establecemento de tres prioridades, sendo a un a das patoloxías graves que hai que resolver antes de trinta días, e en Ourense esas prioridades un se atenden entre sete e dez días, co que a situación é moito mellor que noutras provincias. Polo tanto, pensando que todo é mellorable, e en sanidade moito máis, e que temos que procurar mellorar, pide un respecto pola sanidade ourensá, e non ser catastrofistas, recomendándolle ao Sr. Rodríguez Suárez que faga canso de San Agustín, cando dicía aquilo de “se non queren ser vencidos pola verdade, ímolos vencer polo erro”, e

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

pide que non caiamos no erro e deixemos a demagogia aparte, e pide que nunha moción sobre a sanidade en Ourense non se metan asuntos como o da hepatitis C, cando aquí se atendeu a tódolos doentes desta patoloxía.

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que concorda co portavoz de DO en canto a que esta moción é perfectamente aplicable, por desgraza, a calquera outra provincia do noso país, pero entende que non é unha moción oportunista, e cando falaba antes de que a moción do PP sobre transporte era oportunista se refería a que daquela se aproveitaba unha moción unánime dun concello para trasladala aquí, e nesta moción non se da ese caso, polo que rexeita esa acusación. Máis ben, cre que é unha moción oportuna, porque entende que está moi ben o que dixeron no debate os portavoces do PP e do PSOE, que pola súa profesión teñen un maior contacto co mundo da sanidade, pero cre que se preguntamos o mesmo aos afectados, aos cidadáns, seguramente a visión que nos darían sería totalmente diferente, ao mellor non tan catastrofista como a que el acaba de expoñer – aínda que rexeita ese cualificativo – pero tampouco tan positiva como a que os outros portavoces quixeron transmitir. Coincide coa voceira socialista en canto a a que aquí só hai un responsable, neste tema como en moitos outros que afectan á nosa comunidade nos últimos sete ou oito anos, que é o Sr. Núñez Feijoo; pero cinguíndonos á nosa provincia, entende que si se quere un cambio nas políticas que se veñen aplicando, ese cambio non pode vir da man da persoa que leva executando nestes últimos anos unha política oposta á que o BNG considera que debe ser aplicada no eido sanitario, e por iso piden a destitución da actual xerente. Coincide tamén coa portavoz socialista en que no fondo se trata dun problema de recursos, e aí queren chamar a atención sobre o feito de que os recortes do PP se producen moi desigualmente, porque sempre se fala de que non hai recursos, de que non hai cartos, pero o BNG entende que o hai que facer é priorizar gastos, e ao mellor hai que deixar de dar cartos públicos aos medios de comunicación, por exemplo, para que despois fagan unha política de comunicación favorable ao grupo de goberno, e destinar en cambio eses recursos a unha sanidade pública de calidade como a que o BNG defende. Di tamén que o portavoz do PP emprega un argumento falaz ao falar de prestación ou provisión de servizos ou colaboración público – privada, que é un argumento reiterado, como o de que á xente non lle importa que se lle dea a prestación nun centro público ou privado, pero o BNG entende que a responsabilidade do goberno é

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

garantir que na sanidade pública se dean tódalas prestacións e se efectúen todos os servizos que demanda a cidadanía. No tema da hepatitis C, di que temos que felicitarlos de que non houbera ningún caso en Ourense en que morrese unha persoa por falla de recursos económicos (e non porque o problema non teña solución, que a ten, cun alto grao de efectividade totalmente verificada) pero engade que está convencido que si isto se produciu foi por sorte, e non porque se puxeran os medios por parte da administración para que por unha cuestión orzamentaria se denegue ou de dilate a administración dun tratamento a uns doentes, que nalgún casos faleceron por este motivo, só por razóns administrativas ou económicas. Reitera a petición de apoio para esta moción, e agarda que nun futuro próximo o goberno autonómico estea en mans distintas, cun goberno que priorice os recursos para acadar unha sanidade pública de calidade.

**Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana**, di que quere aclarar a postura de DO neste asunto, explicando que o seu grupo apoia este tipo de mocións cando teñen por obxecto un problema específico ou unha discriminación en relación con Ourense (como por exemplo, cando houbo o problema co grao de Física); pero non cando se trata de instar por instar, cando como en este caso se busca que se cambien políticas xerais da Xunta de Galicia para todo o territorio, porque para iso está o Parlamento. Neste caso, a moción do BNG, por moito que se esforce, non xustifica que se trate dunha problemática concreta de Ourense, porque non dá datos ao respecto, e os problemas que se denuncian – a amoreamento de pacientes nas urxencias, as listas de espera ... - existen noutras provincias; doutra banda, entende que non ten sentido pedir a destitución da xerente, porque non é a responsable da política que executa, o responsable en todo caos como dixo a portavoz socialista é Núñez Feijoo, pero non a xerente. Di que o *modus operandi* de DO é defender Ourense por riba de todo, con respecto ás demais provincias, e que se houbera algún tema concreto que implicase unha discriminación da provincia votarían a favor, pero se do que se trata é de cambiar a política sanitaria de Galicia este non é o foro, e en certo modo é como se agora nos poñemos aquí a falar do partido do Madrid, ao fío do cal preguntalle ao Sr. Presidente se vai ir velo fisicamente, e se vai organizar algún acto da Deputación en Milán para ir a velo.

**O Sr. Presidente** non responde.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

**Don Gonzalo Pérez Jácome** di que lle formulará a pregunta na quenda de rogos e preguntas.

**Dona Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista**, dille ao portavoz do BNG que entende perfectamente o espírito da súa moción, porque ela é unha defensora a ultranza da sanidade pública, e na súa exposición quixo reflectir os coñecementos que, pola súa profesión, ten de cómo funciona a sanidade en Ourense. Di tamén que o Grupo Socialista, como defensor da sanidade pública, votará a favor desta moción.

**Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular**, di que quere facer algunhas precisións. En primeiro lugar, a señora Gil Álvarez falou na súa primeira intervención de que a organización médica colexial leva anos impedindo que o PP leve a cabo o seu modelo privatizador, pero el leva colexiado en Ourense dende 1981, e non sabía da capacidade e do poder político que tiña o Colexio de Ourense...

**Dona Isabel Gil Álvarez** dille que a OMC.

**Don Rosendo L. Fernández Fernández** di que a organización médica colexial é o Colexio Médico, porque o carné que ten pon Colexio Médico, e é o único carné que ten e está pagando por el. A segunda precisión que quere facer e en relación con que o PP retirou medicamentos, e pregúntase se é que como a Sra. Gil Álvarez foi do BNG e agora é do PSOE non se lembra que en 1992, gobernando o PSOE en Madrid, houbo o que se chamou o *medicamentazo*, e pregúntase cómo se pode acusar ao PP de recortar medicamentos cando o PSOE acordou o *medicamentazo* gobernando Felipe González en Madrid, igual que se pregunta cómo se pode atribuír ao Colexio Médico o poder de frear as políticas dun goberno. Dirixíndose ao Sr. Rodríguez Suárez, dille que esta moción deberían presentala no Parlamento de Galicia, onde están o presidente da Xunta e o conselleiro de Sanidade, pero en todo caso aquí hai organización, planificación e xestión, aínda que todo sexa mellorable, e pon como exemplo que se aplicou a capacidade de ingreso con unidades específicas prevista, reforzando puntualmente o persoal necesario, e que a actual Xerencia de Xestión Integrada creou unha unidade de alta precoz, e unha estratexia definida nas atencións a pacientes crónicos, e polo tanto hai unha planificación, a posta en marcha dunha unidade de atención a polimedcados, iniciativas de coordinación con atención primaria da telemedicina da maioría das especialidades, extensión a toda a provincia da atención hospitalaria a domicilio, creación de vías rápidas de consultas en acto único, se puxeron en

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

marcha de hospitais de día en medicina interna, reumatismo, interna e dixestivo, e recentemente o hospital de día en neumatoloxía, e pregúntase por qué o Sr. Rodríguez Suárez non fala destas cousas e só fala de catastrofismo, como cando falan na moción do da hepatite C, asunto no que non foi quen de responder e dar o dato de cantos casos non se atenderon en Ourense, e pregúntase entón por qué meteron este asunto na moción, se non foi para espantar e crear catastrofismo, e di que iso en medicina non se debe facer, e hai que ser esaxeradamente preciso, porque se pode crear unha mala imaxe. Remata dicindo que a xestión da lista de espera está integrada e respecta o Real Decreto 605/2003, e di que se pensa que se está incumprindo ou obviando esa norma xa sabe o que ten que facer. Comprende pero non comparte esa política de dubidoso gusto de aboarse aos titulares rechamantes, facilóns e catastrofistas, porque estamos a falar de sanidade. Todo é mellorable, pero a sanidade ourensá, tanto en recursos como en listas de espera, está por enriba doutras moitas provincias.

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que nunca se poñerán de acordo co portavoz de DO en canto a estas mocións de instancia, e ve que tamén o portavoz do PP se apunta esa teoría contra este tipo de mocións, pero el está aquí para velar polos intereses dos cidadáns da provincia de Ourense, e por iso seguirá a traer este tipo de iniciativas. Di que o obxectivo da moción parte dunha realidade que é evidente, porque si se lle pregunta a calquera cidadán da provincia de Ourense dirá que o deterioro da sanidade pública é obvio, polos recortes que leva aplicados nestes anos o PP. Di ademais que os seus compañeiros do BNG levan presentadas decenas e decenas de iniciativas no Parlamento de Galicia en relación coa sanidade pública e coa sanidade pública na provincia de Ourense. Cre que debe haber un cambio na política sanitaria do Goberno, aínda que seguramente sexa xa moi tarde para que o caducado Goberno do Sr. Núñez Feijoo faga ese cambio, no que non cre e para o que non terá xa tempo, e en todo caso esperan que nun futuro próximo, cun Goberno diferente, si que se poidan levar a cabo medidas organizativas, de xestión, de planificación, de recursos humanos, de medios técnicos e económicos, que permitan mellorar a sanidade que se presta aos nosos cidadáns.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sexto](#)



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o voto en contra dos/das deputados/as do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2).

**7º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN Á SECCIÓN DE MUNICIPIOS DE AUGAS MINERAIS E TERMAIS DE ESPAÑA, ADSCRITA Á FEMP.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que máis alá da utilidade que poidan ter estes organismos, asunto que podería ser obxecto doutro debate, cuestionaron no seu día a saída da Deputación deste organismo en concreto, algo incomprendible tendo en conta o noso potencial termal como provincia. Polo exposto, votará a favor desta proposta.

**Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana**, di que o seu grupo está en contra desta proposta e de formar parte desta Sección, que consideran pode incluírse no que denomina Sección de Trapalladas. Isto non serve para nada, e só é unha escusa máis do Sr. Presidente para facer viaxes, e precisamente vai ser el, o Sr. Baltar Blanco, o que represente á Deputación nesta Sección, e así poderá facer viaxes e facer coincidir con esas viaxes tódalas súas historias e pasatempos. Aclara que cando no punto anterior lle preguntou ao Sr. Presidente se ía ver o partido do Milán, era unha pregunta retórica, que non agardaba resposta, porque todos sabemos que o vai ir ver. Di que lle gustaría que alguén lle aclarase se existe algunha asociación que só sexa de augas minerais, porque hai zonas que teñen augas minerais pero non termais, e di que fai esta pregunta por curiosidade. Di tamén que no punto anterior, o portavoz do BNG dixo que había que priorizar gastos para a sanidade pública, e falou de reducir o gasto en medios de comunicación para dedicar o diñeiro á sanidade, pero hai meses, cando DO presentou unha moción para pedir a redución do gasto público en medios de comunicación, o BNG non votou a favor, e pídelle ao voceiro do BNG que lle explique iso.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** di que quere empezar por unha cuestión de orde con respecto ao que anteriormente aconteceu. Di que o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais di que quen se considere aludido no debate pode solicitar a palabra ao alcalde ou presidente para unha quenda por alusións que será breve e concisa. Di que antes o Sr. Presidente se pasou esta norma polo forro, e dille que non respecta nada, e parece mentira que fose vicepresidente do Parlamento de Galicia hai anos, porque non ten nin idea do que é estar presidindo unha institución. En resposta ás alusións que se lle fixeron na segunda intervención da Sra. Lama Nóvoa no punto 2º da orde do día, di que non permite que se fale mal do Concello de Ribadavia nesta institución, e o presidente ten que evitar que iso se produza; non permite ademais que se fale mal dos fillos de ninguén, porque aquí non vimos a falar dos fillos de ninguén, e polo tanto pide que todo iso se retire; non permite tampouco que se fale mal dos traballadores de ningún grupo político, de ningún, pero por suposto, menos aínda do Grupo Socialista, e, sobre todo, non permite que se minta sobre a súa persoa en cousas tan elementais como que se siga mantendo que el dixo dunha empresa de comunicación ourensá que era un panfleto, e pregunta si se segue a manter esa afirmación na acta, porque de ser así nos veremos noutro sitio, e pide un informe ao Sr. Secretario e que transcriba literalmente o que dixo a Sra. Lama, porque iso non se pode permitir, porque é mentira, e tomará medidas se non o retira. Critica tamén que a Sra. Lama ande indagando nos perfís das redes sociais da xente, algo que non sabe a qué ven. Pregúntase se é que o Sr. Presidente non vai intervir ante este tipo de cousas, se vai estar como agora, sen falar, se é que unicamente permite que o graven ou é que hai que acudir a instancias hoteleiras para poder falar con el, porque si se trata diso imos a un hotel a falar, á cincocentos cinco ou á catrocenos non sei cántos. Di que o Sr. Presidente é un lercho, porque non ten vergoña, porque permite que se insulte aos grupos da oposición, e incluso que se insulte aos propios deputados do PP, e non intervén, porque no Pleno anterior se dixeron cousas graves sobre certa persoa que di que a insultan, e o Sr. Presidente non fixo nada, porque non defende nin aos seus deputados, os pon de parapeto da súa falla de vergoña, porque é o que é, unha persoa sen vergoña. Entrando ao punto da orde do día, di que cre que hai unha cuestión, non sabe se errónea ou non, porque non cre que vaia ser o Sr. Presidente o que acuda ás reunións da Sección, porque cre que a presidenta desa Sección agora mesmo é unha

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

deputada desta casa. Di que é certo que as augas minerais, medicinais e termais son cousas distintas, e hai varias asociacións, e a razón de por qué volvemos agora a esta é polo interese que ten alguén de aquí, senón nos iríamos como nos fomos doutras cousas, porque aquí se goberna a base dese criterio, se mandamos a algún dos que está aí sentado, entramos, se non, nos saímos porque xa non é bo, e polo tanto este é un criterio da rúa Percebe, nº 13, por non dicir da rúa Génova, que é peor aínda, porque xa sabemos o que pasa alí. Polo tanto, isto é unha tomadura de pelo. Di que por moito que lle insulten e vaian mirar os seus perfís nas redes sociais non van conseguir nada, porque son o que son, os cómplices do Sr. Presidente, que é unha persoa sen vergoña e un incapaz, e aínda por riba unha persoa que está a conseguir que esta provincia sexa o *hazmerreír* de todos.

**Dona Ana María Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular**, di que esta adhesión en realidade é un reingreso, xa establecido no cronograma do Plan Ourense 15 – 19. Esta sección das vilas termais se constituíu no ano 2001, ao abeiro da Federación Española de Municipios e Provincias, co obxecto de impulsar o papel dos concellos con recursos hidrominerais para potencialos de forma turística. Trátase de impulsar a marca “Vilas Termais”, como destino turístico integral, é dicir, conxugar saúde, cultura, natureza, ocio e gastronomía. A provincia de Ourense é unha das provincias do Estado con máis concellos adheridos á rede (once de oitenta e un), formando parte dela Arnoia, Bande, Baños de Molgas, Boborás, O Carballiño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Lobios, Ourense e Verín, sendo Boborás e O Carballiño dous dos concellos constituíntes no ano 2001. É certo que a Deputación estivo presente entre 2008 e 2012, e entón causou baixa por dous motivos: un, a situación económica, e dous, a provincia estaba representada porque a presidenta da Sección era unha alcaldesa ourensá, e o entón deputado de termalismo, o anterior alcalde de O Carballiño, tamén estaba presente na Sección. Como é evidente, esta situación mudou, tanto no aspecto económico como no representativo, e por isto se considera necesario que a Deputación de novo estea presente nesta Sección das Vilas Termais. Dirixíndose ao Sr. Pérez Jácome, dille que o que el chama trapalladas, o termalismo, é unha pata fundamental para o turismo, un eixo importantísimo para o desenvolvemento económico da nosa provincia, e por isto consideran que a Deputación debe estar representada nesta Sección, e por suposto o obxectivo non é viaxar nin percorrer

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

Europa, senón defender o termalismo, as nosas vilas termais e os recursos termais da provincia. Agradece o voto favorable do Sr. Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

**Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO**, di que cando antes don José Ignacio Gómez Pérez dixo que non ía permitir que ninguén falase aquí mal dos fillos de ninguén alguén interviría para pedir que non se falase mal do fillo de Baltar ... Entrando ao asunto da orde do día, di que o termalismo é un *bluff*, e para nada é necesario entrar nesta Sección, que é unha auténtica *chorrada*. Di que non sabe se o resto dos deputados son conscientes do que se ingresa polo tema do termalismo, e explica que Ourense cidade, só a cidade, é a segunda potencia europea en caudal de augas termais, pero os ingresos que se reciben en concepto de termalismo son agora mesmo uns 1.600 euros mensuais, que non chega nin para pagar a nómina dun empregado do Concello de Ourense, 1.600 euros que son 800 que paga a concesión da Chavasqueira e 850 máis ou menos que paga a concesión das pozas de Outariz, e pregúntase se un ingreso mensual dese importe pode considerarse unha riqueza, cando non chegaría nin para soste unha pequena tenda, e pide que se deixen de enganar á xente, porque isto é unha trapallada e unha mentira. Engade que as pozas de Outariz, que din que van milleiros e milleiros e milleiros de persoas non chegan nin para montar un bar alí, porque non o hai e o que había pechou, e pregúntase de que están a falar os deputados do PP, que nunca montaron unha empresa e non saben o que é riqueza. O termalismo é un cancro, un *bluff* que só funciona a golpe de subvencións, non vale para nada, e vai deixar de falar deste asunto porque é unha chorrada, para preguntarlle ao Sr. Presidente que é o que mira cara ao fondo todo o rato, porque cando antes O Sr. Gómez Pérez o estaba increpando estaba mirando cara ao fondo, e agora mesmo está ollando cara ao fondo do salón de sesións, e pregúntase qué carallo é o que está a mirar.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, dille á Sra. Villarino Pardo que comparte algúns dos seus argumentos, e di que neste senso non está de acordo nalgunhas cousas co Sr. Pérez Jácome, porque el si cre que hai que fomentar o termalismo pero non para que fagan negocio algúns, porque hai cousas tan curiosas como balnearios que non teñen augas termais, e algúns que as teñen teñen pouca axuda. Ao fío disto, di que se lle acuso de mentir cando dixo que ao balneario de Prexigueiro en Ribadavia non se lle estaba a axudar dende a Deputación, e se dixo que mentía, e é certo que o balneario recibiu unha axuda a través dun plan de obras, pero el se refería ao

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

programa de termalismo, e pide que se corrixa esa situación, dirixíndose á deputada de termalismo, porque cre que ese programa non ten que ser só para pernoctar, e un balneario que ten 60.000 persoas ao ano debería estar incluído. Di que non ve que as cousas cambiaran para explicar agora este reingreso, e en todo caso alédase se é a señora deputada a que vai estar nesa Sección, porque cre que defenderá ben os intereses da provincia, e incluso quere darlle algunha idea ao respecto, para que vexa que non vimos aquí só a destruír, e por exemplo dille que habería que falar co responsable de Turismo da Xunta para que cando fagan plans de dinamización e sinalización, que non estaría de máis que falaran antes cos concellos, porque así evitaríamos problemas como que ao mellor estean sinalizados dous balnearios, un para un lado e outro para outro, e sexan o contrario, e ese tipo de cousas son polas que terá que velar, e se é ela a que vai estar aí, estupendo. Pero non se cre que esa fose a intención do Sr. Presidente, porque aquí se goberna a golpe de ocorrencias. Anuncia a abstención do seu grupo neste punto.

**Dona Ana María Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular**, dille ao Sr. Pérez Jácome que grazas ao traballo das administracións públicas e das empresas, o turismo na provincia está aumentando mensualmente, día a día, e así o reflectían esta mesma semana algúns artigos nos medios de comunicación. Dirixíndose ao Sr. Gómez Pérez, dille que lle parece estraño que agora se absteñan cando en 2012, no Pleno que se acordou a baixa da Deputación, votaron en contra, argumentado daquela que a cota de 3.000 euros anuais representaba un aforro pouco importante e que non nos debiamos apartar das institucións de ámbito nacional que apostan polos intereses das entidades locais que contan con augas minerais e termais. Di que Ribadavia si está incluída, e a obra a que nos referimos que foi subvencionada pola Deputación foi dentro do programa termal. Espera que, con base nestas consideracións, poidan reconsiderar o seu voto.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo](#)

Non se producen máis intervencións, e co voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Popular (14) e do BNG (1), o voto en contra dos deputados de Democracia Ourensana (2) e a abstención dos/das deputados/as do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

1º. Aprobar o compromiso de adhesión da Deputación de Ourense á Sección de Municipios con Augas Minerais e Termals de España adscrita á Comisión de Turismo da Federación Española de Municipios e Provincias.

2º. Aceptar as normas de funcionamento e organización da Sección de Municipios.

3º. Designar como representante político nesta sección a don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación Provincial, ou deputado no que delegue.

4º. Aprobar o pago da cota anual correspondente, aprobada pola Asemblea Ordinaria da Sección. A cota de 2016 é de 3.000 € para as deputacións provinciais.

5º. Notificarlle o acordo de Pleno á Federación Española de Municipios e Provincias (Rúa Nuncio, 8 – 28005 Madrid).

### **8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE AS INSPECCIÓN DE EQUIPOS DE APLICACIÓN DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. Lama Fernández, para que defenda o contido da moción, que foi ditaminada favorablemente na comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista**, expón o contido da seguinte moción:

*“O próximo 26 de novembro finaliza o prazo para que os equipos de aplicación de produtos fitosanitarios pasen unha inspección técnica (ITEAF), en cumprimento da directiva europea sobre uso sustentable dos praguicidas. En Galicia son 9.871 equipos de aplicación de fitosanitarios, entre barras pulverizadoras, atomizadores e outros - todos eles deberán estar inscritos no ROMA, o rexistro oficial que ten a Consellería de Medio Rural-, os equipos que deberán pasar a revisión, segundo os datos da Consellería de Medio Rural. Dende o punta de vista práctico, en Galicia tan solo está rexistrada una unidade de inspección radicada en Bergondo, A Coruña, así como outras 9 empresas de fóra da comunidade galega. Faise polo tanto case imposible cumprir coa data do 26 de novembro para pasar a inspección de tódolos equipos que hai na provincia de Ourense. Os socialistas consideramos que os cálculos son fáciles: unha unidade móbil inspecciona un máximo de 10 equipos de fitosanitarios ao día, xa que para facela ben leva entre 40 e 60 minutos por equipo, e se en Galicia hai entre 9.000 e 10.000 equipos inscritos no ROMA,*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

*sen contar as que non o están, o tempo non é suficiente. A Directiva 2009/128/CE, sobre o uso sostible dos praguicidas, establece a obrigatoriedade das inspeccións periódicas aos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios. O Real decreto 1702/2011, sobre inspeccións periódicas dos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios e o Decreto galego 69/2014, do 15 de maio, establecen que os ditos equipos serán inspeccionados de acordo cun programa de inspeccións elaborado pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia. O obxecto destas inspeccións dos equipos e máquinas de aplicación de produtos fitosanitarios é comprobar o estado e o seu funcionamento para conseguir unha correcta aplicación do produto nos cultivos agrícolas. Ademais, que cumpra coa normativa de seguridade respecto ao operador e coa normativa medioambiental para protexer tanto ao aplicador como ao entorno agrícola. Polo que respecta a provincia de Ourense, os Concellos máis afectados polas ITEAF e a comarca da Limia con 747 equipos inscritos no ROMA, Verín 265, Valdeorras 146, Ribeiro 124 ,Allariz –Maceda 82, Terra de Caldelas 29, Carballiño 27, sendo evidente que na provincia a Comarca da Limia ten a maior concentración de maquinaria agrícola. Si ademais temos en conta que somos unha das provincias máis agrogandeiras , que temos catro das cinco D.O vitivinícolas de Galicia, que a Limia fundamenta os seus cultivos entorno a cereais, patacas e algúns proxecto de horticultura, creemos que o Presidente Baltar ten que ocuparse moito máis do sector primario da súa provincia e en resolver os seus problemas diarios, e moito menos en a facer viaxes a EEUU para promocionar produtos que dalgún xeito se colleitan nalgunha comarca da súa provincia. O Grupo Provincial, creemos que non se está a dar a suficiente información a os afectados por esta normativa, o cal vai a poñer a moitos deles en situación de risco ante posibles sancións por parte das administración, por todo o exposto anteriormente, sometemos a debate e aprobación a seguinte proposta de acordo:*

*1.- Que o presidente da Deputación de Ourense esixa da Xunta de Galicia, que dispoñan por comarcas as unidades precisas para que tódolos equipos podan pasar a obrigada inspección e cumprir cos prazos que marca a normativa.*

*2.- Que o Presidente da Deputación de Ourense esixa da Consellería do Medio Rural, que as unidades de inspección que se establezan para cada comarca, volvan a pasar a segunda revisión naqueles casos en que fora preciso, para evitar o desprazamento longo e custoso para os agricultores a lugares afastados da súa comarca”.*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que a inspección técnica de unidades para aplicación de fitosanitarios, unha especie de ITV para verificar que están correctamente calibrados e funcionan correctamente, entrou en vigor o pasado día 1, e o prazo para pasar esa inspección vence o vindeiro 26 de novembro, e unha vez superada terá unha validez de cinco anos. Di que en total son nove, segundo os datos achegados pola portavoz socialista, as estacións de inspección técnica, a maior parte delas empresas de Castela e León, autorizadas pola Xunta para realizar esta inspección. Con todo, ao día da data estas empresas aínda non realizaron ningunha inspección en Galicia, e están a espera de que os seus axentes comerciais cheguen a acordos con cooperativas, sindicatos ou concellos para agrupar aos agricultores e gandeiros e reducir os gastos de inspección dos equipos. Di que o prezo medio por inspección anda en torno aos 100 euros, moi por enriba dos entre 40 e 60 que fixou a Xunta no caso de que o servizo fose prestado pola administración, algo que non se chegou a aplicar, deixando este servizo en mans da iniciativa privada. Di que segundo os cálculos de Medio Rural, en Galicia son arredor de 9.500 os equipos (entre barras, pulverizadoras, atomizadores ...) que deberán pasar a inspección, e a pesar da pouca información existente di que saben por boca da xefa de sección do servizo de sanidade e produción vexetal da Consellería de Medio Rural e do Mar que tódolos equipos haberá que inscribilos no ROMA, excluíndose só os pulverizadores de mochila e os de arrastre manual con depósito de ata 100 litros. Di que o seu grupo concorda coa moción do Grupo Socialista, e cren que dende a administración se deben dar tódalas facilidades para que se pasen estas inspeccións, porque hai inquedanza entre os propios agricultores, e estamos a falar de equipos que non é doado desprazar, polo que se debe tentar chegar o máximo posible as unidades de inspección aos agricultores, e en todo caso debe ser unha labor que se debe facer contando cos agricultores, coas empresas e coa coordinación da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Rural. Anuncia o seu voto a favor.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO**, di que esta é unha situación similar ao que se falou antes das abellas, hai unha normativa e un ámbito de competencias claramente definidas, e semella obvio e redundante dicir que se ten que cumprir esa normativa, e se hai algunha evidencia de que non se está a facer así, o que



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

procede é a denuncia. Cre que tanto o PSOE como mesmo o BNG son partidos coa suficiente entidade como para constituírse en parte nos xulgados ou onde proceda para dicir, se procede, que a Consellería de Medio Rural non está a cumprir co seu cometido neste asunto. Di que DO é un partido pequeno, pero cos seus escasos recursos se ten constituído en parte nos xulgados cando tivo indicios de que se estaba a incumprir a lei, e cre que iso mesmo o poderían facer partidos con maiores recursos e entidade. Di que non lle vale que se diga que iso supón xudicializar a política, porque é botar man dun mecanismo de control que está para algo, e de nada vale “instar a” se as normas non se están cumprindo por un organismo cando é a súa obriga. Anuncia a súa abstención.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, dille á Sra. Lama Fernández que a pesar de que na moción esqueceuse da comarca da Baixa Limia, pequena, humilde pero moi bonita, e a pesar dos consellos pouco agarimosos que lle da ao Sr. Presidente no texto da moción, e a pesar de culpa ao Grupo Popular de non informar non sei de qué, cando isto non é da nosa competencia, a pesar de que neste caso se esixe, e non só se insta, á Xunta de Galicia nun apartado e á Consellería de Medio Rural noutro (e di que non sabe por qué as separa) a pesar de todo isto, o Grupo Popular votará a favor por unha razón obvia: porque o que se pide xa se está facendo ou está programado facelo. Di que a normativa aplicable ven dada pola Directiva 2009/128/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de outubro de 2009, o Real Decreto 1702/2011, de inspeccións periódicas, e o Decreto galego 60/2014, cuxa finalidade é regular as inspeccións periódicas dos equipos utilizados nos tratamentos con produtos fitosanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia, dado que, aínda que a normativa estatal regula a maior parte das condicións e requisitos para a prestación deste servizo, é preciso establecer entre outros o procedemento para a autorización das estacións de inspección técnica dos equipos de aplicación dos produtos fitosanitarios. Nesta normativa se establece a quen poden pertencer estas estacións de inspección, que poden ser unidades propias da administración autonómica, departamentos de universidades especializados en mecanización agraria, centros de formación agraria, centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica, cooperativas agrarias e, por suposto, as empresas privadas. Estas estacións deben ter un domicilio social, así como unidades móbiles para a realización das inspeccións, a fin de facilitar as inspeccións dos equipos en toda a xeografía de Galicia. Polo tanto, a existencia

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

de unidades móbiles é obrigatoria, mentres que a existencia de instalacións fixas emprazadas en locais de queda como unha opción. Di que na actualidade en Galicia teñen solicitado o recoñecemento un total de nove entidades, autorizadas para a realización de inspeccións. A maior parte destas entidades está recoñecidas noutra país ou comunidade autónoma, e de Galicia hai unha, e hai tres entidades máis con domicilio social en Galicia que teñen solicitada a autorización nesta comunidade, contan xa con informe favorable e nos próximos días resolverase a súa autorización. Do mesmo xeito, xa se teñen presentado outras dúas solicitudes, en fase de comprobación, que se espera queden autorizadas nun curto prazo, e agárdase que nos vindeiros meses soliciten o seu recoñecemento en Galicia outras empresas que xa se interesaron, para tramitar e realizar estas inspeccións. A Xunta de Galicia decidiu que, entre as alternativas posibles, fose a iniciativa privada, en réxime de libre competencia, a que realizara as inspeccións aos agricultores que o demandasen, só a Comunidade Autónoma de Andalucía creou unha empresa pública para a realización en exclusiva das inspeccións, decisión que foi moi controvertida e criticada e terminou no Consello para a Unidade de Mercado, que en decembro de 2015 decretou que a atribución da prestación do servizo en Andalucía en réxime de exclusividade vulnera, para todos os efectos, o principio de necesidade e proporcionalidade contido na Lei de Garantía da Unidade de Mercado. Polo tanto, non é posible a realización desta tarefas en réxime de exclusividade por parte da administración pública (e comenta que a Sra. Lama ven moi intervencionista hoxe cos seus papeis) e en todo caso podería compatibilizarse coa iniciativa privada, pero a Xunta entende máis eficaz que sexan as empresas privadas as que leven a cabo as inspeccións e que a misión da administración sexa exclusivamente a de inspección e control desta actividade, asegurando ademais que a mesma chegue a todas as explotacións de Galicia que soliciten o servizo. Polo tanto, votarán a favor e a posición da Xunta de Galicia é a que acaba de expoñer, e dentro dun rato dará máis datos ao respecto.

**Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista,** agradece o voto favorable do Grupo Popular, e di que este é un problema puntual e estamos en prazo, porque este remata o 26 de novembro, e polo tanto, todos os equipos, se non fosen tan numerosos, poderían pasar esa inspección. É verdade que as normas se fan e a xente moitas veces asubiamos, pero o descoñecemento da norma non exime do seu cumprimento, e iso é certo, pero o problema está nos moitísimos equipos non están inscritos aínda, e tamén van

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

ter que pasar esa inspección. Outro problema é que a maioría das empresas son de fóra de Galicia, e non é viable chamalas e que veñan casa por casa a revisar os equipos, o lóxico sería que se fixera unha distribución por comarcas e se adxudicasen por concorrencia competitiva, de xeito que as empresas puidesen puxar ofertando un prezo máis razoable para os agricultores, porque os prezos ofertados varían entre 80 e 120 euros. Apunta incluso á posibilidade de facer un convenio entre a Deputación e a Xunta para poder cumprir os prazos, porque estamos falando de que as inspeccións aínda non se iniciaron, e o 26 de novembro o que non teña pasada a inspección poderá ser sancionado. A normativa está para cumprila, pero hai que axudar á xente a que a cumpra, e darlle facilidades, porque qué pasa, por exemplo, cun agricultor da Baixa Limia, a comarca do Sr. Álvarez Dobaño, vai pasar a revisión no seu municipio e non a supera (porque hai que revisar un montón de elementos dos equipos) porque nese caso tería que ir ao taller, facer os axustes precisos na máquina e volver pasar a inspección, e pregúntase qué pasa se nese intre non está xa a estación inspectora móbil no municipio, porque terá que montar o tractor nunha góndola e ir a Bergondo, ou a esas cooperativas ou centros de formación que hai habilitados para pasar esas inspeccións. É un problema real que temos nesta provincia, ao que hai que tratar de dar solución, e por isto agradece o apoio á moción. Por outra banda, os agricultores non sempre están ben informados, e concretamente na Limia non estaría de máis algunha charla no Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro radicado en Xinzo para informar a tódolos agricultores que teñan maquinaria deste tipo de que hai un prazo que teñen que cumprir paa evitar as sancións.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO,** reitera a súa posición inicial, porque as competencias son da Consellería de Medio Rural. Pon o exemplo desa xente que lle quita o silenciador á moto, cando hai unha normativa que limita os ruídos das motocicletas, pero non por iso sería lóxico que se trouxese aquí unha moción para instar á Inspección Técnica de Vehículos para que controle o ruído das motos, dáse por suposto que o organismo competente fará o seu traballo, e se non é así é nos parlamentos onde deben facerse as xestións pertinentes, porque a Deputación non é a responsable do mundo enteiro e dos problemas todos que hai no mundo, polo que reiteran a súa abstención, e esperan que cando teñan dous deputados no Parlamento de Galicia DO poida facer unha presión eficaz sobre a Consellería de Medio Rural neste e noutros asuntos.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** amosa o seu acordo co expresado polo portavoz de DO, agás no relativo ás súas esperanzas de representación parlamentaria, asunto que, en todo caso, dirán os cidadáns. Di que, para tranquilidade dos afectados, se están a crear empresas a un ritmo alto, o que permitirá axilizar as inspeccións e dispoñer dunha lista de empresas dispoñible para os agricultores. Di que se están a realizar charlas informativas en moitos puntos de Galicia. Engade que a Consellería non ten aínda o programa de inspeccións porque as empresas autorizadas non tiveron aínda unha gran demanda dos seus servizos, polo que as inspeccións se realizan a demanda, sen necesidade dun programa previo, e por último insiste en que as inspeccións están programadas con equipos móbiles que se desprazarán a lugares próximos ás explotacións proporcionados polos concellos, cooperativas, etc ..., polo que tanto a primeira como as sucesivas revisións, no caso de detectarse fallos, realizaranse en lugares próximos ás explotacións, esta é a vontade clara e decidida da Consellería de Medio Rural, e cónstalle que a súa titular, que procede deste ámbito, o vai intentar con todas as súas forzas.

**Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista,** di que o Decreto autonómico de 2014 fala de programas de inspección no seu título IV, e textualmente dispón que a Dirección Xeral competente en materia de sanidade vexetal establecerá un programa de inspeccións, que se axustará, en canto a prioridades e periodicidade, ao disposto no artigo 5. Fala tamén o Decreto do contido que ten que ter ese programa, e se establece que se debe aprobar antes do 30 de novembro do ano correspondente á súa programación. Iso é o que pon a normativa, e iso é o que o seu grupo bota en falla por parte da Consellería. En canto ás charlas informativas, entende que ben se poden levar a cabo no Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro radicado en Xinzo. Di que as presas soen ser malas conselleiras, e espera que non suceda o que pasou cos carnés de manipulador de produtos fitosanitarios, que moitos dos nosos agricultores foron a obtelos a outras CC.AA., e xa veremos se lles valen, e moitos foron vítimas de fraudes, chegando a pagar nada menos que 150 euros por barba. Polo tanto, pide que tratemos de evitarlle aos agricultores todas as trabas que teñen, porque xa teñen dabondo con vender os seus produtos a baixo prezo na maioría dos casos, e moitas veces cos atrancos, como se debateu no Pleno do mes pasado, das inclemencias meteorolóxicas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos/das deputados/das do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Que o presidente da Deputación de Ourense esixa da Xunta de Galicia, que dispoñan por comarcas as unidades precisas para que todos os equipos poidan pasar a obrigada inspección e cumprir cos prazos que marca a normativa.

2.- Que o presidente da Deputación de Ourense esixa da Consellería do Medio Rural, que as unidades de inspección que se establezan para cada comarca, volvan pasar a segunda revisión naqueles casos en que fora preciso, para evitar o desprazamento longo e custoso para os agricultores a lugares afastados da súa comarca.

### **9º.- CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA AOS INTEGRANTES DO GRUPO MUSICAL LOS SUAVES.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que o BNG, a través da concellería de Cultura do Concello de Ourense, impulsou en 2010 a proposta que logo rematou aprobándose no Concello de Ourense por unanimidade dos grupos, de nomeamento dos integrantes do grupo *Los Suaves* como fillos predilectos da cidade, dándolle ademais nome a unha praza no corazón do casco histórico. Por certo, unha praza que se atopa preto do colexio onde a famosa Lola da canción *Dolores se llamaba Lola*, un dos himnos máis coñecidos do grupo, estudaba cando era adolescente. Dicir *Suaves* é dicir dúas cousas: Ourense (iso si é ourensanía de verdade) e rock, de tal xeito que ámbalas dúas cousas van indisolublemente unidas, e se algo lle temos que agradecer a *Los Suaves* é que levaron o nome de Ourense por todo o mundo, e as súas camisetas, que visten os seus siareiros tanto de xeito cotiá como nos concertos son un xeito de promocionar a nosa provincia aló por onde van. Di que *Los Suaves* non son só ourensáns e galegos, exercen e

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

presumen de tales, e grazas a eles podemos dicir que Ourense é coñecida como a cidade de *Los Suaves*, polo que, como xa fixeron na comisión informativa, anuncia o seu voto a favor, felicitándose por esta iniciativa e felicitando a *Los Suaves* pola obtención desta medalla de ouro.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana,** pregunta se no salón de sesións hai algún compoñente de *Los Suaves*, comprobándose que non, e di que é algo que lle estraña, porque cando se lle fixo no Concello de Ourense a homenaxe ao piloto Estanislao Reverter, estaba alí a familia, e aquí en cambio non ven ninguén de *Los Suaves*, e supón que é que non se lles convidou, non sabe por qué. De feito, di que el chamou persoalmente onte a un dos membros fundadores, e nin sequera sabía que lles ían dar a medalla nin que este asunto se fose tratar hoxe, porque ninguén lles avisou, o que lle parece unha chapuza. Di que neste asunto, para DO, o doado sería facer o que fan os políticos, o politicamente correcto, é dicir, aquilo que se cre que vai dar máis votos e non asumir nunca posicións arriscada. Polo tanto, o doado para DO neste caso sería votar a favor, máxime cando son xente que son clientes da súa empresa, Jolper Music, e ademais son amigos persoais seus dende hai máis de trinta anos, e a primeira actuación que realizaron en Ourense foi cun equipo de son de Jolper Music, no pavillón dos Remedios, a finais dos oitenta, cre lembrar. Cre que en efecto ter a *Los Suaves* en Ourense é un luxo, porque esta xente si que levou o nome de Ourense por España adiante, pero cun custe baixísimo, a diferenza do Club Ourense Baloncesto ou o equipo de fútbol, nos que se gastaron ao longo dos anos millóns de euros en subvención, sen que esa suposta publicidade de levar o nome de Ourense polo mundo adiante xere ningún tipo de retorno, e de feito as grandes empresas dan as costas a eses clubs deportivos porque saben que para vender os seus produtos o feito de que os seus nomes figuren nas camisetas dos xogadores é irrelevante, e o da marca Ourense é unha trapallada. Pero no caso de *Los Suaves* non houbo subvencións, e o único gasto realizado a favor dese grupo se reduce ás ocasións en que deron concertos gratuítos nesta cidade. Non obstante, DO cre que non se lle debe dar a medalla de ouro a *Los Suaves*, primeiro porque xa tiveron un recoñecemento profesional pola súa actividade, segundo, porque houbo unha gran cantidade de actuacións que realizaron en Ourense subvencionadas con diñeiro público, e ademais dedicóuselles unha praza; pero, sobre todo, o motivo é o mesmo que aplicou o seu partido no caso de Reverter

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

a semana pasada no Concello de Ourense, e é porque cren que non é o paradigma que se debe ofrecer aos novos. Por cada persoa que triunfa no deporte hai miles de rapaces que arruinaron a súa vida soñando con triunfar cando non van chegar a nada, porque o deporte é algo tremendamente cruel para os que aspiran a ser profesionais, porque se non chegas a nada todo o esforzo realizado é esforzo perdido, e ademais ten un custe moi alto para a saúde, porque o deporte de alta competición non é deporte saudable. Di que coñece centros de rapaces que soñaron con ser guitarristas, cento de rapaces que pasaron pola súa tenda de instrumentos musicais, que abandonaron os seus estudos, non chegaron a nada e hoxe, con trinta, con corenta anos, non saben qué facer coa súa vida. Cre que isto é un exemplo equivocado para a sociedade, o mesmo que sucede co caso do piloto Lalao Reverter, e cre ademais que é un erro que as institucións poñan como modelo a xente que se dedica aos seus praceres, porque *Los Suaves* son unha xente que tiveron a sorte de poder converter o seu *hobby*, a música, no seu medio profesional de vida, e iso é unha sorte, pero o mundo non debe ir por aí, porque na vida hai que facer moitas veces cousas que custa facelas, e neste senso cre que temos un pouco de lado a xente ante a que realmente si hai que quitarse o sombreiro, como son os científicos, ou como é Pilar, a da Praza, que levanta a persiana do seu negocio cada mañá e está aí catorce ou quince horas para venderlle pan a quen pase por alí, e é xente que é a que realmente fai cidade, paga os seus impostos, e *curra*, facendo algo realmente duro, porque moitas profesións non son pracenteiras. En cambio, a profesión de *Los Suaves* é un pracer, dedicarse a algo que te gusta é un pracer e que aínda por riba sexas un exemplo para a sociedade é algo que non entende. Di que o outro día veu a película *Interstellar* e pensou que esa película podía espertar vocacións científicas, e pon como exemplo que en Ourense había o grao de Física e tiña só dez prazas, e di que esa titulación tiña que ter cen ou duascenas prazas por ano, porque realmente son os científicos os que cambian a nosa calidade de vida. Cre que as cousas deberían ir por aí, non por idolatrar a persoas que triunfaron na música ou no deporte e que xa tiveron a súa recompensa no seu propio éxito, porque cre que non son un bo exemplo social. E por ese motivo non poden votar a favor da concesión desta medalla de ouro.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que comparte e asume a última parte do que acaba de dicir o Sr. Pérez Jácome, en canto ao fondo da cuestión, e non do que se trata aquí, e tentará explicalo. Di que se as institucións fosen

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

exemplares cara á sociedade, dende logo o Sr. Baltar non tiña que estar sentado onde está, e por iso comparte parcialmente o que estaba a dicir o voceiro de DO. Pero, dito isto, o seu grupo entende que esa filosofía que expuxo o Sr. Pérez Jácome non é aplicable para o caso de *Los Suaves*, e anuncia o seu apoio á proposta, entendendo ademais que o acto de entrega da medalla se realizará outro día, acto no que agarda estean presentes os integrantes do grupo musical, porque a verdade é que o expediente que se tramitou está ben, e o van apoiar, e en todo caso a crítica que facía o Sr. Pérez Jácome en canto a que no estean presentes no acto pode deberse á incapacidade do Sr. Presidente para manexar esas cuestións.

Nese momento o **Sr. Doval Soto**, deputado da área de Cultura integrado no Grupo Popular, protesta dende o seu escano en relación con esta última afirmación do **Sr. Gómez Pérez**.

O **Sr. Gómez Pérez** continúa coa súa intervención, manifestando que esa é a súa opinión sobre o Sr. Presidente, e que en todo caso van apoiar esta proposta, polo que significa para o grupo *Los Suaves*, polo que significa para a provincia e ademais por outra razón, porque o seu grupo ve no Sr. Doval Soto, que foi o instrutor do expediente de concesión da medalla de ouro, a unha persoa que, estando nas antípodas do seu pensamento ideolóxico, fixo un excelente traballo neste expediente e que fai un excelente traballo nas comisións informativas, que informa aos grupos, que se informa de todo que se lle pregunta, e que ven cos deberes feitos, e polo tanto, o que lle piden é que, xa que fai ben todas esas cousas, a ver se monta un obradoiro de boas prácticas para aqueles que non saben de qué vai isto e non saben cómo se xestionan as comisións ou cómo se debe dirixir unha institución democrática. Polo exposto, felicita ao Sr. Doval Soto polo seu traballo que por este expediente, que terá o seu apoio porque cren que o merece.

**D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular**, comeza a súa intervención agradecendo a postura do BNG e do seu deputado, que xa explicou que no Concello de Ourense foron eles os que tiveron a iniciativa de distinguir ao grupo *Los Suaves* e darlle o seu nome a unha praza, e polo tanto había un motivo para ese recoñecemento. Di que respecta a opinión do Sr. Pérez Jácome, que ademais é un home que sabe moitísimo de música, de cultura e doutras cousas, e respecta esa opinión porque vivimos en democracia, e el, que viviu un tempo nunha ditadura, é un demócrata convencido, e dende a humildade o



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

único que pretende é facer o seu traballo o mellor posible. En canto ao que di o portavoz do Grupo Socialista, di que hai veces que as cousas dependen da cor do cristal con que se miren, e ese suposto erro consistente en que non estean hoxe aquí os integrantes de *Los Suaves* entende que non é erro ningún, porque o que corresponde é que estean o día do acto de entrega da medalla, que ese será o día grande, pero non hoxe, porque incluso podería suceder que non se adoptase o acordo, e entón sería un mal recordo para eles. Di que *Los Suaves* son todo un referente de Ourense e da música, e grazas a eles pode dicirse que en Ourense hai rock, e procede a dar lectura á proposta de resolución do expediente de honra tramitado, nos seguintes termos:

*“O que subscribe, nomeado instrutor das dilixencias, conforme sinala o Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, co obxecto de conceder honras a favor do grupo de rock ourensán Los Suaves, ten a ben informar o seguinte:*

*Que, por providencia do presidente da Deputación, don Manuel Baltar, con data 16 de novembro de 2015, dispuxo que se levara a trámite o expediente de honra para a concesión da medalla de ouro da provincia como homenaxe desta ao grupo musical Los Suaves, ante o recente anuncio, efectuado por eles, relativo á súa retirada dos escenarios, e tendo en conta a excepcional traxectoria deste conxunto musical. Conforme ao capítulo III do Regulamento de honores e distincións desta Deputación, noméase instrutor do expediente ao deputado don Manuel Doval e, secretario deste, ao asesor de política cultural don Aurelio Gómez, para indagar en cantos méritos concorren neste grupo, tanto nos aspectos vitais, no seu compromiso con Ourense, na súa dimensión musical e tamén na traxectoria dos seus compoñentes. Publicouse o oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no xornal local La Región, así como na páxina web da Deputación, para recoller testemuño dos veciños, entidades, concellos ou asociacións, coa finalidade de incorporalos ao expediente e así referendar os méritos deste grupo tan comprometido coa nosa provincia. Recibidos preto de 2.000 escritos de adhesión a tan xusta proposta do presidente da Deputación de Ourense, correspóndelle agora á Corporación Provincial en Pleno honrar, para a imperecedoira constancia e a transmisión a futuras xeracións, a memoria dun grupo tan querido e admirado por multitude de mozos e mozas.*

*Decláranse así feitos probados os seguintes:*

*Algunhas persoas desenvolven a súa carreira estritamente ligados á poboación que*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

*os viu nacer, e a súa proxección nacional ou internacional contribúe a fomentar o coñecemento desa poboación a niveis dificilmente imaxinables doutro xeito. Este é o caso do grupo de rock Los Suaves. O grupo formouse en 1979 da man dos irmáns Domínguez (Charly, Yosi e Javier), se ben, quen permaneceron na banda toda a súa traxectoria son Charly e Yosi. O seu estilo inicial era unha proposta próxima ao punk rock, evolucionando posteriormente cara á corrente musical do rock urbano. Coas incorporacións de Alberto Cereijo e Fernando Calvo, o son comezou a notarse máis influenciado polo heavy metal, cunha música caracterizada por longos cortes, onde destaca o virtuosismo dos instrumentos, apoiados por letras que expoñen xeralmente o lado máis amargo da vida, así como os problemas cotiáns e sociais.*

*A súa primeira grande oportunidade tivérona cando en 1981 telonearon a Los Ramones, na Coruña, o que lles supuxo un grande éxito e unha destacada repercusión mediática. Algo parecido sucedeulles tamén cando, en 1999, actuaron xunto a The Rolling Stones, noutro inesquecible concerto, en Santiago de Compostela. Nos primeiros anos da formación esta variaba con certa frecuencia, sendo a finais dos oitenta cando consegue asentarse e, deste xeito, van evolucionando cara ao auténtico “son Suaves”. Un acerto foi cando decidiron incorporar un gato como símbolo do grupo, quizais influídos pola aguia que representa a Los Ramones; co paso do tempo, a imaxe do gato de Los Suaves converteuse en toda unha icona do rock nacional, e son milleiros os seguidores que locen orgullosos as súas camisetas, dentro e fóra dos concertos, así como innumerables artigos de merchandising, onde, xunto co gato, aparece a palabra Ourense, formando unha identidade conxunta moi popularizada ao longo de todos estes anos, conseguindo que todos os roqueiros de España saiban que Ourense é a terra de Los Suaves. A formación actual compóñena Yosi Domínguez, Alberto Cereijo, Fernando Calvo, Charly Domínguez e Tino Mojón, pero ao longo destas case catro décadas foron moitos outros músicos os que deixaron a súa pegada na historia de Los Suaves, tales como Javier Domínguez, Ángel Barrio “Gelo”, Ramón Costoya “Moncho”, Ángel Ruiz, Carlos Costoya, Pepe Losada, Tony Valles, Tino Canolas, Carlos Romero e Alogo Mebuy “Hermes”, falecido en 2003. Todos eles son merecedores do noso recordo, recoñecemento e admiración. O estilo de Los Suaves, coas súas atronadoras guitarras e os seus brutais directos, xunto á calidade musical que foron alcanzando co paso dos anos, supúxolles o recoñecemento como a*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

*banda co mellor directo do panorama do rock español en varias ocasións, o que provocou continuas e exitosas xiras por todo o territorio nacional, con importantes masas de seguidores en cada unha das cidades ou poboacións nas que actuaban. Pero non só aquí puidemos gozar do “son Suaves”, tamén en Arxentina, Portugal, Alemaña, Irlanda ou Inglaterra coñeceron a calidade e o bo traballo desta banda de rock ourensá. Dende o seu primeiro disco, Esta vida me va a matar, editado en 1982, ata a actualidade, foron case unha trintena as súas gravacións, tanto en estudos, como en directo ou recompilatorios. Discos como: Frankenstein, Ese día piensa en mí, Maldita sea mi suerte (que foi disco de ouro), Malas noticias, Santa Compañía, (que foi disco de platino), Víspera de todos los santos, Si yo fuera Dios, El jardín de las delicias, Adiós, adiós, Suave es la noche, ¿Hay alguien ahí?... achegáronnos letras inesquecibles que pasaron a formar parte dos mellores temas da historia do rock nacional, tales como “Peligrosa María” “Dolores se llama Lola”, “Palabras para Julia”, “Si pudiera”, “Pardao”, “Esta vida me va a matar” ou “Mi casa”. A presenza de lugares e, sobre todo, personaxes de Ourense, atopámoslos en moitas das súas letras como se reflicte en “El afilador”, “Ourense-Bosnia”, “San Francisco exprés”, “Riazor Blues” ou “Hotel”, o que supón que milleiros de seguidores cantaran algunha vez con Yosi cousas coma esta:*

*“...yo nací tierra adentro  
por madre tuve una montaña  
mi padre...mi padre ha sido y es  
el padre de todos  
Río Miño es su nombre...”.*

*A Ourensanía deste grupo reflíctea perfectamente o seu líder Yosi, cando dixo aquela célebre frase de: “No sé si voy a ir al cielo o al infierno, pero lo que sí sé es que lo haré desde Ourense...” Tampouco faltan imaxes da nosa terra nos seus traballos discográficos, vídeo clips, entrevistas ou reportaxes. O Progreso, o cemiterio e a estación de San Francisco, a rúa Santo Domingo, a praza do Ferro ou a rúa San Pedro forman parte tamén desa “estampa Suaves”. Conservar un posto no máis alto da escena musical do país máis de trinta anos é algo reservado a un selecto grupo de artistas. Los Suaves son un deses míticos grupos que formaran parte da historia da música galega e do rock español, sendo merecedores do recoñecemento que hoxe facemos aquí na súa terra, na*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

*institución que representa a toda a provincia. Los Suaves ocupan xa un lugar na historia recente da nosa provincia, e temos a obriga de manter viva a súa memoria e garantir que formen parte para sempre da crónica ourensá.*

***Considerando, pois:***

*Que, as meritorias circunstancias persoais e profesionais que concorren no grupo musical Los Suaves, recollidas nos informes e manifestacións recibidas nas adhesións achegadas á Deputación de Ourense, e, neste caso, como instrutor deste expediente, considero que son determinantes para avaliar as grandes calidades que honran a este grupo, e é de obrigado deber desta Deputación promover a exaltación dos seus fillos ilustres que dedicaron a súa vida e as súas actividades a prol do noso desenvolvemento, tanto cultural, artístico, musical, social como económico.*

*Que, sentado este principio básico, este instrutor ten a obriga de investir de eficacia xurídica o desexo desta institución, fiel representante da nosa provincia, conferíndolles a Los Suaves as honras previstas no noso Regulamento.*

*Polo exposto anteriormente, e vistos os artigos do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, o instrutor ten a honra de formularlle á Excm. Corporación Provincial a seguinte **proposta:***

*Como homenaxe da provincia de Ourense ao destacado grupo musical Los Suaves, de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, outorgarlles a medada de ouro da provincia, como homenaxe e recoñecemento do noso pobo a toda unha longa traxectoria musical, chea de éxitos, nos que nunca faltou a permanente manifestación da súa Ourensanía.*

*Elévase a presente proposta ao Pleno da Excm. Corporación Provincial, para a súa aprobación, se procede*

*Ourense, 12 de maio de 2016.*

*O deputado . instrutor*

*Asdo: Manuel Doval Soto”.*

Concluída a lectura da proposta de resolución, o **Sr. Doval Soto** agradece a todos a súa atención, e diríxese ao **Sr. Pérez Jácome** pedíndolle que apoie esta proposta, como foi apoiada na Comisión Informativa de Cultura.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que lamenta a postura de DO, aínda que coincide basicamente co que dixo o seu portavoz en canto a que evidentemente sería desexable que os referentes para a xuventude fosen outro tipo de referentes que hoxe están máis agochados, como científicos, enxeñeiros, físicos... porque todos sabemos que é o traballo desas persoas o que realmente fai avanzar a vida real das persoas, pero en todo caso entende que ese é outro debate que non ten nada que ver co que se está a tratar hoxe, e aí ao mellor tamén lle asigna a esta Deputación un papel na concesión desta medalla que ao mellor tampouco ten, porque a xente e os rapaces novos, cando procuran os seus referentes, non cre que acudan aos diarios de sesións desta casa, porque por desgraza os medios de comunicación teñen maior relevancia á hora de establecer eses referentes. En definitiva, coincide coa súa reflexión, pero ese non é o debate do que se está a falar neste punto da orde do día, porque se trata de outorgar un recoñecemento a unhas persoas que, polo que nos acaba de ler o Sr. Presidente da Comisión Informativa de Cultura e deputado – instrutor do expediente, reúnen os méritos e requisitos suficientes e máis que sobrados para seren acredores dese recoñecemento, e en todo caso oxalá dentro duns anos poidamos traer a este plenario un expediente de honra a algún físico ou matemático ourensán, porque lle concedesen o premio Nobel ou algunha distinción desta natureza. Lamenta que o acordo non se adopte por unanimidade, porque entende que este tipo de acordos son máis desexables si se adoptan como reflexo da vontade unánime de tódolos grupos políticos representativos da provincia.

**Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de DO**, fai unha broma dicíndolle ao Sr. Doval que se chega a dicir que ía ler o expediente, terían chegado a un acordo para votar a favor a cambio de que non o lese. Di que todo ese *rollo* do “o importante é participar” que se promove dende ad administracións públicas e mesmo dende o Comité Olímpico, todo iso se queda en nada cando se lle da unha medalla só a quen por distintos motivos logrou triunfar, e non por sacrificarse polos demais, senón por facer algo que lle interesaba. Entón, todo ese discurso do “o importante é participar” é mentira, e pregúntase cando lle van dar unha medalla a un perdedor, a un tío que suspende unha oposición por mala sorte despois de estar estudando oito ou dez anos, e di que el coñeceu a unha persoa que dedicou anos a preparar oposicións, suspendeu e suicidouse, porque a vida é así de dura. Pregúntase por qué lle damos unha medalla a que se dedicou aso seus praceres, porque a música é un

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

pracer, ao igual que o deporte, e a xente que se dedica á música o fai porque iso os fascina, non ten nada que ver con estudar física ou química, en que te vas atopar un montón de materias que se te poden *atragantar*, pero a música é un pracer aínda que teñas que repetir escalas. Resulta que unha persoa que se dedica aos seus praceres e ademais tiña a vida solucionada – porque o fundador de *Los Suaves* era policía e tiña a vida resolta nese senso – ten a sorte de triunfar, faise rico e a maior abastanza dámoslle unha medalla de ouro, ¿para qué?, ¿para que serva de exemplo aos novos?. Para el ese non debe ser o exemplo para os novos, o exemplo deben ser os que transforman a sociedade, e cre que *Los Suaves*, ante os que se quita o sombreiro pola súa traxectoria profesional, xa tiveron suficiente recompensa na vida. Di que na súa proposta o Sr. Doval nomeou aos integrantes de *Los Suaves*, dicindo que esta Administración os admira, e di que qué carallo os vai admirar esta Administración, e que citou a Tito Canolas, un gran batería, que vai por Jolper, a súa tenda de música, tódolos días, e o coñece e aprecia moito, pero non o admira, porque non ve qué carallo hai que admirar en todos eses músicos. Pregúntase se esta institución le deu algunha medalla de ouro ao doutor Garrido, ou ao doutor Gallego, xa desaparecido, ou a xente que montou fábricas e creou postos de traballo, e se non é así, se pregunta a qué estamos xogando aquí, porque estamos cos paradigmas equivocados, e cre que así non se progresa na sociedade.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, reitera o seu apoio á proposta, e dille ao Sr. Doval que o de que non se sabía si se ía aprobar non é escusa para non ter convidado a *Los Suaves*, porque aprobar se sabía que se ía aprobar, porque o Grupo Popular ten maioría absoluta e aproba todo o que quere. En alusión aos argumentos do Sr. Pérez Jácome, apunta que os praceres é mellor deixalos fóra das institucións, porque senón pasa o que pasa, como pasa nesta.

**Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular**, di que espera que esta institución conceda algunha vez unha distinción a alguén que non a mereza polos seus praceres, e agarda que nese entón o acordo sexa unánime. Di que se os deputados de DO non comparten as razóns polas que se concede esta medalla, é respectuoso con esa decisión porque iso é a democracia, e en todo caso agradécelles a súa achega.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto noveno](#)

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Outorgarlles a medalla de ouro da provincia aos integrantes do grupo musical Los Suaves, como homenaxe e recoñecemento do noso pobo a toda unha longa traxectoria musical, chea de éxitos, nos que nunca faltou a permanente manifestación da súa ourensanía.

**10º.- PROGRAMA DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COS CONCELLOS, PARA A CREACIÓN E O CONFINANCIAMENTO DUNHA REDE DE ESPAZOS CULTURAIIS E A PROGRAMACIÓN COORDINADA DE ACTIVIDADES A NIVEL PROVINCIAL (2016).-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, e anuncia que o deputado delegado de Cultura presentou unha emenda no sentido de cambiar o contido da letra b) da cláusula segunda.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que o seu grupo vaille conceder o beneficio da dúbida a esta iniciativa que agora bota a andar, e van votar a favor, porque pensan que é unha proposta interesante, aínda que de todas maneiras debería tomarse nota das deficiencias que se detecten neste exercicio ata finais de ano, de cara a tentar emendar en vindeiros anos as eivas que se detecten. En canto á emenda que se propón, di que incluso serían máis partidarios de que a letra b) se suprimise totalmente, é dicir, que non se imponha aos concellos un mínimo de espectáculos a programar, sobre todo pensando que hai concellos pequenos que ao mellor non teñen capacidade de facelo, e pensando tamén que a propia Deputación, que non o esquezamos, vai destinar 100.000 euros a esta iniciativa, a repartir entre tódolos concellos, ao mellor tampouco é capaz de financiar na súa parte, cun orzamento tan cativo, tódalas actividades se lle esiximos aos concellos, que son noventa e pico, si se adhiren todos, seis espectáculos ao ano.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz de DO**, di que DO soe dicir que os espectáculos e actividade culturais, na medida do posible, deben ser pagados polos propios

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

espectadores, pero no medio rural é imposible facer rendibles esta clase de actuacións, e a axuda pública é imprescindible e necesaria. O que pasa é que DO non ten representación nos concellos, non coñece en detalle os seus orzamentos, os seus recursos, non saben se esta maneira de redactar as bases do programa son as axeitadas, e lembra que na comisión informativa un deputado do Grupo Socialista manifestou que obrigar aos concellos a achegar o 25 % do custe da actuación podía facérselles difícil. Di que tampouco saben se todos os concellos poden ter os lugares axeitados para desenvolver as actividades ás que se refire o programa, no que se di que teñen que cumprir con todos os requisitos legais e técnicos, o se poden alugalos, e en definitiva non saben se estas bases son realistas, se as cousas poden facerse chegada a práctica e si será viable para os concellos, e si a través deste programa se pode acadar a finalidade de levar a cultura ao rural sen detraer recursos que ao mellor son necesarios para outro tipo de cousas. Polo exposto, anuncia a súa abstención, porque aínda que comparten a filosofía desta proposta, e a idea da creación dunha rede deste tipo na provincia (porque estas cousas se programan mellor a través de redes, debido a que aos artistas non lles compensa desprazarse dende as grandes cidades ao rural para un único espectáculo, pero si se se fai concertando actuacións en diferentes sitios, e esta é unha técnica que tamén usan as empresas privadas de espectáculos) non teñen datos para saber se estas bases concretas son viables e realistas ou poden ser un fracaso, sen prexuízo de animar a continuar esta liña de traballo, que si lles parece positiva.

**Dona Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista**, di antes de entrar ao debate do asunto quere pedir a todos unha reflexión sobre o que aconteceu no segundo punto da orde do día, onde se realizou unha intervención premeditada, que para nada tiña que ver co punto, e foi un ataque, como aconteceu no Pleno anterior, contra o portavoz do PSOE. Reitera que o seu grupo apoia integramente ao seu portavoz, e pide que non sigan con ese argumento, porque de verdade é que xa cansa. Entrando no punto da orde do día, di que o seu grupo vai votar a favor destas bases, con independencia de que non se aceptaran todas as propostas de mellora que fixeron. Dálle o parabén ao Sr. Doval Soto por traer este tipo de iniciativas, por tentar chegar a acordos nas comisións, e deixar aos grupos da oposición participar na elaboración das bases, cousa que non sempre sucede, porque é frecuente que as bases se aproben en Xunta de Goberno sen pasar polas comisións. Di que as bases son mellorables, dende logo, pero cre que iniciativas como esta van contribuír para



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

que moitos concellos do rural fagan un labor de dinamización cultural e para que todos os veciños e veciñas teñan acceso á cultura, con independencia do seu lugar de residencia, porque por desgraza, nesta crise económica, no primeiro no que recortaron os gobernos do PP foi na cultura, e basta para velo con botar unha ollada a esta provincia e ver cuántos concellos contan cunha axenda cultural fixa. Remata dicindo que non podemos esquecer que o acceso á cultura e tódolos seus ámbitos nos fai máis librepensadores.

**Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular,** agradece as opinións dos portavoces que interviñeron e o seu apoio a esta iniciativa, que ten que arrancar dalgún xeito, e é consciente de que non vai chegar aos noventa e un concellos, e que evidentemente deixa fóra ao Concello de Ourense, cuxos cidadáns teñen outras posibilidades, e o que se busca é achegar a cultura en sentido amplo aos nosos veciños. É evidente que esta proposta será mellorable, e aínda que non de chegado aos noventa e un concellos, porque non todos dispoñen de instalacións axeitadas, pouco a pouco se irá avanzando. Se pasa de cero a 100.000 euros, que non é unha contía para tirar foguetes pero xa é considerable, e se somos quen de utilizalos ben seguro que darán os seus froitos. Con respecto ás palabras da deputada socialista, di que traballar e facelo o mellor posible é a súa obriga e a de todos nós. Con respecto á emenda, di que se estudou co asesor de política cultural á vista do expresado na comisión informativa, e que se tentou darlle unha redacción que fose máis flexible, porque a redacción orixinal esixía que os espectáculos fosen bimensuais. Di que na comisión de seguimento da rede estarán representados tódolos concellos adheridos, e agarda que sexamos capaces de traballar en rede e chegar ao máximo número posible de concellos e aos seus cidadáns (a tamén aos da capital, que se poderán desprazar a eses municipios para ver os espectáculos) e conseguir dese xeito ser persoas máis libres e construír o futuro.

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG,** insiste na idea de suprimir a esixencia de programar un mínimo de seis espectáculos anuais, porque cre que isto pode ser unha barreira para moitos concellos, e cre que sería preferible permitir a pequenos concellos con poucos recursos adherirse e programar dous ou tres actos be feitos, e non ter que organizar seis daquela maneira, malamente e sen recursos, ou mesmo que se teñan que quedar fóra. Solicita, por isto, que se suprima esta cláusula se é posible. En todo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

caso, como é unha experiencia nova da que se vai aprender, e malia que o orzamento lles pareza insuficiente (aínda que sexa un avance) reitera o seu voto a favor.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz de DO**, abonda no xa exposto na intervención anterior, e di que cre que para algúns concellos pode que estas condicións sexan axeitadas, pero para outros pode non selo, e pensan que nalgún caso podería estar xustificada a achega do 100 % por parte da Deputación, aínda que reconece que son criterios difíciles de establecer sen que haxa discriminacións. Polo exposto, reitera a súa abstención, porque aínda que lles parece unha boa idea, non poden votar a favor ao non saber se o seu desenvolvemento é o axeitado.

**Dona Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista**, reitera o seu voto a favor das bases, nas que habería que cambiar bastantes cousas, pero tamén é importante botar a andar, e cando se vaia vendo cómo vai funcionando haberá que melloralas.

**Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular**, agradece novamente o apoio do resto de grupos, e di que cre que hai un erro aquí, porque os concellos xa están levando a cabo moitas actividades sen que lles esteamos a financiar nada, e esas actividades son as que se van computar. As bases non esixen que as seis actividades se desenvolvan necesariamente dentro da rede, porque se entende que non deben entrar na rede os que non fagan nada. De todos modos, xa se verá cómo funcionan, e oxalá se chegue aos noventa e un concellos.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación, en primeiro lugar, a emenda do deputado de Cultura, que é aprobada co voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2).

A continuación somete a votación o ditame emendado e co voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa da Deputación de Ourense cos concellos, para a creación e o cofinanciamento dunha rede de espazos culturais e a programación coordinada de actividades a nivel provincial (2016), co seguinte contido:

**PRIMEIRA.- Obxecto e constitución.**

1. Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos no eido da cultura para o exercicio 2016, co obxecto de cofinanciar e cooperar conxuntamente cos concellos no fomento e a difusión das artes escénicas e da música na provincia, mediante a constitución dunha Rede de espazos culturais (auditorios, casas de cultura e centros multiusos) da provincia de Ourense, establecendo así mesmo o seu marco regulador.

2. A rede estará integrada pola Deputación de Ourense e todos os concellos de menos de 20.000 habitantes que contén con espazos escénicos que reúnan os requisitos establecidos na cláusula segunda e soliciten a súa adhesión.

3. A dirección e representación da rede correspóndelle á Deputación Provincial a través do deputado delegado en materia de cultura, correspondéndolle á asesoría de Política Cultural da Deputación as funcións de impulso e seguimento.

4. O cofinanciamento pola Deputación de Ourense realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 33420/22611, cunha dotación inicial de 100.000,00 € no orzamento corrente.

**SEGUNDA.- Requisitos para a integración na Rede.**

Os concellos que soliciten a súa integración na Rede de espazos culturais da Provincia de Ourense deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Dispoñer en propiedade dun espazo axeitado para o desenvolvemento da actividade escénica. Aqueles concellos que non dispoñan de local en propiedade deben acreditar unha relación de alugueiro ou autorización de uso coa entidade propietaria deste, asumindo, neste caso, a entidade arrendataria as condicións estipuladas no presente programa para os membros da Rede.

b) Asumir por temporada a programación de, polo menos, seis espectáculos nos ditos espazos.

c) Dispoñer dun técnico responsable da xestión da actividade no concello ante a Rede.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

d) Ter menos de 20.000 habitantes segundo a derradeira cifra oficial publicada polo INE.

**TERCEIRA.- Procedemento de adhesión.**

1. As solicitudes para a integración na Rede de espazos culturais da Provincia de Ourense presentaranse mediante escrito dirixido ao Presidente da Deputación de Ourense, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Xunto coa solicitude deberá achegarse:

a) Certificado do acordo adoptado polo órgano competente do concello de integración na Rede segundo modelo que figura no presente convenio como anexo I.

b) Ficha técnica segundo modelo que figura como anexo II desta convocatoria.

2. Corresponde ao Presidente ou deputado en quen delegue, mediante resolución, aprobar as adhesións dos concellos que cumpran cos requisitos indicados, do que se dará traslado ao solicitante e á comisión de seguimento.

**CUARTA.- Obrigas dos membros da Rede.**

Os concellos que se integren na Rede de Espazos Culturais da Provincia de Ourense quedan obrigados a:

a) Manter os locais incluídos na rede en actividade continuada, asumindo os gastos de conservación e mantemento destes.

b) Realizar, polo menos, a programación establecida na base segunda, dispoñendo para isto os recursos económicos necesarios.

c) Dispoñer do persoal técnico adecuado para desenvolver a actividade.

d) Asumir as decisións adoptadas pola Rede no seo da comisión de seguimento e os compromisos de programación.

e) Cumprir as condicións económicas, técnicas e de xestión que se negocien para cada espectáculo.

f) Asistir ás reunións da Rede, nas que se estudarán as propostas de programación.

g) Incorporar na publicidade o logotipo da Rede e o da Deputación de Ourense, e no local, un rótulo identificativo, que recibirán desde a Deputación, no que se reflecta a súa pertenza á Rede de espazos culturais da Provincia de Ourense.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

h) Ofrecer o espazo a outras compañías ou grupos – dando preferencia ás da provincia de Ourense – á marxe das programadas pola Rede, nas condicións que se acorden entre as partes, celebrando con estas un mínimo de dúas actividades anuais.

i) Finalizada a actuación, o concello responsable emitirá un certificado onde se faga constar: data, hora e lugar de celebración, número de asistentes e valoración da actuación, o cal se remitirá á Deputación Provincial e do que dará conta á comisión de seguimento.

j) Así mesmo, terminada a tempada, presentarán unha memoria que recolla as actividades realizadas coa Rede.

**QUINTA.- Dereitos dos membros da Rede.**

Os concellos que se integren na Rede de espazos culturais da Provincia de Ourense terán os seguintes dereitos:

a) Acceder aos beneficios establecidos pola Deputación de Ourense para a programación de actividades escénicas.

b) Participar das axudas económicas que oportunamente se convoquen para a rehabilitación e equipamento dos locais pertencentes á Rede.

c) Recibir información das propostas artísticas coordinadas a través da Rede.

d) Participar no deseño da programación cultural que lles afecte, a través da comisión de seguimento.

e) Facer uso e publicitar a súa condición de membro da Rede.

**SEXTA.- Comisión de seguimento e programación da Rede.**

1. Coas funcións que se indican no apartado segundo, créase unha comisión de seguimento coa seguinte composición:

Pola Deputación de Ourense, actuarán con voz e voto o deputado delegado de cultura, que ostentará a Presidencia, o deputado delegado de cooperación e o asesor de política cultural.

Polos concellos adheridos, un membro por cada concello, designado por este.

Actuará como secretario/a da comisión un/ha funcionario/a da Deputación, con voz e sen voto, coas funcións dunha secretaría de actas

2. As funcións da comisión de seguimento serán:

- Aprobar a programación da Rede.

- Resolver as incidencias que poidan xurdir da interpretación das presentes bases.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

3. Para a adopción de acordos establécese o sistema de voto ponderado, de xeito que á Deputación lle corresponden tantos votos como concellos teñan representación na referida comisión. A Presidencia terá voto de calidade en caso de empate.

4. A comisión de seguimento reunirse polo menos dúas veces por tempada e no seu seo debateranse, analizaranse e valoraranse as diferentes propostas que se formulen, seleccionando estas e determinando a programación da Rede.

**SÉTIMA.- Financiamento de programas e contratación.**

1. A Deputación de Ourense negociará coas compañías as condicións técnicas e económicas dos espectáculos. Unha vez determinadas estas e incorporadas á Programación da rede, subscribirá cos correspondentes concellos integrados os oportunos convenios de colaboración, nos que se especificarán as datas de programación, forma de pagamento e porcentaxe que lle corresponde a cada parte (modelo de convenio - tipo como anexo III).

2. A Deputación asumirá os gastos de publicidade e organización da Rede e achegará parte do custo do caché de cada espectáculo, segundo se determine nos correspondentes convenios. Como norma xeral, da programación conxunta que se realice, a Deputación de Ourense achegará o 75% do custo total de cada espectáculo, achega que pode variar nalgúns programas de xeito motivado.

3. Os concellos integrados asumirán a parte restante do custo do espectáculo ou actividade, así como os impostos correspondentes, SGAE e demais gastos que xere a actividade. A porcentaxe correspondente ao concello será liquidada pola Deputación consonte ás porcentaxes indicadas nesta cláusula e o convenio suscrito para cada actividade.

4. Os posibles ingresos que xere a actividade serán xestionados e recibidos directamente polos concellos. A fixación de prezos para o público asistente por parte do concello debe recollese no convenio específico e, en todo caso, debe ser comunicado á comisión de seguimento.

**OITAVA.- Memoria de actividades.**

A Deputación de Ourense, ao finalizar cada tempada, remitiralles aos compoñentes da Rede de espazos culturais da Provincia de Ourense unha memoria onde se recollan os datos xerais das actividades desenvolvidas en coordinación coa Rede.

**NOVENA.- Vixencia do programa de cooperación.**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

O presente programa de cooperación ten vixencia anual ata a data 31.12.2016. No caso de que na data de finalización non se teña aprobado un novo plan, por decreto da Presidencia poderá prorrogarse a súa vixencia anualmente, previo acordo favorable da comisión de seguimento e condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente.

**DÉCIMA.- Extinción e modificación do programa.**

1. As adhesións ao presente programa de cooperación poderán extinguirse polas seguintes causas:

a) Por denuncia unilateral de calquera das entidades locais adheridas, sen necesidade de alegar ningún tipo de causa. En todo caso, a denuncia deberá comunicarse cunha antelación mínima dun mes respecto da data da súa efectividade, se ben a mesma non terá efectos ata a finalización da programación xa aprobada.

b) Por resolución unilateral da Deputación, con respecto ás entidades adheridas que incumpran as súas obrigas convencionais esenciais. A resolución adoptarase pola Deputación, previa audiencia da entidade local afectada, mediante resolución da Presidencia.

c) Pola declaración da súa extinción, co carácter xeral, e para todas as entidades adheridas, por parte da Deputación. Esa declaración corresponderá ao Pleno da Deputación, terá carácter motivado e deberá adoptarse previa audiencia das entidades adheridas e cunha antelación mínima dun mes respecto da data da súa efectividade.

2. A Deputación Provincial poderá modificar unilateralmente o programa por acordo plenario e previa audiencia das entidades adheridas a través da comisión de seguimento, por razóns de oportunidade. En todo caso, as modificacións entrarán en vigor no prazo mínimo dun mes dende a súa aprobación, agás que exista causa xustificativa para o establecemento dun prazo menor.

**UNDÉCIMA.- Suspensión temporal do programa.**

A eficacia do convenio poderá suspenderse, de forma temporal, e exclusivamente por causas de forza maior, mediante resolución da Presidencia da Deputación, da que, en todo caso, darase conta ás entidades adheridas a través da comisión de seguimento, e, de ser posible, con anterioridade á data de inicio da suspensión.

**DUODÉCIMA.- Normativa supletoria.**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

En todo o non disposto nestas bases, seralles de aplicación á presente convocatoria o disposto na normativa de subvencións aplicable á Deputación Provincial, así como na lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

**Anexo I: Modelo da parte dispositiva do acordo de adhesión ao convenio marco.**

**1º) Aprobar a adhesión do concello de \_\_\_\_\_ ao Programa marco de cooperación da Deputación Provincial de Ourense cos concellos da provincia para a creación dunha rede e programación coordinada de espazos culturais a nivel provincial.**

**2º) Designar como persoa responsable da execución do programa a..... Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao alcalde/ presidente para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes.**

**3º) Asumir expresamente as obrigas previstas para os Concellos segundo o previsto no Programa de cooperación para a creación e o cofinanciamento dunha rede de espazos culturais e a programación coordinada de actividades a nivel provincial (BOP núm. xx de data xx/xx/xxxx).**

**4º) Declarar expresamente que os espazos culturais adheridos e que se relacionan ....., contan con todas as autorizacións e permisos necesarios segundo a normativa aplicable para o desenvolvemento das actividades culturais obxecto do presente programa.**

**Anexo II: Modelo de ficha técnica (un por espazo cultural).**

**1. DATOS DO ESPAZO CULTURAL:**

<b>CONCELLO</b>	
<b>ESPAZO CULTURAL</b>	
<b>DIRECCIÓN</b>	
<b>TELÉFONO</b>	
<b>PERSOA RESPONSABLE</b> (Nome e apelidos e cargo ou posto)	
<b>CONTACTO DA PERSOA RESPONSABLE</b>	




<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

<i>(Teléfono e enderezo electrónico)</i>	
<b>ENTIDADE TITULAR DO ESPAZO</b> <i>(Se non é municipal indicar título habilitante)</i>	
<b>AFORO</b> <i>(Desglosado por zonas, se procede)</i>	
<b>DIMENSIÓNS</b> <i>(Desagregado por zonas, se procede)</i>	
<b>EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL</b> <i>(Detallar)</i>	
<b>EQUIPAMENTO ESCÉNICO</b> <i>(Detallar)</i>	
<b>EQUIPAMENTO DE ILUMINACIÓN</b> <i>(Detallar)</i>	
<b>OUTROS SERVIZOS</b> <i>(Detallar)</i>	

**2. FOTOGRAFÍAS (INTERIORES E EXTERIORES) DO ESPAZO CULTURAL:**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--



**Anexo III: Convenio-tipo para a realización de actividades programadas na rede.**

2º.- De conformidade co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, as bases reguladoras do programa inicialmente aprobadas someterase a información pública, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de dez días hábiles, durante os que as entidades locais interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que consideren oportunas, as cales serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

automaticamente aprobadas de xeito definitivo, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**11º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR EN APOIO DA FESTA DO BOI DE ALLARIZ.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Doval Soto, para que defenda o contido da moción, que foi ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular**, di que tódalas actividades culturais, festas ou similares que se desenvolven ao longo da nosa provincia non só teñen que servir para o goce dos nosos veciños e veciñas e dos que nos visitan; tamén son ferramentas imprescindibles para situar a Ourense no lugar que lle corresponde. Ademais, poñen en valor o noso inmenso patrimonio, material e inmaterial, e as nosas singularidades. A Festa do Boi supón ademais un pulo para a economía, especialmente para Allariz. O presente, e moito máis o futuro, esíxenos unha visión o máis ampla e global posible, construída por acontecementos individuais que xorden ao longo do ano nos pobos e vilas da nosa xeografía. Para aproveitar ao máximo esta riqueza, hai que facelo en clave de provincia, e sendo moito o que queda por facer, está seguro que entre todos se conseguirá e é o que os nosos veciños nos demandan e esperan de todos nós. Polo exposto, solicita o apoio á moción seguinte, que foi ditaminada favorablemente na comisión informativa do día 19:

*“A Festa do Boi é unha festa medieval que, seguindo ás lendas populares, remóntase ao século XIII. Arrinca dun enfrontamento relixioso e social entre xudeus e cristiáns. Durante as celebracións do Corpus Christi, os xudeus que vivían na vila mofábanse dos cristiáns. Foi así coma un nobre da vila, Xan de Arzúa saíu a lombos dun boi para facer fuxir aos xudeus que se mofaban, e deste modo termináronse as mofas. En memoria deste acontecemento, e sufragado polo capital que deixara expresamente para iso o nobre Xan de Arzúa, todos os anos se corría un boi polas rúas alaricanas. O ascenso en participación, popularidade e proxección pública da festa dende a súa recuperación foi crecendo, chegando a declararse polo Consello da Xunta de Galicia no ano 2006 “festa de interese turístico de Galicia”. Na actualidade, a organización e financiamento da festa corre a cargo da Asociación Cultural “Xan de Arzúa”, integrada polos veciños da*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

*localidade. O programa das festas, que inicialmente contaba con 3 días, ten una duración actual de 9 ías, durante os cales ambiéntanse as rúas da localidade a modo medieval para recrear a orixe da festa, celebrándose distintas actividades culturais e deportivas, polo que compre non centrar só esta festa na carreira do boi, pois ao longo destes 9 días estanse tamén a desenrolar actividades deportivas e culturais tales coma andainas e maratóns, roteiros, carreiras infantís ou xogos populares. Compre salientar o retorno económico que esta festa deixa na nosa provincia. A multitudinaria afluencia de visitantes, que tan so nunha fin de semana chega a superar a cifra diaria de 12.000 persoas, xera un importante volume de negocio na propia vila e na contorna. Para o sector servizos (comercios local, hostalaría, transporte, etc...) os ingresos neste período supoñen sen dúbida unha moi salientable parte da súa facturación anual.*

*Aínda mais, a proxección desta festa repercute de maneira moi positiva na oferta turística da provincia de Ourense, que aos seus atractivos no ámbito termal, paisaxístico, patrimonial, cultural e gastronómico engade tamén citas que axudan a mellorar a oferta lúdico-promocional do turismo na nosa provincia, eixo estratéxico de desenvolvementos. O Pleno do Concello de Allariz recentemente aprobou por unanimidade dos grupos políticos unha declaración de apoio á Festa do Boi. En virtude do exposto, propoñemos que o Pleno da Deputación adopte o seguinte acordo: “A Deputación de Ourense, manifesta o seu apoio á Festa do Boi de Allariz por tratarse dunha festa de arraigamento histórico de case 700 anos, onde se exaltan as tradicións, cultura e demais elementos que contribúen á mellora da oferta lúdica e promocional da nosa provincia”.*

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG,** di que o seu grupo agradece que o PP se sume, no concello e nesta Deputación, á potenciación desta manifestación cultural que pervive dende hai sete séculos e representa un vínculo de unión veciñal e un compromiso coas nosas raíces, fundamente vencelladas a un pasado medieval de recoñecida relevancia histórica. A presenza do boi nas actividades festivas xustifícase pola propia esencia da tradición, xa que é este animal o protagonista positivo e o símbolo duns feitos que nos retrotraen ao ano 1317 e aos enfrontamentos sociais entre xudeus e cristiáns. O boi de Corpus é unha festa de orixe medieval auténtica que non garda ningunha relación con festexos taurinos nin con tradicións nas que os animais son agredidos, sometidos a situacións

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

violentas ou asasinados. A Festa do Boi é galega 100 %, non é unha celebración taurina nin pola súa realidade obxectiva nin polo sentimento subxectivo do boi que a protagoniza, e as carreiras do boi non son un ataque contra o animal senón unha homenaxe ao seu papel de lenda no ano 1317. O boi é considerado un membro máis da comunidade veciñal, e como tal é tratado. O Concello de Allariz considera de gran valor o enriquecemento cultural que a festa experimentou dende finais do século XX, e o seu programa de actos é un bo exemplo do que o compromiso veciñal e o traballo comunitario poden conseguir, e este concello sintese orgulloso desa realidade, e a participación cidadá ten nesta festa un bo exemplo, dende a estrutura organizativa e o financiamento, que é asumido polos propios veciños coas súas contribucións individuais. A participación cidadá, o respecto polas persoas e polos animais e polo patrimonio monumental e natural son eixos do traballo municipal que teñen acaído reflexo na Festa do Boi. Como consecuencia deste e outros valores, a festa tense convertido nun elemento de dinamización económica, aspecto que, sen ser o máis relevante, non merece ser ignorado, posto que é un bo exemplo de cómo a historia pode converterse nun revulsivo económico e nunha ferramenta para garantir o futuro no rural galego. Por iso, dende o BNG se lamenta que se trate de danar a imaxe do Concello de Allariz terxiversando a realidade da súa tradición máis sentida, ao tempo que agradecemos que o Pleno da Deputación manfeste o seu apoio decidido á Festa do Boi, apoio que, tendo en conta o expresado polo portavoz do PP, debería pasar das palabras aos feitos, polo que piden que, ao igual que acontece con outras expresións culturais de raigame na provincia, a Deputación inclúa unha partida económica nos orzamentos para esta festa – lembra que o ano que ven se cumpre o seu 700 aniversario – pola súa repercusión positiva para a provincia. Anuncia o seu voto a favor.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz de DO,** anuncia a abstención do seu grupo. Di que valoran moito o traballo realizado polo Concello de Allariz en relación coa Festa do Boi, recuperando unha festa medieval e converténdoa nun referente no calendario das festas. Pero tratan de ser sensibles a tódalas sensibilidades sociais, e como dicía o portavoz do BNG, hai unha gran participación cidadá na Festa do Boi, que é o mellor premio que pode ter esta festa, o refrendo do pobo. Neste senso, non tenden moi ben que a Deputación teña que posicionarse nunha cuestión que involucra unha determinada visión ideolóxica do mundo. Di que ata non hai moito o tempo os seres humanos tiñamos unha forte dependencia dos animais para moitas cousas, e os animais eran utilizados como compañeiros (lembra o famoso conto de Castelao no

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

que morría a vaca nunha casa e as persoas choraban como se fose da familia) e foron sempre ben valorados polo pobo galego (apunta que segundo certas teorías, a orixe etimolóxica da palabra galego ou galaico ven dunha verba prelatina que significaba “os pastores das vacas”). Di que tamén eran usados como diversión, efectuando unha serie de consideracións ao respecto desa utilización e da posibilidade de que es uso poida implica un maltrato, facendo fincapé na dificultade de determinar esta cuestión nos casos en que non hai un maltrato físico obxectivo ao animal (pon como exemplo o tema do adestramento aso cans, onde hai expertos que aseguran que o can goza ao ser adestrado). Por esta razón, non se manifestan sobre se o boi sofre ou non na Festa. En todo caso, é unha festa totalmente legal, e os animais non teñen dereitos en sentido xurídico estrito, o que non quere dicir que nós teñamos dereito a facer calquera cousa cun animal. Cre que no futuro é posible que a xente non se divirta correndo diante ou detrás do boi. En resumo, non van apoiar a moción porque cren que o apoio a esta Festa debe vir da propia sociedade, de que a xente acuda libremente a esta festa. Teñen dúbidas sobre o retorno económico, porque nestes asuntos hai moita falacia, e sendo certo que os días da Festa se enchen os bares de Allariz, tamén o é que ese mesmos días baléiranse os de Ourense e outros municipios. Outra cousa sería se a Festa trouxese xente en masa de fóra da provincia, peor a idea que ten é que a maioría dos asistentes á festa son da provincia. En definitiva debe ser a propia evolución social a que determine o futuro da Festa, e haberá que ver se vai a máis ou se, seguindo o que parece ser a tendencia xeral, irá a menos (como no circo romano, que empezou facéndose con persoas, logo con animais de forma non ritualizada, logo con animais de forma ritualizada, ou como se reflicte nas reflexións sobre o maltrato animal que se conteñen na novela *Sangre y arena*, de Vicente Blasco Ibáñez).

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que o seu grupo está a favor da moción, e non van entrar en debates que cren que non nos corresponden. Entende que pode haber persoas cunha sensibilidade animalista moi respectable que consideren que nesa Festa se maltrata o boi, aínda que non comparten ese criterio, que non obstante respectan. Di que non sabe se o Concello de Allariz pediu que se adoptase este acordo, e o di porque cre que as veces o feito de traer estas mocións ten como efecto darlle unha maior importancia a certos debates da que realmente poden ter. Di que o que resulta estraño é que o Sr. Presidente poida levar case seis horas mirando para a parede do fondo e alleo aos debates, e iso si que é algo que non se comprende.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

**Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular,** di que como xa dixo na comisión, as opinións dos que teñen unha valoración distinta da nosa sobre a Festa do Boi merecen todo o respecto, e é difícil ter unha opinión unánime nun tema tan complexo. En todo caso, a Festa do Boi nada ten que ver con outro tipo de festas ou espectáculos nos que o maltrato ao animal é manifesto. En canto ao que dicía o portavoz de DO, pregúntalle se o can goza cando xa está adestrado pero en cambio sofre durante o adestramento, porque en moitos adestramentos o que se fai é aplicar o vello experimento de Pavlov, como cando se adestran cans para a policía, e habería moito que discutir ao respecto. No futuro é posible que exista un boi electrónico que vaia polas rúas de Allariz, e benvido sexa se iso chega a ser así, e pregúntase tamén se non habería que debater o sufrimento das formigas no entroido de Laza, por exemplo, e isto demostra que levar o debate a estes extremos fai moi difícil chegar a algunha conclusión. Entende que debe apoiarse esta festa, e outras moitas que hai na provincia, e nada máis.

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG,** coincide co Sr. Doval nos seus argumentos, e fai fincapé no dato de que a finalidade da Festa do Boi non é facer sufrir ao animal, di que non sabe se o boi sofre ou non pero dende logo non se pode comparar con outro tipo de festas ou espectáculos como os taurinos, nos que a finalidade é o sufrimento e a morte do animal, e é evidente que non teñen nada que ver, polo que este debate sobre o maltrato dos animais en relación coa Festa do Boi está totalmente fóra de lugar.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO,** di que en ningún momento afirmou que a finalidade da Festa do Boi fose maltratar ao animal, e que o único que dixo era que eles non saben se o animal se sente maltratado ou non, porque en DO non hai ningún experto en etoloxía que poida dicir si o animal se sente maltratado ou se entra no xogo. Respóndelle ao Sr. Doval reiterando que os expertos din que os cans gozan durante o proceso de aprendizaxe, porque teñen certo grao de intelixencia, son animais superiores e gústalles entrar no xogo de aprender, e é probable que o boi goce na festa, pero non o sabe, e como hai sensibilidades en contra, simplemente, como partido, non se manifestan ao respecto. Engade que el coñece a festa e ás persoas que a organizan, e mesmo pode que acuda, pero agora non está falando dende un punto de vista persoal, senón como representante dos cidadáns. Di que esta institución non é quen de sentar cátedra neste asunto, e que as leis permiten a festa, e polo tanto non hai máis que dicir, quen queira que vaia, e quen non, que non vaia. Engade que o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

exemplo das formigas non lle vale, porque as formigas son animais que están nunha escala filoxenética moi inferior. Reitera a súa posición, considerando redundante apoiar algo que se apoia solo, e que debe sosterse polo simple apoio social, e reitera polo tanto a súa abstención.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que o seu grupo votará a favor porque o sufrimento que pode haber neste salón de sesións como continuemos co debate poder ser excesivo e ao mellor nos acaban botando a todos.

**Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular**, di que cre que está todo dito e que o que procede é someter o asunto a votación.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

A Deputación de Ourense, manifesta o seu apoio á Festa do Boi de Allariz por tratarse dunha festa de arraigamento histórico de case 700 anos, onde se exaltan as tradicións, cultura e demais elementos que contribúen á mellora da oferta lúdica e promocional da nosa provincia.

## **12.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO MES DE XUÑO DE 2016.-**

Trala ratificación, por unanimidade, da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario dá lectura á proposición da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Dona Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista**, di que non ten ningún problema co cambio de data, pero fai unha solicitude ao deputado provincial don Pablo Pérez Pérez, que se leva moi ben co alcalde de Ramirás, para que xestione directamente con el que lle cambie o Pleno en Ramirás dese día para poñelo pola tarde e que non coincida co da Deputación.



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo segundo](#)

Non se producen máis intervencións e por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Fixar a data de celebración do Pleno ordinario do mes de xuño, para o día 30 de xuño, xoves, ás 10.00.

As comisións informativas ordinarias terán lugar os días 15 e 16 de xuño, pola mesma orde que no resto dos meses.

### **13º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-**

O Sr. presidente manifesta que non hai ningunha moción presentada co carácter de urxencia, pero que hai mocións dos diferentes grupos da oposición que non se incluíron na orde do día, polo que lles vai ceder a palabra por se queren defender o seu carácter de urxencia, por orde cronolóxica de entrada no Rexistro Xeral.

### **13ª.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A INCLUSIÓN DUNHA PARTIDA ORZAMENTARIA NA VINDEIRA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS REFERENTE Á ESTRADA OU-0807 A SAN VICENTE DE LEIRA (N.º RE 14.241).**

O Sr. presidente manifesta que esta moción xa foi ditaminada en comisión e cédelle a palabra ao Sr. Bautista Carballo para que defenda a urxencia da moción.

**Don Miguel Bautista Carballo, portavoz do Grupo Socialista**, di que a urxencia, igual non a ten, porque despois de máis de vinte anos o mesmo da igual, pero entende que é urxente, ademais de que foi un asunto que se presentou por vía normal, é dicir, antes da convocatoria do Pleno, e neste caso hai veciños e veciñas de San Vicente no salón de sesións, e gustaríalles poder tratar esta moción hoxe.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que sendo un problema que leva tantos anos non o ve como urxente, porque nese caso habería que consideralo urxente tódolos meses. Cre que hai un tema que debe quedar claro debido á

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

polémica que hai sobre isto. Di que no actual mandato corporativo, os plenos veñen durando entre catro e cinco horas, como se demostra hoxe, e se todos os grupos presentamos tres mocións, esgotando os tempos que nos corresponden (oito minutos na primeira intervención e catro na segunda) só nas mocións, considerando trinta minutos por moción, estaríamos seis horas, e iso sen contar os demais asuntos. Pide que sexamos todos responsables, porque hai un pacto non escrito dende hai anos de presentar cada grupo un máximo de dous mocións sen descartar que poidan xurdir asuntos urxentes de verdade, e non por razóns de picaresca política. Neste caso, di que hoxe nin sequera se trouxo a Pleno un expediente de modificación de créditos no que puidese ter cabida a proposta contida na moción, e ademais este é un asunto de máxima complexidade. En todo caso, ofrecéuselle ao Sr. Gómez Pérez que escollese, das tres mocións presentadas, dúas delas, e deixar a terceira para o vindeiro Pleno. Non acepta este ofrecemento, mantendo a petición de que se inclúsen as tres mocións, e ante isto o Sr. Presidente o que fixo foi incluír na orde do día as dúas que primeiro se presentaran por orde cronolóxica, sen máis, e en todo caso o portavoz do Grupo Socialista non priorizou esta moción sobre outras. Aínda así, anuncia que o Grupo Popular votará a favor da declaración de urxencia da moción, por respecto aos veciños e pola importancia que este asunto ten para o pobo de San Vicente de Leira.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a urxencia no tratamento da moción, que é aprobada por unanimidade, abríndose o debate sobre o fondo do asunto. A Presidencia cédelle de novo a palabra ao Sr. Bautista Carballo para que defenda o contido da moción.

**Don Miguel Bautista Carballo, portavoz do Grupo Socialista**, di que antes se lle deu a medalla de ouro a *Los Suaves*, e agora propón que se lle dea a medalla de ouro da paciencia aos veciños de San Vicente de Leira, porque levan vinte e tres anos. Pregúntalle aos deputados do Grupo Popular, a maioría dos cales son alcaldes, se poden imaxinar que un pobo leve cun sinal de acceso prohibido, dende o ano 2009, na estrada provincial que leva a ese pobo. Gustaríalle pedirlle disculpas aos veciños e veciñas de San Vicente e a Enrique Barreiro como alcalde de Vilamartín, por ter sido incapaz, como deputado provincial, de convencer ao Grupo Popular para resolver este problema, porque esta xa é a terceira moción sobre este asunto que trae, houbo outra en 2012 e outra en 2014, e espera que esta sexa a derradeira e os veciños poidan volver para as súas casas polo menos cunha

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016**

boa noticia. En 2014 o Grupo Popular xa presentara unha emenda, que a verdade que soaba ben, e consistía en constituír un grupo de traballo para o estudo específico desta problemática, composto por un representante de cada grupo político, convidando tamén a participar a un representante de cada grupo político do concello e un representante dos veciños e veciñas do pobo, comentando que en todo caso xa non se lle chamaba comisión, senón grupo de traballo. Ademais, acordouse licitar, nun prazo de dez días, a elaboración dun proxecto de trazado que contemple unha solución definitiva que garanta a seguridade, en condicións de seguridade, das veciñas e veciños do núcleo de San Vicente, e que dito proxecto de trazado se sometese a información pública coa garantía de participación dos veciños e veciñas. Por último, acordouse tamén requirir á Confederación Hidrográfica do Miño – Sil para que no prazo máximo de dez días se pronunciase sobre o cumprimento da normativa medioambiental na alternativa de trazado remitida pola Deputación. Isto acordouse en febreiro de 2014, e xa pasaron dez días, e máis outros dez días, e mil días, e en todo caso hai máis de dous anos, e cre que todos o prazos previstos xa pasaron. Di que neste Pleno se discute con frecuencia de competencias propias e impropias, se subvenciona isto ou aquilo, e dende logo o estado en que se atopa a estrada OU – 0807 de titularidade desta institución, iso si é unha competencia propia, ao igual que vixiar que se alguén dana esa estrada se lle pidan responsabilidades a esa persoa ou esa empresa, e competencia propia é que unha vez que esa estrada quede intransitable se garanta que os veciños e veciñas teñan un acceso digno ás súas propiedades. Lembra que no Pleno de 2012 houbo un deputado que dicía que este problema xa ven do século pasado, e sexan moitos ou poucos os veciños de San Vicente, hai que buscarlle unha solución, xa que as súas vidas e as dos traballadores que traballan nesa zona están en perigo polo risco de derrubamentos. E o propio Sr. Álvarez Dobaño dicía naquela sesión que a responsabilidade do grupo de goberno era atopar unha solución, pero que a oposición tamén as podía achegar, e non só pedir que se busquen. Pois ben, a oposición fai nesta moción unha proposta: aprobar unha modificación de crédito nos vixentes orzamentos de 2016 por un importe de 1.500.000 € para as actuacións iniciais na estrada OU-0807 a San Vicente de Leira, e incluír nos vindeiros exercicios orzamentarios as partidas necesarias para a conclusión de dita obra. Iso é todo, nesta primeira intervención.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, lembra que este asunto foi ditaminado en comisión, e di que lle parece moi ben o dixo o Sr. Álvarez Dobaño no trámite de debate da urxencia do asunto, pero hai algo que non encaixa cando se lle di aos grupos da oposición que presenten as mocións para o seu debate en comisión, si cando se presentan e debaten en tempo e forma logo non se inclúen na orde do día; e di que si se invoca agora ese acordo tácito de non presentar máis de dúas moción parécelles ben, pero se pregunta entón para qué se enviou unha circular dicindo que as mocións tiñan que presentarse antes das comisións. Di que na comisión informativa pediu información sobre este asunto, e malia que a moción estaba presentada cuns días de antelación, e que o grupo de goberno tivera tempo para compilar a información oportuna, alí ninguén lle dixo nada. Como o BNG si fai os deberes, vai expoñer os antecedentes deste problema. Di que o problema arranca dende moito antes do ano 1993, no que os desprendementos producidos na ladeira eran bastante frecuentes, incluso antes de que a louseira Canteras de Villamartín, S.L. (Cavima) estivese explotando a ceo aberto. Este problema foi derivando en sucesivos preitos, e así houbo un preito por vía penal no ano 1994 no que a Deputación reclamou cen millóns das antigas pesetas polos danos producidos por Cavima na estrada, e nesa querela se solicitaba ademais a suspensión da actividade da devandita canteira, suspensión que foi contestada pola empresa aducindo que estaban en xogo moitos postos de traballo. Xa entón o BNG, a través do deputado Antón Sánchez Rivero, visitou a zona, para poder comprobar *in situ* o estado da estrada, podendo constatar o seu deterioro ademais de evidencia que un tramo de aproximadamente dous quilómetros desaparecera totalmente. Tamén os veciños e veciñas, que levan anos reclamando unha solución, presentaron na Deputación no ano 1998 un escrito, avalado por numerosas sinaturas, pedindo a reposición do viario e unha solución definitiva para estabilizar a ladeira e arranxar a estrada. O litixio entre a Deputación e a empresa rematou dun xeito mais propio dun *culebrón* que doutra cousa, cando a conselleira – delegada da empresa presenta diante da Fiscalía Especial para a Represión dos Delitos Económicos relacionados coa Corrupción, unha denuncia contra o daquela enxeñeiro – xefe do Servizo de Vías e Obras, don Manuel Rodríguez – Portugal Maceda, por considerar que tiña intereses espurios na paralización da explotación louseira, e que pretendía a través de sucesivos informe técnicos beneficiar a Pizarras Gallegas S.A., outra empresa emprazada tamén en San Vicente, constatando documentalmente que este enxeñeiro e o representante

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

da empresa compartían sociedade nunha empresa inmobiliaria. Non era esta a única vinculación que Cavima atopou, pois tamén se constatou a existencia doutro vínculo societario coa filla de entón delegado provincial de Industria, don Alfredo Cacharro Pardo, que fóra especialmente belixerante, ao dicir da empresa, para que esta paralizase completamente a actividade que estaba a desenvolver. Cavima, como responsable principal do deterioro da estrada, na defensa da súa explotación e dos sesenta e dous postos de traballo, ofreceu a posibilidade de financiar con 500 millóns de pesetas posibles solucións, presentando varios proxectos, un proxecto alternativo que contou co informe negativo do enxeñeiro – xefe de Vías e Obras, e outro a través da construción dun viaduto, proxecto que foi recurrido pola competidora Pizarras Gallegas. Pero á marxe de todas esta historia de enredos o que cómpre é buscar dunha vez por todas unha solución técnica que resolva o problema de vez e que contente aos veciños, para que poidan transitar pola estrada en condicións de seguridade, pero tamén ter en conta que todas estas cuestións que se acaban de referir tamén explican en parte o porqué a día de hoxe a estrada esta aínda sen arranxar. Anuncia o seu voto a favor da moción do Grupo Socialista, e di que hai unha emenda do Grupo Popular, na que se di que a Deputación executará as obras necesarias para garantir a accesibilidade en condicións de seguridade ao núcleo de San Vicente de Leira, tan pronto se determine tecnicamente cal é a mellor das opcións propostas, tomando as decisións orzamentarias que procedan para que sexa unha realidade á maior brevidade posible. Di que este tipo de emendas o único que fan é desvirtuar a proposta orixinal e en todo caso, nun problema que leva xa varios anos, no que houbo varios debates, que o Grupo Popular se atreva a presentar unha emenda de substitución a unha proposta de acordo concreta e precisa e que si significaría un avance no problema, e que digan que “tan pronto se determine tecnicamente cal é a mellor das opcións propostas, tomando as decisións orzamentarias que procedan”, parécelle unha tomadura de pelo, neste caso aos veciños de San Vicente de Leira.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz de Democracia Ourensana,** di que levou unha sorpresa hai algúns plenos cando o voceiro do Grupo Socialista dixo que este problema estaba aínda sen solucionar, porque este é un asunto que ven do ano da polca, e lémbrese do titular na prensa de entón, na que saía o entón presidente da Deputación, dicindo que a empresa esnaquizara a estrada, co que semellaba que a Deputación ía tomar

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

cartas o asunto, pero polo que se ve a cousa segue exactamente igual moitos anos despois. Con respecto á emenda do PP, di que é unha obviedad que se debe definir tecnicamente a solución, porque iso, dicir cómo se debe arranxar a estrada, corresponde aos técnicos, igual que é evidente que fai falla unha partida orzamentaria para financiar a actuación, co que non entenden moi ben esta emenda qué é o que quere dicir. Di que van votar a favor da moción, porque cren que hai que dar unha solución aos veciños, e que a emenda lles parece totalmente transparente, e case nin é unha emenda, porque só di cousas que son obvias. E subliña que isto si que é unha competencia directa e obvia da Deputación, ter en perfecto estado as estradas da súa titularidade.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** lémbrale ao Sr. Rodríguez Suárez que a competencia para fixar a orde do día é do Sr. Presidente, e que hai un pacto ao respecto das mocións, e outra cousa é que se queira respectar, e si os grupos o que queren é que botemos aquí máis de seis horas debatendo mocións dos grupos pois non hai ningún problema, como se queren que veñamos ás sete da mañá e marchemos cando sexa, e pídelles que sexan responsables, porque algunha vez traerán unha moción soa, e agora queren traer tres porque interesa porque hai *tufillo* electoral. Di que o Sr. Ojea Bouzo non semella ter moita información sobre a problemática desta estrada, porque ve a cousa demasiado doada, pero o grupo de goberno e os veciños, que levan anos reivindicando unha solución, saben que non é tan doado. Di que o seu grupo presentou esa emenda de substitución, que está bastante clara, porque non é posible neste momento presentar outra, e o que fai o Sr. Bautista Carballo é poñer 1,5 millóns porque non se lle ocorreu ningunha outra cifra, porque tamén podía ter posto 4,5 millóns, ou 7,8 ou 10, porque as alternativas son varias, das que logo falará. Di que se executará a obra cando se saiba realmente qué obra é, e lembra que aínda non se sabe cal é a mellor alternativa, e cando se saiba, conforme ás disponibilidades orzamentaria, farase a planificación correspondente, e este é o compromiso firme e determinante do Sr. Presidente diante do alcalde de Vilamartín de Valdeorras que nos acompaña hoxe entre o público, así se dixo e así se fará. Hoxe non procede, por moito que esteamos en pre- campaña electoral, aprobar isto, primeiro, por extemporánea, por oportunista e por electoralista, e o portavoz do Grupo Socialista o sabe igual que o sabe el.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

**Don Miguel Bautista Carballo, portavoz do Grupo Socialista**, solicita que, dado que hai xa precedentes ao respecto, que se permita o uso da palabra a un representante dos veciños de San Vicente de Leira, e que sexa el quen lles diga se acepta ou non a emenda de substitución que propón o Grupo Popular. Di que si os veciños aceptan a súa proposta, o Grupo Socialista a aceptará tamén.

O **Sr. Presidente** di que si ningún grupo ten inconveniente, un representante veciñal pode empregar os catro minutos de intervención que corresponderían ao portavoz socialista.

Co asentimento dos grupos, a Presidencia autoriza a intervención.

**Don Leopoldo Nogueira González, portavoz dos veciños de San Vicente de Leira**, levántase do seu asento entre o público e toma asento no escano do portavoz do Grupo Socialista, que se senta ao seu carón.

**Don Leopoldo Nogueira González, portavoz dos veciños de San Vicente de Leira**, di que xa estivo aquí, se mal non lembra, o día 28 de febreiro de 2014, polo mesmo problema que se está a tratar agora. Di que naqueles momentos se lles dixo dende aquí, o propio Grupo Popular, que nunca habería problemas para arranxar a estrada, pero hoxe vemos que estamos na mesma situación. Se lles dixo, polo Grupo Popular, que nunca se faría nada en contra da vontade dos veciños do pobo de San Vicente. A vontade dos veciños do pobo de San Vicente é manter a estrada, tal e como estaba, dende o momento en que foi feita, e xa nos están agora con varios proxectos, co que non se está a respectar a vontade dos veciños de San Vicente. En segundo lugar, co que aquí se nos propón, na emenda do Grupo Popular, di que a poden meter onde certo personaxe literario metía os cartos, así de claro.

Nese momento, prodúcense aplausos dunha parte do público.

Continúa **don Leopoldo Nogueira**, para advertir que se non teñen no día de hoxe, peor moi rapidamente, unha proposta que os convenza, os veciños do pobo de San Vicente, xunto co seu tamén veciño e alcalde de Vilamartín de Valdeorras, quedarán pechados nesta Deputación mentres non teñan unha resposta. Di que xa está ben, despois de vinte e tres anos, que se lles siga tomando o pelo. Primeiro non se podían facer as obras porque a empresa estaba traballando, pero agora a empresa leva máis dun ano parada, e estamos no mesmo estado, e isto é o que ten que dicir. Agradece ao Sr. Presidente e aos deputados que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

o deixaran falar, e reitera que quedarán sentados no salón de sesións á espera dunha solución.

Unha parte do público aplaude a intervención do Sr. Nogueira, que abandona o escano.

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que dicir o que di a emenda do PP e non dicir nada é practicamente o mesmo, e isto podería estar ben se fose un problema de hai tres meses, pero despois de vinte e tres anos, isto é dicir nada, e a proba a temos no que acaba de expoñer o portavoz dos veciños.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz de DO**, di que o Sr. Álvarez Dobaño falaba de varios proxectos, pero segundo nos acaba de dicir o portavoz dos veciños, o único proxecto que queren é deixar a estrada como estaba, se mal non entendeu, e pide que o portavoz popular lle explique cómo está a estrada, despois de que a esnaquizase a empresa, e si é que esta colgada dun precipicio.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que vai tratar de ser obxectivo e limitarse a dar datos o respecto deste problema, facendo unha breve recensión das actuacións que se teñen levado a cabo nesta estrada. Engade que comprende o *cabreo* dos veciños ante un problema de tantos anos e cunha demanda lóxica e razoable pola súa parte. Di que a Deputación contratou a elaboración do proxecto de trazado coa empresa G.O.C., e está en marcha neste momento, e que xa se levou a cabo a execución do acondicionamento da conexión da estrada municipal que da acceso a San Vicente coa OU - 0807, e deste xeito se evitan as zonas de perigo que afectan a ambas vías, garantindo a accesibilidade ao pobo. Ademais, estase redactando un proxecto de acceso alternativo para as louseiras, que está incluído no Plan Provincial deste ano, estando incoado o expediente de expropiación. Di tamén que se programaron varias reunión informativas cos veciños no Concello de Vilamartín, así como actuacións de control topográfico, para controlar os movementos da estrada, e control visual polo persoal da Deputación. Procedeuse ao corte físico da estrada en situacións de perigo grave, e realizáronse tres reunións do grupo de traballo cos afectados. En resumo, este é un vello, complicado e sensible problema, non o nega, que arrancou alá polo ano 1988. O 7 de maio de 2014 adxudicouse a asistencia técnica para a redacción do proxecto de trazado de acceso ao núcleo de San Vicente, á empresa G.O.C. O 12 de novembro solicitouse prórroga por non autorizar os propietarios



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

dos predios a realización dos ensaios xeotécnicos previstos, para o que houbo que incoar expediente de ocupación temporal dos terreos o 23 de febreiro de 2015, consignándose conxuntamente as indemnizacións o 3 de agosto de 2015. Entre o 5 e o 11 de agosto de 2015 se realizaron as catas e sondaxes sísmicos e físicos necesarios para o estudo previo de trazado para a súa tramitación, e o 23 de outubro de 2015 enviáronse solicitudes de informe do estudo previo de trazado ao Concello de Vilamartín, á Confederación Hidrográfica, á Dirección Xeral de Enerxía e Minas e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Contestaron o Concello e a Confederación, sendo o último oficio de data 26 de xaneiro do presente ano, do Concello, que enviou dous informes: un, asinado polo Sr. Alcalde, no que recolle a opinión dos veciños, e outro do técnico municipal, bastante distinto, porque os veciños falan de recheo e o técnico municipal fala incluso dun viaduto, e por iso se pregunta unha vez máis cal é o orzamento que estima necesario o portavoz socialista, se 1,5 millóns ou 3,6 ou 10,11 millóns de euros. Di que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas informou o pasado 16 de novembro de 2015 que non procede informe, e solicitou varias copias de documentación á Deputación, que as remitiu o 2 de decembro, e o 16 de xaneiro a Consellería solicitou informe a esta Deputación sobre o proxecto, así como a Patrimonio, Confederación e Conservación da Natureza, e agora estamos á espera do informe final do órgano de avaliación ambiental, e cónstalles que estará emitido antes do verán. Reitera o compromiso firme e determinante do Sr. Presidente de, unha vez acreditada a viabilidade técnica e económica da solución, e di que a dotación orzamentaria farase de xeito plurianual, de acordo coas disponibilidades. Di tamén que a situación mudou nos últimos tempos, e cónstalle que Medio Ambiente, Urbanismo e a Confederación Hidrográfica informaron negativamente a renovación da concesión mineira, o que quere dicir que en certo modo se facilitan as cousas. Ese é o compromiso do Sr. Presidente e do seu equipo de goberno.

**Don Miguel Bautista Carballo, portavoz do Grupo Socialista**, di que o da rendibilidade política de que lle acusa o Sr. Álvarez Dobaño vai ser difícil, porque non cre que o Goberno da Nación vaia mudar porque os veciños de San Vicente teñan unha estrada. En canto á pregunta que de onde sacou a cifra de 1,5 millóns de euros, di que o que queren os veciños o grupo de goberno sabe o que custa, porque teñen ese proxecto, e pide que llo digan. Pídelle ao Sr. Presidente, encarecidamente, que reciba aos veciños de San Vicente e

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

ao Sr. Alcalde de Vilamartín, e podemos irnos todos tranquilos a casa e podemos ver a final da Copa de Europa mañá.

O **Sr. Presidente** di que non ten ningún problema en recibir aos veciños cando remate a sesión.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 13A da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo terceiro A](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda formulada polo Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Popular (14), o voto en contra dos/das deputados/as do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana.

A continuación somete a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), e o voto en contra dos/das deputados/as do Grupo Popular (14).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

A Deputación executará as obras necesarias para garantir a accesibilidade en condicións de seguridade ao núcleo de San Vicente de Leira, tan pronto se determine tecnicamente cal é a mellor das opcións propostas, tomando as decisións orzamentarias que procedan para que sexa unha realidade á maior brevidade posible.

**13ºB.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DAS DEFICIENCIAS NA A-52 (N.º RE 14.724).-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Suárez para que xustifique a urxencia da moción.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que esta moción foi presentada lamentablemente cun día de retraso sobre a data de realización da comisión informativa correspondente. Di que como acaba de suceder coa moción que acaba de tratarse, non pode xustificar a urxencia porque non é un asunto de vida ou morte. Pero canto antes se trate, sería mellor, en beneficio dos cidadáns da provincia, porque calquera que circule pola A – 52 pode constatar cal é a súa situación. Polo exposto, solicita a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

declaración da urxencia para que poida adoptarse o acordo de requirir ao Ministerio a emenda do estado de conservación e mantemento desta vía de comunicación .

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, reitera o xa dito anteriormente: somos catro grupos nesta Corporación, temos máis medios que nunca, temos máis dedicacións exclusivas que nunca, e pide que sexamos respectuosos cos cidadáns, porque todos sabemos qué asuntos son urxentes polo seu contido e cales o son por puro oportunismo político, e coincidirá con el en que as gretas na A – 52 non son de onte, nin de antonte, polo que non logra entender que se pretende coa presentación desta moción e onde está a urxencia. Polo tanto, aínda valorando a boa fe no contido e probablemente no acto da súa presentación, non van recoñecer a existencia da urxencia, polo criterio que está a seguir nesta cuestión o Grupo Popular.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 13B da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo terceiro B](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a declaración da urxencia da moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra dos/das deputados/as do Grupo Popular (14), polo que non procede ao seu tratamento.

**13°C.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS QUE FAVOREZAN A TRANSPARENCIA NO SISTEMA DE CONTRATACIÓN DE OBRA PÚBLICA (N.º RE 14.898).-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Pérez Jácome para que xustifique a urxencia da moción.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana**, di que a urxencia ven dada porque canto antes se tome o acordo que propón, menos corruptelas haberá aquí e máis cartos haberá para os cidadáns, porque sairán as obras máis baratas, porque si se licitan as obras as empresas irán sempre á baixa. E ademais é urxente por outro asunto, porque ten que ir declarar ante a Fiscalía o día 9 de xuño, porque puxo unha

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

denuncia contra o Sr. Presidente por este asunto, e terá que levar a información actualizada. O Sr. Presidente irá a declarar despois.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que os argumentos que expuxo en relación coa moción do BNG valen tamén para esta, e anuncia que o Grupo Popular vai votar en contra da declaración de urxencia. Pregúntase para qué queremos os medios de que dispoñemos nesta Deputación. Di que moitas veces escoita ao Sr. Pérez Jácome dicir que as mocións non serven para nada, e nalgunhas cousas incluso coincide con el, peor hoxe presenta dúas mocións, e ademais por urxencia, e pregúntase qué busca con isto. Di que a proposta é totalmente extemporánea, e que tempo terá cando se presenten os orzamentos do ano 2017, porque o Plan Provincial de 2016 está xa aprobado e en execución, e polo tanto, as medidas que propón só se poderían aplicar a partir de 2017. En todo caso, quere dicirlle ao Sr. Pérez Jácome que da a impresión de que en certo descoñecemento sobre este asunto, e dille que a Deputación executa agora mesmo en exclusiva os plans provinciais despois de que o Estado deixara de co - financiarlos dende hai algúns anos. A Deputación achega o 100 % do importe, sen que os concellos teñan que poñer cartos para a obra, e ademais hai unha axuda de 3.000 euros para os gastos de dirección de obra, e di que o Plan Ourense 15 – 19 reflicte claramente a decisión deste grupo de goberno e do seu Presidente, pasando de 50.000 euros a 60.500 nos catro anos de mandato, e tamén na entidade local menor de Berán.

**Don Gonzalo Pérez Jácome** di dende o seu escano que a este paso xa daba tempo a debater a moción.

**Don Plácido Álvarez Dobaño** di que só quere dar uns datos, e que para dispoñer deses 65.000 euros hai que dispoñer dos recursos, e no 2019 cada concello disporá desa cantidade. Di que a Deputación pode adxudicar obras directamente ata un importe de 200.000 euros, porque o permite a Lei, e ao mellor as modificacións que propón o Sr. Pérez Jácome hai que facelas nos parlamentos. En todo caso, foi este Presidente o que, a solicitude de ninguén, porque ninguén llo pediu, autolimitou esa facultade ata 60.000 euros, tal e como anuncio no Debate sobre o Estado da Provincia do ano 2015. E, por certo, para Transparencia Internacional a área de contratación é das máis valoradas desta Deputación, e é cando menos curioso que onde o Sr. Pérez Jácome pon a dúbida un organismo de tanto

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

prestixio como Transparencia Internacional non pon ningunha dúbida e incluso nos valora positivamente.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que antes saíu á oficina do seu grupo e estivo facendo unha aposta a ver quen defendía a posición do PP n moción de San Vicente nesta, e aportou polo Sr. Álvarez Dobaño e non se equivocou, porque dende logo é necesario alguén de nivel para defender o indefendible e facelo, dentro do que cabe, o mellor posible. Pero aínda así, isto non é de recibo, porque emprega uns argumentos que dende logo chaman a atención. É certo que temos máis medios, e o PP os que máis, sete asesores para responderlle case a diario a el e pouco máis, e teñen dedicacións exclusivas, máis que o seu grupo, e algunhas para vir aquí a insultar e facer o ridículo. Polo tanto, pide que non acusen aos demais de ter medios cando logo traen mocións e o Grupo Popular impide que se debatan, porque isto é o colmo, e é o colmo porque se emprega o argumento peregrino de que hai un acordo tácito de traer dúas mocións, cando aos que traen dúas mocións ni llas aceptan, co que están quedando á altura do betume, para variar, porque nin sequera son capaces de defender os seus propios argumentos. Di que a calidade democrática que se instaurou aquí dende que está este Presidente é ningunha, e iso é indignante, porque queren taparlle a boca á oposición, e iso é lamentable, e di que os deputados do PP, que moitos deles son alcaldes, non poden permitir máis esta situación porque a un señor se lle fose a cabeza, e esa é a realidade. Di que cómo poden dicir que a moción de DO non é urxente, cando é evidente que o é, e o propio Sr. Álvarez Dobaño deu uns datos, e se podía ter debatido esta moción e cada un expoñer a súa visión, e incluso é moi probable que o Grupo Socialista coincidise co Grupo Popular nalgunhas cousas. Dille ademais ao Sr. Álvarez Dobaño que o importe dos contratos menores de obra non é de 60.000 euros, senón de 50.000 máis IVE, e cónstalle que o sabe, porque é un excelente alcalde e un excelente secretario. É certo que a Lei permite adxudicar directamente, pero non impide que por exemplo se poida convidar a tres empresas para que presenten ofertas. E doutra banda, aquí se está a adxudicar obras sempre ás mesmas empresas, que ese é o espírito do que se ven a falar, e hai dúas ou tres empresas que se reparten contías millonarias e teñen vinculacións co PP, que iso é do que non se quere falar, non da Lei, senón do fondo, porque onde xorden dúbidas é nese tema, e por tanto, claro que é un tema urxente. Di que para que non haxa dúbidas neste asunto, o seu Grupo propón que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

se abra un proceso selectivo de empresas interesadas en contratar, e que se puidese presentar a empresa que queira, en principio da nosa provincia, e que se valoren esas empresas en base a diversos criterios de clasificación empresarial e solvencia técnica, de acordo co que establece a Lei, e unha vez que elaboremos ese listado se podería ir tirando da lista para que todas as empresas poidan traballar, algo semellante á bolsa de emprego que xa ten a Deputación, e nese procedemento se pode implicar á Asociación de Construtores da provincia, que poderían canalizar ás empresas interesadas en realizar estes traballos. Outra proposta é que as obras sexan executadas por empresas dos concellos nas que estean radicadas, e se non existen neses concellos, que sexan os limítrofes e os da comarca. Xa ve que sinxelo é debater de forma construtiva si se quere, e entende que ao Sr. Álvarez Dobaño o poñen – Plácido ao rescate – cando o Sr. Presidente ten que tapar outras cousas. Engade que no seu concello el non ten contratacións a dedo, e que sempre invita a varias empresas, outra cousa é que se presenten ou non, pero iso pode ser doado de comprobar, e convida a algunha deputada a que rebusque a ver si isto que di non é verdade, rematando coa advertencia de que aínda está agardando que se lle pidan desculpas pola inxuria de que foi obxecto a súa persoa no debate do punto 2º, e se non e así, terá que tomar outras medidas.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** dille ao Sr. Gómez Pérez que temos os medios que nos corresponden pola representación que aquí temos, e que pactamos entre todos, agás o desmarque, habilidoso como sempre, porque semella Amancio nos seus mellores tempos, do Sr. Pérez Jácome. Di que non quere entrar en tecnicismos, pero contratos menores son unha cousa e os contratos por procedemento negociado, con ou sen publicidade, son outra, pero insiste en que o Sr. Presidente autolimitou a súa capacidade porque así o quixo, ninguén llo pediu, nin a oposición nin o propio Grupo Popular.

**Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO,** di que isto lle lembra á enfermeira que espertaba ao paciente e lle dicía: “¡esperte, esperte, que é hora de tomar o somnífero!”. Pois isto igual: dedicóuselle a debater a urxencia máis tempo que á moción, e pide que lle expliquen isto. Dille ao Sr. Álvarez Dobaño que se dedicou todo o rato a dicirlle que non tiña nin idea deste asunto, e claro, quitoulle a oportunidade de informarse ao respecto ao non permitir o debate da moción, co que agora, cando vaia declarar na Fiscalía o 9 de xuño, o Sr. Álvarez Dobaño terá que acudir con el.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 13C da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo terceiro C](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a urxencia da moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra dos/das deputados/as do Grupo Popular (14), polo que non procede o seu tratamento.

**13ºD.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á RETIRADA DO AVAL ECONÓMICO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE AO CLUB OURENSE BALONCESTO (N.º RE 15.199).-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Pérez Jácome para que xustifique a urxencia da moción.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana,** xustifica a urxencia da seguinte moción dicindo que o Club Ourense Baloncesto necesita o diñeiro o día 15 de xuño, e por tanto, se isto non é urxente, apaga e ímonos, aquí non vai xustificar nada, que fagan o que queiran.

**Don Juan Anta Rodríguez, portavoz do Grupo Popular,** di que a proposta de DO carece de obxecto, e de momento non hai ningún aval posto, e polo tanto, entende que non é urxente, por carecer de obxecto.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** pide que conste en acta que se desmarca ante calquera responsabilidade que como deputado poida non ser legal, segundo se di noutras institucións, porque se debater esta cuestión no vai afrontar esa responsabilidade; cre que ante algo así, perderse en cuestións semánticas raia na indecencia política.

**Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de DO,** di que isto lle parece unha auténtica tomadura de pelo, algo que non é normal agora no Sr. Presidente, que está pensando en reunirse con eses veciños para ver se lle da tempo a coller o avión e marchar xa para Milán. Dille ao Sr. Presidente que ten dúas denuncias saídas de DO, unha polo tema das obras e outra polo tema do hotel, e di que é un megalómano, que se cre por enriba de todo, como

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

din os americanos é unha persoa das que *take it for granted*, que toman as cousas como que semella que lle viñeron, e claro, regaloulle todo o seu pai, e por iso non aprecia as cousas, pero cando teña que declarar ante a xustiza, e lle abran xuízo oral e o seu partido lle pida que dimita non vai dimitir, vaise aferrar a esa cadeira como unha lapa, e a ver se entón se lle quita ese engreimiento que ten, e co que vai facer co COB estase a gañar a terceira denuncia se fai algo ilegal, que todo apunta a que o vai facer, porque é moi difícil que encaixe esa achega de cartos.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 13D da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo terceiro D](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a urxencia da moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra dos/das deputados/as do Grupo Popular (14), polo que non procede o tratamento da dita moción.

### **13º. E) MOCIÓN DE DIVERSOS COLECTIVOS CIADÁNS SOBRE O USO DE GLIFOSATOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

Antes de entrar no apartado de control e fiscalización, **dona Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista**, manifesta que hai presentada unha moción, dirixida aos catro grupos provinciais, por parte dun grupo de colectivos, referida ao uso de herbicidas con glifosato nas áreas de actuación da Deputación Provincial de Ourense. Di que ela mesma, no pasado pleno, preguntou si se ía continuar aplicando herbicida con glifosatos, ao que o presidente contestou que el particularmente non o aplicaba. De todos é coñecido que el directamente non o aplica, pero como responsable da institución é o que o manda aplicar aos técnicos do servizo. Hai un cartel nunha estrada de Piñor que anunciaba que se ía aplicar onte, día 26, e incluso incluía a porcentaxe do glifosato que se ía aplicar nesa estrada. Pregunta se esta moción é urxente ou non, porque algo haberá que responder, ou si se vai tratar nunha vindeira sesión plenaria.

O **Sr. Presidente** responde que isto non é unha moción, é unha proposta que lle fan chegar aos catro grupos da Corporación, para que algún dos grupos se faga coa súa autoría.



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

Ata agora isto non se produciu, pero se a Sra. Lama asume en nome do Grupo Socialista esta moción, pódese debater a urxencia do seu tratamento.

A **Sra. Lama Fernández** asume a presentación da moción en nome do Grupo Socialista.

A continuación o Sr. presidente somete a votación a urxencia da moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourenzana (2) e do BNG (1) e o voto en contra dos/das deputados/as do Grupo Popular (14), polo que non procede o tratamento da dita moción.

**14.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE DELEGACIÓN EN DON ROSENDO LUÍS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DA REPRESENTACIÓN DA PRESIDENCIA DA DEPUTACIÓN NA COMISIÓN DE DEPUTACIÓNS, CABIDOS E CONSELLOS INSULARES DA FEMP, PARA O 19.05.2016.-**

Dáse conta do seguinte Decreto:

**“D E C R E T O:** *Ourense, 16 de mayo de 2016*

*Vista la convocatoria de la reunión de la Comisión de Diputaciones, Cabildos y Consejos Insulares de la Federación Española de Municipios y Provincias para el próximo día 19 de mayo de 2016, y ante la imposibilidad de asistencia por parte de esta Presidencia, en el ejercicio das facultades que me confiere el artículo 34.1.b) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local y al amparo de lo previsto en el apartado 2 del citado artículo 34, **DISPOÑO:***

*Delegar en don Rosendo L. Fernández Fernández, vicepresidente 1º de la Diputación Provincial de Ourense, la representación que corresponde a la Presidencia de esta Diputación Provincial en la Comisión de Diputaciones, Cabildos y Consejos Insulares de la Federación Española de Municipios y Provincias para el día 19 de mayo de 2016, habilitándolo para concurrir a dicha reunión en representación de la Diputación Provincial con voz y voto*

*Lo manda y firma el Presidente de la Deputación Provincial, y de todo esto como secretario doy fe”.*

**15.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:**

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de abril de 2016 e 1º adicional de marzo de 2016.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

- Deputado delegado de Facenda: mes de abril de 2016 e dos seguintes adicionais: 3º adicional de xaneiro, 2º de febreiro e 1º de marzo de 2016.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de abril de 2016.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de abril de 2016.

**16º.- ROGOS E PREGUNTAS.**- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta que teñen formuladas, por escrito, varias preguntas para que se respondan. Entende que debe ser o Grupo Socialista o que faga as preguntas e o presidente respondelas, non como se fixo no pasado pleno.

O **Sr. Presidente** pregúntalle ao portavoz socialista se esas preguntas son para resposta por escrito no pleno.

O Sr. **Gómez Pérez** aclara que fixeron as preguntas por escrito para a súa resposta no Pleno.

O **Sr. Presidente** di que no escrito que presentou o Grupo Socialista dise o seguinte: *anuncia, para resposta polo presidente no Pleno ordinario, as seguintes preguntas que formulará este portavoz.* É por iso que lle cede a quenda de intervención, porque así o di no escrito que presentaron. Di que é diferente ao escrito que presentaron no Pleno anterior, no que non anunciaron que ía formular oralmente eles mesmos esas preguntas.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, formula as seguintes preguntas:

1ª.- O Regulamento Orgánico aprobado no ano 2012 regula a Xunta de Portavoces como fórmula entre a Presidencia e os portavoces dos grupos políticos, para acordar os asuntos para incluír nas sesións do pleno e outros asuntos que revistan carácter político e institucional. Este órgano leva unha longa temporada sen o presidente, que ademais decide sen ter en conta as opinións dos grupos. ¿Cándo vai asistir o presidente ás reunións da Xunta de Portavoces que convoca e preside?

O **Sr. Presidente** responde que asistirá cando o considere conveniente.

O Sr. **Gómez Pérez** di que moi ben, ou sexa, nunca, como ata agora.

2ª.- No pasado pleno realizamos pregunta sobre a situación da reclamación

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

patrimonial do Concello de Ribadavia ante esta Deputación e tamén ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil relacionada co campo de fútbol de herba artificial. ¿Qué se leva feito neste tempo en relación coa solución a este grave problema e as consecuencias que se derivan? ¿Cál é a proposta concreta para resolver este problema e en qué prazo?

O **Sr. Presidente** responde que os servizos técnicos da Deputación están elaborando unha proposta sobre esa situación, e cando a coñeza a fará pública e actuarán en consecuencia.

O **Sr. Gómez Pérez** rógalle ao presidente que respecte esta institución e ao alcalde de Ribadavia e que o primeiro que teña coñecemento desa proposta sexa el, así se poden evitar cousas como que unha resposta que se fai desde o Grupo Popular se utilicen datos económicos para dicir que o Concello de Ribadavia lle debe tanto a esta casa, cando ao mellor é esta casa a que lle debe tanto ao Concello de Ribadavia ou máis.

3ª.- O Grupo Socialista ten varias solicitudes de información por escrito pendentes de ser contestadas. Algunha se ten reiterado en diferentes sesións das comisións informativas. Hai unha que se refire aos datos das persoas que forman parte de Aquaourense e remitíronnos un simple organigrama sen que se nos faciliten os nomes de empregados e directivos. ¿Cando vai o presidente dar a información sobre as persoas que están contratadas en Aquaourense? Sabe que xa lle responderon, pero quería facer esta cuestión porque non é de recibo que minutos antes do pleno reciban a contestación de varias preguntas que levan meses sen contestar (amosa un sobre con toda a documentación que lles chegou hoxe). Isto non é talante de transparencia e democracia e ao mellor habería que trasladarlle isto a Transparencia Internacional.

4ª.- Temos observado que con frecuencia as viaxes do presidente non figuran na axenda pública. Recentemente vimos como o pasado día 4 de maio o presidente tivo actividade en Madrid sen que figurara na axenda, incluíndose varios días despois. No día de hoxe non existe axenda da próxima semana. ¿Ten previsto o presidente algunha viaxe a Madrid na próxima semana?

O **Sr. Presidente** responde, en relación coa anterior pregunta sobre a relación coas persoas que están contratadas en Aquaourense, que se vai cumprir o que determinou a Axencia Española de Protección de Datos e que coñece o Grupo Socialista, que dicía que non existe habilitación legal que poida amparar a cesión pretendida nos termos do artigo 11 da Lei

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

orgánica de protección de datos, apartado 1.a), en relación co artigo 77 da Lei de Bases de Réxime Local, polo que non poderán comunicarse datos de carácter persoal nos termos solicitados.

En relación coa pregunta de se ten prevista algunha viaxe a Madrid na próxima semana, contesta que no apartado Axenda da web da Deputación, figura desde o día de onte, que foi cando o convocaron, que o día 31 de maio de 2016 estará ás 11.00 horas: Xunta de Goberno da FEMP. Ás 12.30 horas: no Consello Territorial da FEMP.- Ás 16.00 horas: Comisión Permanente da Fundación Democracia e Goberno Local da que forma parte esta Deputación e ás 16.30 horas na Xunta de Goberno da Fundación Democracia e Goberno Local.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, faille un rogo ao Sr. presidente para que llo transmita ao Sr. Secretario sobre o tema da protección de datos. Sons conscientes das leis e do que acaba de dicir o Sr. Presidente, pero non saben cando se respecta unha cousa ou cando se respecta outra. Di isto porque quere saber se os grupos da oposición non teñen dereito a saber cales son as persoas que integran a empresa mixta, na cal esta institución ten participación. Cre que o dereito á información como oposición ten que estar por enriba do que acaba de dicir o Sr. Presidente. Lembra que isto xa se fixo outra vez e se lles deu a mesma resposta e resulta que estaban publicados os nomes na páxina web (para sorpresa do Sr. Secretario ao que deixaron quedar bastante mal). Insiste en que cre que é obrigación do goberno dar esa información ao Partido Socialista e se non se lles dá, terán que optar pola vía administrativa pertinente para pedila.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana**, pregúntalle ao Sr. Presidente onde se vai situar no estadio de San Siro.

O **Sr. Presidente** responde que estará hoxe, mañá e pasado na provincia de Ourense todo o día.

As intervencións íntegras deste punto recóllense no punto décimo sexto da vídeo acta da sesión, e están dispoñibles no seguinte enlace: [ver punto décimo sexto](#)

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de maio de 2016</b>
--

E, ás 16.00 horas do día vinte e sete de maio do ano dous mil dezaseis, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**